

Eleccións Xerais 2004

Útil para Galiza
útil para ti.

Marzo 2004
O momento de Galiza



www.bng-galiza.org

Eleccións Xerais 2004

Marzo 2004

I. O BNG NAS CORTES: GARANTÍA DA PRESENZA DE GALIZA.....	3
I.1. O Goberno do PP e Galiza: a incidencia do BNG como oposición.....	3
I.2. O avance do BNG, chave para modificar un deseño estrutural contrario aos intereses de Galiza.....	6
I.3. A importancia crucial das eleccións xerais de marzo de 2004: os obxectivos do BNG como obxectivos de Galiza.....	6
II. ALTERNATIVAS DO BNG NA POLÍTICA ESTATAL.....	8
II.1. POLÍTICA SOCIAL.....	8
II.1.1. Política laboral e de emprego:.....	9
II.1.2. Protección social:.....	11
II.1.3. Asistencia sanitaria:.....	12
II.1.4. Servizos sociais:.....	13
II.1.5. Vivenda.....	14
II.1.6. Emigración:.....	15
II.1.7. Inmigración:.....	16
II.1.8. Igualdade de xéneros:.....	17
II.1.9. Mocidade.....	19
II.1.10. Outras propostas de política social:.....	19
II.2. POLÍTICA DE INFRAESTRUTURAS E DE SERVIZOS DO TRANSPORTE.....	20
II.2.1. Ferrocarrís.....	21
II.2.2. Estradas.....	22
II.2.3. Aeroportos.....	23
II.2.4. Portos.....	23
II.2.5. Tráfico marítimo.....	24
II.3. POLÍTICA PARA A DEFENSA E A CONSERVACIÓN DO MEDIO AMBIENTE.....	24
II.3.1. Protección integral e a rexeneración medioambiental da costa galega:.....	26
II.3.2. Mellora ambiental de Galiza:.....	27
II.4. POLÍTICA EDUCATIVA E CULTURAL.....	28
II.4.1. Universidade.....	30
II.4.2. Cultura.....	30
II.4.3. Lingua.....	31
II.4.4. Deporte.....	32
II.5. POLÍTICA PARA O DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO.....	33
II.5.1. Política industrial activa.....	33
II.5.2. Impulso das novas tecnoloxías.....	34
II.5.3. Promoción da investigación científica e da innovación.....	36
II.5.4. Política enerxética.....	38
II.5.5. Apoio ao comercio.....	39
II.5.6. Política agraria e de desenvolvemento rural.....	40
II.5.7. Política pesqueira.....	43
II.6. POLÍTICA FISCAL.....	47
II.7. POLÍTICA DE SEGURANZA E XUSTIZA.....	50
II.7.1. Seguraza cidadá:.....	50
II.7.2. Seguraza vial:.....	51
II.7.3. Xustiza:.....	53
II.7.4. Forzas Armadas:.....	54
III. O BNG COMO GARANTÍA PARA O AVANZO DO AUTOGOBERNO.....	55

III.1. A interpretación do marco constitucional e as consecuencias da súa evolución.....	55
III.2. O avance no autogoberno no marco vixente.....	56
III.2.1. A reforma estatutaria	57
III.2.2. O avance na soberanía financeira.....	60
III.3. Superación do marco actual. Reforma constitucional:.....	67
IV. A POLÍTICA DO BNG NO ACTUAL MARCO INTERNACIONAL.....	69

ELECCIÓN XERAIS 2004

I. O BNG NAS CORTES: GARANTÍA DA PRESENZA DE GALIZA

A presenza do BNG nas Cortes do Estado garantiu o debate e tratamento dos problemas de Galiza como nunca se tiña feito até o momento. Pódese afirmar que, por vez primeira, na etapa democrática actual, Galiza non estivo ausente, anulada e silenciada, como durante todos os anos en que, basicamente, só foran elixidos deputados e deputadas de partidos de ámbito estatal. Ao longo de case 20 anos o Congreso e o Senado viviron e actuaron de costas a Galiza, por mor do silencio de quen debiera representala. O pobo galego non pode nin debe esquecer esta verdade, esta experiencia sintomática, para valorar en toda a súa dimensión o papel do BNG, a súa necesidade vital. Analizar e avaliar os debates e iniciativas parlamentares do período 1996-2004 a respecto de Galiza e contrastalos cos habidos entre 1977-1996 demostra de forma contundente que o BNG é a única garantía da existencia do noso país, dos seus problemas e reivindicacións na política estatal.

Para alén desta garantía, a presenza do BNG significou, consecuentemente, un posicionamento sempre favorábel a impulsar a mellora das condicións socioeconómicas das clases traballadoras no conxunto do Estado, un dique para un maior deterioro do benestar social e dos servizos públicos en xeral e a defensa dos dereitos e liberdades fundamentais fronte á involución antidemocrática no Estado. **Este perfil a prol das maiorías sociais, dos dereitos e liberdades democráticas, da fundamentación da democracia política no benestar e a xustiza social, é unha consecuencia lóxica do seu carácter nacionalista. A igualdade entre os pobos, a igualdade social, a consciencia de que os dereitos das persoas só son verdadeiramente garantidos se se respectaren os dereitos dos pobos, son esteos básicos do nacionalismo galego.** É imposible articular un Estado español democrático se a súa estrutura institucional non reconece o seu carácter diverso, plurinacional, plurilingüe e pluricultural. O avance do nacionalismo galego é substancial para a consecución deste Estado democrático, socialmente xusto, favorábel á convivencia pacífica entre os pobos e a un marco en que existan diálogo e paz internacionais. O nacionalismo é a antítese dos deseños prepotentes e militaristas dunha grande potencia para o control do mundo. Non é casualidade que o maior deterioro das liberdades e dereitos democráticos se produza no Estado español en paralelo coas campañas antinacionalistas e cos procesos de recentralización do Estado levados a efecto polo Goberno do PP. Como non deixa de ser significativo que a precarización laboral e a mingua de dereitos para os traballadores e traballadoras acompañen este proceso de centralización e o entusiasmo belicista e imperialista do Goberno Aznar na escena internacional. **O BNG representa unha oposición activa e eficaz contra estas políticas antisociais, recentralizadoras e pro-imperialistas, en definitiva fundamentadas na desigualdade, desde a nosa perspectiva nacional galega. Son esta perspectiva e estes intereses lexítimos os que deben ser afortalados para ben do noso país, Galiza, da democracia no Estado e da xustiza no mundo.**

I.1. O GOBERNO DO PP E GALIZA: A INCIDENCIA DO BNG COMO OPOSICIÓN

O Goberno do PP viuse obrigado durante estes últimos anos pola presenza e activismo do nacionalismo galego, concretamente nas Cortes Xerais, a facer que facía, a dar solución a algúns problemas, a recorrer á propaganda abafante para se xustificar ou confundir a opinión pública de Galiza. **En certa maneira, acabou o mutismo dos Gobernos de España con Galiza, malia non se findar a aplicación dos seus deseños discriminatorios e marxinaidores, a tendencia a nos anular politicamente, a facer todo o posible para que esteamos, naturalmente, ausentes da política estatal como pobo diferenciado, para que non tomemos consciencia dos nosos dereitos en canto tal.** Neste sentido, non deixa de ser unha evidencia que calquera cesión ou solución do Goberno central aos nosos problemas só se fai despois de moitos esforzos e presións.

Poñamos tres exemplos ilustrativos do que vimos de afirmar. Fica claro que o Goberno do PP acabou por aceptar **planos de modernización dos camiños de ferro na Galiza**, a comezar polo Eixo Atlántico, grazas ao traballo e á presión política do BNG na sociedade e nas institucións, para o que a presenza en Madrid foi elemento chave. Tiveron que pasar dunha actitude despótica e indiferente, primeiro, a outra descaradamente discriminatoria, ilusoria e enganosa despois, para remataren, ao fin, coa aplicación efectiva de proxectos aceptábeis, en ocasións, e discriminatorios e lentos na súa execución, noutras. **Tiveron que aceptar, certamente, a nosa reivindicación, integrarnos nos seus deseños de modernización, mais estano a facer cunha propaganda desconsiderada en contraste cos feitos e o horizonte temporal das obras.**

O accidente e posterior catástrofe do “Prestige” foi tamén indicativo por moitas razóns. Hai temas que non son prioridade do Goberno, en concreto a seguranza marítima, e menos o era a sensibilización e preocupación pola incidencia de mareas negras nas costas de Galiza. **Pensaron que o accidente do “Prestige” sería outro máis, sen a menor reacción social, e, xa que logo, natural nunha zona como esta.** Mais houbo varios factores que o diferenciaron do último acontecido en 1992: foi a pinga que colmou o vaso, e nesta ocasión coa evidencia pública da indiferenza e despreocupación gobernativa, da falta de medios e do servilismo da Xunta co Goberno de Madrid; **o BNG tiña presenza nas Cortes e colocou o problema no centro do debate parlamentar coas súas iniciativas;** a sociedade galega, organizada, expresouse de xeito masivo en protesta contra o Goberno central e o autonómico. Sintomaticamente, unha das poucas defensas do PP nos debates parlamentares era a de que, en 1992, ningún partido con presenza nas Cortes fixera alí un labor de oposición e reivindicación en defensa dos afectados pola catástrofe do “Mar Exeo”, en contraste coa dinámica parlamentar que se creara co “Prestige”. Mesmo afirmaban que tiveran que chegar eles ao Goberno en 1996 para solucionaren o problema das indemnizacións do “Mar Exeo”, solución derivada das iniciativas en tal dirección do BNG desde ese mesmo ano, como non se atreveron nunca a desmentir.

O Goberno tomou axiña, dentro das medidas que o BNG exixía, aquelas que lle eran básicas para o control social das persoas afectadas (as axudas durante os meses que non puideron faenar). En segundo lugar, atendeu a limpeza da costa máis cun criterio de salvar as aparencias que dunha rexeneración medioambiental concienzuda e a medio prazo. En terceiro lugar, dentro da súa estratexia de non asumir responsabilidades, dedicouse a reivindicar cambios na legalidade marítima internacional e a impulsar modificacións legais internas de eficacia cativa, mais de intención propagandística. Foi, ao cabo, a propaganda abafante a que determinou a súa conduta, en continuidade do control da información que practicou desde o inicio do accidente, especialmente desde os medios de comunicación de titularidade pública. A mesma evolución da actitude pública do Presidente do Goberno foi sintomática: da inicial indiferenza e negativa a se achegar a Galiza, ao desembarco en xaneiro na Coruña para, en reunión do Consello de Ministros, aprobar un suposto “Plan Galicia”, que non é máis que unha fraude, pois non representa ningún novo investimento na Galiza no período 2000-2007 que non estivese xa acordado e planificado con anterioridade á catástrofe, agás ese célebre proxecto de parador na Costa da Morte.

Galiza mereculles, cercados pola maior deslexitimación e descrédito social e político que padeceron nunca, moitas palabras de amor, solidariedade e preocupación. Porén, investimentos de choque cero. Limitáronse a reasignar fondos xa orzamentados, coa impagábel colaboración da Xunta de Galiza, sempre tan submisiva, que debeu facer fronte ao 75% do gasto social provocado en axudas aos afectados de primeiro nivel, máis de 20.000 persoas. Velaí todo un síntoma da concepción de fondo que teñen do noso país. A firme e masiva resposta social de dignidade, protesta e reivindicación, e a presenza constante, incisiva e á procura de solucións desta problemática nos Parlamentos de Madrid e Santiago, foron claves para conseguir a atención do Goberno aos afectados de primeiro nivel, para que non se puidese desfacer do problema, para aparentar que se fai, para se ver obrigado a campañas de pro-

paganda intoxicadoras, e tamén para executar con maior dilixencia obras de infraestruturas xa planificadas anteriormente e que se adiaban no tempo.

O problema de fondo é evidente. **Non faltou capacidade reivindicativa nin presenza do problema nas institucións. Cómpre outro goberno na Galiza, outros interlocutores para se relacionaren desde a Xunta da Galiza co Goberno do Estado, e tamén máis peso político da Galiza e outra función dentro do Estado, rachando co actual deseño estrutural que nos considera marxinais, naturalmente sen dereito a outro futuro.** Para iso cómpre máis peso do nacionalismo dentro e fóra do país. Só a presenza e o avance do nacionalismo garante a súa defensa e os seus dereitos, como vimos coa catástrofe do “Prestige”. Esta lección de dignidade e consciencia colectivas conseguiu a preocupación do Goberno, por máis que non a súa implicación a fondo para paliar as consecuencias da catástrofe. En calquera caso, indica a tendencia dos Gobernos de España a tratar os problemas de Galiza como secundarios ou, de se veren obrigados, en última instancia, a lles procurar saídas limitadas. **A materia pendente está en reducir e anular o número de colaboradores internos con que contan no noso país. Hai unha boa oportunidade votando o BNG nas eleccións xerais de marzo de 2004.**

A terceira exemplificación debe ter un carácter xenérico. **O reparto competencial existente no Estado determina que a solución ou a atención a moitos problemas de todo tipo –cultural, lingüístico, social, económico, de infraestruturas e servizos no noso país–, dependa de decisións políticas ou actitudes da Administración Central.** O BNG, contra vento e marea, fixo un seguimento continuo da aplicación da legalidade lingüística vixente para que organismos como os Rexistros Cívicos e Mercantís, a Administración de Xustiza, AENA, os distintos organismos ministeriais na Galiza respectasen esa legalidade, defendendo sempre os dereitos lingüísticos dos utentes do noso idioma, que padecen en moitos casos discriminacións contrarias aos dereitos humanos máis elementares. Este seguimento e esta preocupación, no que atinxe a Galiza, corre nas Cortes por conta en exclusiva do BNG. Do mesmo modo, o BNG impulsa e preme para que distintos colectivos de traballadores e traballadoras, entre eles os autónomos e os/as traballadores/as do mar, melloren as súas coberturas sociais, o mesmo que os cidadáns emigrados en Europa e América. Son moitas deficiencias, retrasos, problemas de infraestruturas que o BNG axuda a solucionar ou, cando menos, a atender polo Goberno, coa súa actividade parlamentar en Madrid. Os Ministerios de Fomento e Medio Ambiente son conscientes de que son enxergados nas súas actuacións en practicamente toda Galiza e todos os concellos afectados por demoras ou deficiencias na execución de obras destes Ministerios e con reivindicacións pendentes de atender contaron coa colaboración entusiasta e constante do BNG para que fosen solucionadas e atendidas... **Nada hai que afecte a vida material de Galiza que non sexa obxecto da nosa preocupación, até o extremo de que podemos afirmar que, en termos relativos, e tendo en conta que os deputados do BNG foron durante esta lexislatura tres, dun total de vintecinco elixidos por Galiza, a problemática do noso país é a que tivo maior presenza cuantitativa no Congreso dos Deputados.**

I.2. O AVANZO DO BNG, CHAVE PARA MODIFICAR UN DESEÑO ESTRUCTURAL CONTRARIO AOS INTERESES DE GALIZA

Mais o deseño estrutural que Galiza padece non mudou. Este deseño é especialmente visíbel no demantelamento progresivo dos sectores produtivos básicos do país: o agro-gandeiro, o sector naval e o pesqueiro. A pesar de seren estes obxectos privilexiados da nosa actuación política nas Cortes, o resultado na modificación do deseño é cativo, ao seguirmos submetidos a continuas reestruturacións que reducen o peso destes sectores na economía produtiva sen seren compensados por outros cualitativamente importantes. O resultado é que Galiza ten a súa poboación estática, envellecida, cunha das taxas de actividade máis baixas do Estado (53.4), cunha taxa de desemprego por cima da media estatal (12.35), con emigración de mozos e mozas cualificados, coa natalidade máis baixa do Estado (7.18), con crecemen-

to vexetativo negativo (-8.925 no ano 2002), sen converxer en renda coa media estatal ou europea (a Renda Bruta Dispoñíbel per cápita pasou de supor 87.49% da media estatal en 1995 ao 86.05% no ano 2001); en definitiva, con todos os índices regresivos, que se consolidaron ou inclusive se incrementaron. **Esta situación non só non resulta preocupante para o Goberno, senón que a considera natural, dentro dun deseño estrutural que só ve á Galiza na súa funcionalidade para o Estado, nunca na súa potencialidade en si e para si.** Deste xeito, o Goberno considera que Galiza é fonte de enerxías naturais; espazo para unha parte da industria naval militar, coa exclusión da construción civil; terra dedicada á produción de madeira para a industria papeleira, prohibida para a agricultura; interesante para as actuacións de multinacionais dedicadas á produción industrial en grandes piscifactorías nas costas e rías; condenada ao sector servizos, entre eles o xa tópico do turismo; e pouco máis, sen peso político nin demográfico dentro do Estado. **Desde logo, un deseño contrario a un desenvolvemento autocentrado e endógeno.** Loxicamente, este deseño necesita unha Galiza que non conte con institucións reais de autogoberno, submisa politicamente, sen autoorganización política, social e sindical, sen conciencia da súa potencialidade nin da súa diferenza cultural e lingüística, acomplexada e sen acreditar na súa capacidade económica, política e cultural. Nunha palabra, unha Galiza sen un movemento nacionalista forte, controlada polas forzas do bipartidismo estatal, que comparten o deseño que padecemos. **Velaí por que é tan importante o avance do BNG en todos os procesos electorais, e de xeito especial nestas eleccións xerais que se celebrarán en marzo de 2004.**

I.3. A IMPORTANCIA CRUCIAL DAS ELECCIÓNS XERAIS DE MARZO DE 2004: OS OBXECTIVOS DO BNG COMO OBXECTIVOS DE GALIZA

Vanse celebrar estas eleccións nun contexto crucial para o futuro do Estado español e o papel de cada unha das nacións que o compoñen. Galiza necesita ter máis peso e capacidade para defender os seus dereitos e intereses nese novo e relevante contexto. **Non pode ficar atrás máis unha vez.** Non esquecemos que Galiza terá que premer moito máis para ter o mesmo trato que outros, conseguindo modificar a “natural” disposición a nos esquecer e nos anular. **Cómpre que o noso instrumento de defensa teña máis peso, que o BNG aumente a súa representación nas Cortes Xerais. Os obxectivo están claros:**

- 1. Galiza non pode ficar á marxe do debate constitucional e estatutario. Galiza ten que conseguir as cotas de autogoberno necesarias para cambiar o deseño estrutural que padece e un estatus dentro do Estado español que acabe coa súa marxinação.** Cómpre non quedarmos atrás nos procesos de reformas estatutarias e de posíbel reforma constitucional que, inevitabelmente van comezar, sempre desde a nosa perspectiva e desde os nosos intereses. Galiza ten que facer ouvir a súa voz no proceso de modificación do Estado cara ao recoñecemento institucional do seu carácter plurinacional.
- 2. Hai que rachar o pacto implícito PP-PSOE para deixar Galiza como unha Comunidade Autónoma de segunda categoría,** fóra do proceso de recoñecemento de competencias que se fará con Catalunya e Euskadi, nunha especie de relacións asimétrica co Estado. O recoñecemento de Galiza cun ámbito competencial especial conlevará o equilibrio necesario do Estado e o recoñecemento pleno do seu carácter plurinacional, coa apertura de posibilidades reais de que a relación Galiza-Portugal sexa efectiva en termos de intercambios culturais, sociais e institucionais, coa creación dun grande espazo común, vital para os intereses de Galiza.
- 3. Cómpre conseguir que ningún partido de ámbito estatal teña maioría absoluta. Só así se acadará que o proceso de modificación estatutaria e constitucional vaia adiante e sexa algo máis que unha modificación superficial e sen contido.** O Goberno ten que aceptar que as nacionalidades deben gozar de competencias exclusivas reais e dun recoñecemento específico dentro do Estado español e a súa estrutura institucional.

4. **O BNG, o nacionalismo galego, debe atinxir o aval suficiente nas urnas para poder operar no novo contexto**, sen maiorías absolutas de ningún partido estatal, con capacidade para, non só seguir cumprindo o seu papel de garantir a presenza dos problemas de Galiza e a defensa dos seus intereses nas Cortes, condicionando a posición do PP e do PSOE a este respecto, senón para incidir de forma crucial e definitiva no proceso político que se abre, de maneira que Galiza e os seus intereses non poidan ser esquivados por ningún pacto de Estado.
5. Todo o anterior vai enmarcado dentro da seguranza de que os avances cara ao recoñecemento e a **institucionalización dun Estado plurinacional, plurilingüe e pluricultural conlevarán no avance do benestar social de todos os pobos do Estado, na consolidación da democracia, no respecto polo pluralismo e nun papel máis favorábel á paz** e contrario ao militarismo do Estado español no mundo.

A sociedade galega ten que ser consciente de que non está en perigo a unidade de España. O que está en perigo é a existencia de Galiza, o seu dereito ao benestar, a un futuro certo, con capacidade para desenvolvermos as nosas potencialidades. Temos que optar por outro papel dentro do Estado español. Para que Galiza poida mudar, mellorar, desenvolver as súas capacidades, ser ela, sen renuncias nin submisións, necesitamos outro marco institucional, outra relación dentro do Estado español. Necesitamos crer en nós e que nos gobernen con deseños apropiados aos nosos intereses. **En marzo de 2004, todos e todas temos a oportunidade de colaborarmos co noso voto para non quedarmos atrás, facendo posíbel o esforzo por un futuro diferente.**

II. ALTERNATIVAS DO BNG NA POLÍTICA ESTATAL

II.1. POLÍTICA SOCIAL

A preocupante tendencia de desmantelamento dun sistema xusto de protección social viuse acentuada no período de maioría absoluta do Partido Popular. **Durante estes catro anos o Goberno do PP afondou nunha política social regresiva**, amparado en toda unha ofensiva ideolóxica que pretende asentar a inmutábel idea de seren unicamente as políticas neoliberais as que proporcionan benestar aos cidadáns e ás cidadás. Mais a concreción desas políticas provocou un deterioro grave das condicións sociais e económicas da maioría dos individuos, ao tempo que os desprotexe cara ao futuro perante posíbeis situacións de crise económica.

A política de emprego afanouse en profundizar na flexibilización das relacións laborais, un eufemismo que agacha unha desprotección dos traballadores e traballadoras pola vía da redución dos mecanismos que garanten a estabilidade e calidade do emprego. A evolución do emprego demostra o fracaso da política laboral do PP como creadora de emprego digno e estábel, pois ao mesmo tempo coexisten altas taxas de desemprego (especialmente nos mozos e nas mozas e nas mulleres) e unha elevada precarización na prestación do traballo, ao se incrementaren as contratacións temporais.

A vulnerabilidade dos traballadores e traballadoras viuse acentuada pola redución da protección perante situacións de desemprego, debido ao recorte acometido na “reforma do desemprego”, nun momento en que o superávit do sistema de Seguridade Social permite e aconsella avanzar na dirección contraria, isto é, favorecer a ampliación e mellora das coberturas económicas e sociais dos traballadores e traballadoras.

O sistema de pensións volveu a ser obxecto de mudanzas, orientándoo cara a un modelo asistencial, onde o peso do nivel público se vai minguando en beneficio de opcións privadas para a cobertura social. A implantación do alongamento da vida laboral e a profundización no modelo deseñado desde o “Pacto de Toledo” amosan a insistencia do PP en mercantilizar definitivamente as pensións, e apurar o abandono

- ▶ dun modelo público de protección social que asegura unha redistribución de recursos favorecendo as persoas con menor capacidade económica.

Ao tempo que se priorizan esas reformas, en amplos sectores económicos con importante presenza na Galiza, aínda se mantén unha cobertura social deseñada hai catro décadas, ao non se instrumentar ningún avanza nos tres grandes réximes especiais da Seguridade Social en que están integrados amplos sectores da poboación de Galiza (traballadores e traballadoras do agro, do mar, e por conta propia) que lles permita acceder a prestacións sociais similares ás concedidas no réxime xeral da Seguridade Social. É máis, sen contar coa participación dos representantes do sector agrario galego, o Goberno do PP aprobou no 2003 a paulatina desaparición do réxime especial do agro, a través da súa integración no dos autónomos.

A situación de crise económica dalgúns países acolledores de emigración galega tampouco tivo unha resposta acaída do Goberno. O PP segue a practicar o clientelismo entre a emigración galega, sen promover medidas que faciliten o retorno en condicións dignas e a igualdade real entre os galegos e galegas de dentro e de fóra.

En materia de inmigración, o PP ensinou a súa face máis reaccionaria, ao aplicar unha política de persecución dos estranxeiros en situación administrativa irregular, empregándoos mesmo como pretexto para reformas penais, a través da identificación entre o aumento da inmigración e o incremento dos índices de delincuencia. A política migratoria de “pechamento de fronteiras”, sempre acompañada dunha intensa propaganda gubernamental, é simplemente simbólica, e na realidade conleva unha maior inseguridade xurídica para moitas persoas residentes no Estado que desexan traballar, provocando precariedade e dificultades para poderen levar unha vida digna.

A consecuencia desta política social, caracterizada polo recorte na acción pública protectora, é o aumento das desigualdades e a desaparición de mecanismos que compensen as diferenzas sociais, que cada vez son máis ostensíbeis.

O BNG é consciente que se pode pór en práctica unha alternativa á política antisocial emprendida polo PP, promovendo a conservación e ampliación das conquistas sociais e mais potenciando e reforzando o carácter público do sistema de protección social, pois da vixencia dese carácter depende que se atinxa unha maior xustiza social.

II.1.1. Política laboral e de emprego:

O deterioro da situación laboral na Galiza exige a adopción de medidas encamiñadas a estimular a creación de emprego, vinculándoas ao incremento da capacidade produtiva dos sectores económicos do país, que ademais se caractericen pola súa contribución á creación dun emprego digno e estábel:

- Mudar o réxime das relacións laborais, retomando unha regulación máis equitativa a fin de asegurar que **a contratación indefinida sexa a regra xeral, que se reduzan as modalidades de contratación temporal e que se supriman os contratos laborais en precario**. Proporemos, asemade, que os contratos a tempo parcial de duración superior a dous terzos da xornada habitual sexan convertidos en contratos a tempo completo, e que se limite a flexibilidade na realización de horas complementares no traballo a tempo parcial.
- Modificar a Lei de empresas de traballo temporal, para orientar a súa actividade exclusivamente á funcións moi especializadas ou non habituais nas empresas, en consonancia co que acontece no ámbito europeo.
- **A revisión das políticas de fomento do emprego, concentrando as axudas á contratación de empre-**

go en colectivos específicos con altas taxas de desemprego, e vinculando a súa financiación a fondos do Estado procedentes da recadación fiscal.

- **Avanzar nun mellor reparto do tempo de traballo**, como política creadora de emprego, **incentivando a redución do horario semanal a 35 horas e limitando a realización de horas extraordinarias**, cuxa retribución preferente será por medio de períodos de descanso equivalentes ao tempo extra traballado.
- **Incremento progresivo do salario mínimo interprofesional**, até o situar nun período de catro anos na contía media da Unión Europea.
- **Ampliar a cobertura por prestación de desemprego, mellorando substancialmente os dereitos das persoas en desemprego**, gravemente recortados polo Goberno: **ampliación dos períodos de prestación contributiva por desemprego coa correlativa redución dos períodos traballados exixidos para ter dereito a subsidio**; aumento das contías da base reguladora da prestación por desemprego no caso de parados ou paradas con responsabilidades familiares; tratamento equitativo na definición de rendas exentas a efectos da percepción do subsidio; **adecuación das ofertas de emprego ao perfil formativo e profesional da persoa solicitante**; **extensión da protección por desemprego a todas as modalidades contractuais laborais**; inclusión no ámbito da protección por desemprego dos individuos que realizaren traballos de investigación científica en institucións públicas ao abeiro de bolsas ou axudas; e **restauración da obrigación de aboar salarios de tramitación** na súa integridade nos supostos de despedimentos improcedentes.
- **Someter a un maior control a subcontratación**, especialmente no sector da construción, **evitando a precarización das relacións laborais que leva aparellada**, como aposta para fomentar a maior capacidade profesional dos traballadores e traballadoras, e o incremento da seguranza no traballo.
- Aplicación dun **plano global de acción contra a sinistralidade laboral**, que comprenda: a redución da temporalidade e **o fomento do emprego estábel nos sectores que presentan maiores taxas de sinistralidade**; a intensificación no control das actuacións das empresas e sectores que acumulan maior sinistralidade; **a redución obrigatoria da xornada laboral nas actividades máis perigosas**; o incremento das exixencias sobre condicións e lugares de traballo para garantir uns estándares óptimos de seguranza e saúde laboral; a implantación dun réxime de responsabilidade obxectiva da empresa titular do contrato principal nos casos de subcontratación para evitar a elusión de responsabilidades; o establecemento de mecanismos de promoción profesional para os traballadores e traballadoras que desenvolveren a súa actividade en ambientes prexudiciais para a saúde; o incremento dos recoñecementos periódicos para avaliar a saúde dos traballadores e traballadoras; a posibilidade de acceso voluntario á incapacidade permanente derivada de enfermidade profesional para aqueles traballadores e traballadoras que desenvolveran actividades penosas ou perigosas; e a **posta en marcha de Planos específicos de actuación para paliar a sinistralidade no mar e no agro**.
- **Potenciar a negociación colectiva a nivel da Comunidade Autónoma**, evitando a centralización das unidades de negociación, e, así mesmo, atribuír a lexitimación para negociar nos grupos de empresa aos sindicatos máis representativos a nivel autonómico.
- Promover a **recuperación de poder adquisitivo dos traballadores e traballadoras, co apoio explícito ás subas salariais anuais equivalentes ou superiores ao IPC**, fuxindo da política de contención salarial.
- **A mellora global nas condicións de traballo dos empregados públicos**, coa adopción das seguintes medidas: a **compensación da perda de poder adquisitivo por medio de incrementos anuais superiores ao IPC** coa correspondente dotación orzamentaria; o establecemento de cláusula de revisión salarial aplicábel de xeito automático nos anos de desviación do IPC; a actualización de conceptos retributivos (incremento das pagas extraordinarias, integración dos complementos específicos no soldo base, unificación do concepto de antigüidade, transformación da produtividade nun complemento salarial obxectivo); a consolidación do emprego estábel nas Administracións Públicas; a eliminación das limitacións á reposición de efectivos; a derogación da normativa sobre mobilidade forzosa; e a **negociación obrigatoria cos representantes dos empregados públicos da fixación sobre as retribucións anuais**.
- **A transferencia da xestión íntegra da formación continua a Galiza**, efectuando a territorialización

completa das partidas que integran os fondos procedentes da cota de formación profesional dos traballadores e traballadoras en activo, por medio de criterios obxectivos de reparto.

II.1.2. Protección social:

A evolución da financiación pública en materia de protección social no Estado español indica que aínda existe unha distancia considerábel a respecto da media europea, que mesmo se incrementou na última década, manténdose, xa que logo, diferenzas importantes na converxencia no ámbito social.

A alternativa do BNG baséase no reforzamento xeral do sistema público de protección social, xa que a vixencia do carácter público garante a responsabilidade colectiva e un control democrático sobre a xestión dos recursos destinados á cobertura das situacións de necesidade e ao incremento do benestar dos cidadáns e das cidadás, para alén de vincular a mellora das prestacións asistenciais á situación xeral da economía. A mellora na acción protectora que propón o BNG centrarase nos seguintes aspectos:

- **Incremento do gasto global en protección social** até atinxir, nun período de catro anos, como mínimo o gasto medio en protección social no conxunto da Unión Europea.
- **Aplicar o superávit da Seguridade Social á dotación do Fondo de Reserva e á mellora da acción protectora do sistema**, rexeitando calquera posibilidade de o destinar á redución do endebedamento doutras Administracións Públicas.
- **Mellora das pensións do nivel contributivo da Seguridade Social**, fomentando ademais a solidariedade entre réximes da Seguridade Social, activando mecanismos para destinar superávits no balazo positivo da Seguridade Social á mellora da cobertura protectora nos Réximes Especiais que proporcionan pensións de inferior contía.
- Implantar un plano para **incrementar substancialmente as pensións non contributivas até as situar**, a curto prazo e como mínimo, **en niveis similares ao salario mínimo interprofesional**.
- Derrogar a regulación sobre a retiro flexible, mantendo a idade de xubilación aos 65 anos. **Evitarase, ademais, a financiación pública de prexubilacións en empresas con beneficios**, e, en contraposición, estenderase a xubilación anticipada a todos os traballadores e traballadoras que desenvolveren a súa actividade en situacións de grande esforzo físico, penosidade ou perigosidade.
- **Eliminar as penalizacións á xubilación anticipada unha vez cumprida a idade legal de retiro**, permitindo con iso o cobramento íntegro da base reguladora ao cumprir os 65 anos.
- **Rexeitar as propostas de extensión do período de referencia para o cálculo das pensións de xubilación**, e defender a vixencia do sistema de reparto interxeracional como mellor mecanismo para transferir renda entre activos e pasivos.
- Incremento das pensións concedidas ao abeiro do extinguido Seguro Obrigatorio de Vellez e Invalidez (SOVI) e do Retiro Obreiro, eliminando, ademais, as incompatibilidades existentes na actualidade co cobramento doutra pensión pública.
- Recoñecer as cotizacións efectuadas polas persoas emigrantes en países estranxeiros, con independencia da existencia de convenio internacional en materia de Seguridade Social, para así poder acceder a unhas pensións acordes cos períodos efectivamente traballados.
- Mellora na regulación das pensións de viuvez: recoñecemento como beneficiarios da pensión aos conviventes non casados, concedendo a condición de único beneficiario ao cónxuxe ou convivente que vivía co falecido no momento do seu pasamento.
- Modificar a normativa reguladora da incapacidade permanente, revisando o baremo para a declaración das minusvalías, de forma que se corrixan –con efectos retroactivos– as restricións existentes na normativa vixente para garantir pensións dignas e xustas e se melloren as condicións de acceso a esas prestacións polas persoas afectadas por SIDA.
- Mudar o tratamento das pensións non contributivas por invalidez, para que o ingreso en prisión dos beneficiarios non supoña a retirada ou redución das mesmas. Modificar a normativa reguladora das minusvalías, nomeadamente en relación coa SIDA.
- **Defender a pervivencia do Réxime Especial Agrario da Seguridade Social, paralizándo a paulatina**

integración dos traballadores e traballadoras por conta propia no dos autónomos. Intensificar a súa acción protectora, equiparándoa totalmente coa deseñada para o Réxime Xeral.

- **Acometer mudanzas no Réxime Especial do Mar para permitir a inclusión de todas as mariscadoras a pé,** cotizando nun sistema acorde co traballo real e garantíndolles unha pensión digna ao remate da súa vida laboral.
- **Mudar en profundidade a regulamentación da Seguridade Social das empregadas do fogar, equiparando a cotización e coberturas ás existentes no Réxime Xeral,** e recoñecendo o dereito á prestación por desemprego.
- **Avanzar na plena equiparación da acción protectora do Réxime Especial de Autónomos:** permitir a afiliación dos familiares da persoa traballadora até o segundo grao, percepción das prestacións de xubilación e invalidez ao día seguinte de se producir o cesamento no traballo, e acceso a prestacións por desemprego cando o cesamento na actividade derivar de causas obxectivas.
- Regular os traballos perigosos ou penosos que se realizaren por traballadores e traballadoras por conta propia afiliados/as aos Réximes Especiais da Seguridade Social para permitir reducións na idade de xubilación e poderen acceder as persoas afectadas á xubilación anticipada.

Posibilitar que as persoas que desenvolveren traballos domésticos no seu propio fogar poidan acceder ao sistema público de pensións.

- **Implantación dun salario social de ámbito universal para as persoas maiores de idade que non teñan rendas e se atopan encadradas dentro dos colectivos con maior dificultade de inserción laboral** (mozos e mozas, mulleres, maiores de 45 anos). Este salario consistirá en axudas económicas directas e adicionais para a vivenda habitual.

II.1.3. Asistencia sanitaria:

A consecución da igualdade efectiva no acceso ás prestacións sanitarias de todas as persoas, así como a calidade das mesmas, guiarán a actuación do BNG en materia de sanidade, defendendo as propostas que se expoñen deseguido:

- **Garantir un financiamento suficiente da sanidade pública,** incrementando significativamente o gasto público destinado aos servizos de saúde, dotando un soporte financeiro complementar do actual sistema de financiación autonómica, que permita sanear o actual déficit e asegurar a suficiencia dinámica do sistema, sen implicar a creación de novas figuras impositivas indirectas.
- Compromiso na **mellora dos parámetros de calidade do sistema público de saúde, incremento do catálogo de prestacións a novas especialidades** médicas (odontoloxía, oftalmoloxía, etc.) e farmacolóxicas, e **reforzo da atención primaria** (atención máis demorada e digna dos/as pacientes, incorporación de técnicas diagnósticas e terapéuticas, etc.).
- Defender a unidade de aseguramento na asistencia sanitaria, face ao fraccionamento e á extensión de modelos alternativos aos servizos sanitarios públicos.
- Rexeitamento de novas fórmulas de copagamento, tanto na prestación de asistencia sanitaria como farmacolóxica.
- Impulsar un cambio na política de prestacións farmacéuticas, coa participación de todos os axentes implicados (profesionais da medicina, cidadáns e cidadás, Administracións sanitarias e industria farmacéutica) guiada polos obxectivos da eficiencia no uso dos medicamentos e da equidade no acceso á prestación, e que incorpore as seguintes medidas: revisión da lista de medicamentos financiados a fin de ampliar o catálogo, priorizar a dispensación de medicamentos xenéricos, fomentar envases que conteñan doses reducidas e limitar as prácticas comerciais e publicitarias da industria farmacéutica.
- Conceder maior capacidade de xestión ás Comunidades Autónomas no ámbito farmacéutico: decisións sobre financiación, fixación de prezos e condicións de uso dos medicamentos; participación directa na negociación coa industria farmacéutica sobre límites de gasto; fomento da investigación farmacéutica; e retorno para Galiza das plusvalías derivadas da comercialización de medicamentos no noso país).

- **Efectivización das transferencias pendentes en materia de servizos de saúde** (servizos sanitarios dependentes do Instituto Social da Mariña, de Institucións Penitenciarias, ademais do Hospital Naval de Ferrol) a fin de os integrar nun único sistema galego de saúde, así como do traspaso da plena titularidade dos bens inmoables vinculados aos servizos sanitarios que estean integrados até o de agora no patrimonio único da Seguridade Social.
- Mellorar a asistencia sanitaria e farmacolóxica ás persoas con problemas de saúde mental, aos pacientes que presentan dependencia funcional (minusválidos, maiores), pacientes con toxicomanías, e aos afectados polo virus VIH-SIDA.
- Fomentar a investigación biomédica —incluída a realizada con células nais— na Galiza e no Estado español, así como impulsar a súa defensa nas institucións internacionais, dirixíndoa ao desenvolvemento de novos instrumentos diagnósticos e terapéuticos.
- Impulsar nos Organismos Internacionais competentes unha revisión da normativa sobre patentes biolóxicas e de produtos farmacéuticos, a fin de **recoñecer o dereito dos Estados a producir medicamentos en situacións de emerxencia sanitaria, e a poder adquirilos a prezos asequíbeis para faceren fronte ás súas necesidades sanitarias.**

II.1.4. Servizos sociais:

A cobertura universal dos servizos sociais, baseada en criterios obxectivos que persigan a satisfacción das necesidades básicas, constitúe a garantía para todas as persoas gozaren dun nivel mínimo de dereitos no ámbito económico e social. Así pois, o BNG impulsará medidas neste ámbito que aseguren a prestación equitativa e o alcance por igual a toda a cidadanía do conxunto de servizos sociais, evitando unha concepción paternalista, caritativa ou de beneficiencia dos mesmos:

- **Afianzar o papel dos poderes públicos na prestación dos servizos sociais**, evitando a derivación cara a un réxime orientado para o mercado, dominado pola provisión privada.
- **Incremento das achegas do Estado para a financiación do Plano Concertado para o Desenvolvemento de Prestacións Básicas de Servizos Sociais.**
- Articular, en colaboración coas Comunidades Autónomas, un **Plano de actuación perante situacións de dependencia**, dirixido a persoas con algún tipo de discapacidade e mais a persoas maiores que requiran atención e coidados sociosanitarios específicos.
- Modificar o Plano de Vivenda para mellorar as condicións de acceso e financiación das axudas destinadas a vivenda protexida para persoas con discapacidade: incrementar a porcentaxe de vivendas reservadas a discapacitados, permitir un aumento na superficie construída das vivendas acollidas ao Plano e contemplar un incremento dos fondos específicos para a axuda directa da compra e aluguer de vivenda para discapacitados.

II.1.5. Vivenda

Nos últimos anos vimos asistindo a unha escalada de prezos na vivenda que fixeron inasumíbel para moitas persoas o acceso a unha vivenda digna, afectando esta situación en especial os mozos e mozas. Precisamente, os incrementos máis importantes detectáronse nos últimos cinco anos, coincidindo coa adopción unilateral por parte do Partido Popular de normas liberalizadoras do solo, sen ter e conta a opinión das Comunidades Autónomas e dos concellos, que tamén ostentan competencias nesta materia. **As receitas governamentais para reducir o custo da vivenda causaron o efecto contrario, e a excesiva confianza nun mercado inmobiliario desregulado provocou un maior esforzo por parte de moitos cidadáns e de numerosas cidadás para poderen ter unha vivenda, ao tempo que se favoreceu a especulación en beneficio dos oligopolios inmobiliarios.**

Para alén do fracaso nas políticas do solo, **o Partido Popular abandonou deliberadamente as políticas**

de vivenda en sentido estrito, pois ante a evidencia de inflación dos prezos inmobiliarios por cima dos salarios, diminuíronse progresivamente os fondos públicos para prestar apoio efectivo á demanda, sobre todo á aqueles colectivos con menor renda dispoñíbel.

Galiza detenta competencias en materia de vivenda, mais aínda subsisten aspectos fundamentais cuxa determinación corresponde ao Estado, como é o caso do financiamento e a fiscalidade inmobiliaria. Xa que logo, **o BNG exercerá unha activa actuación para mellorar a política de vivenda actual**, a fin de evitar que a política de vivenda e solo continúe encomendada ás bondades do mercado, así como para mudar a parálise na intervención dos poderes públicos no mercado de vivenda, **recuperando un papel importante para as distintas Administracións na definición e regulación do mercado inmobiliario e no financiamento das medidas de apoio ao acceso de vivenda:**

- Instar á reforma da vixente lexislación sobre valoracións do solo, delimitando máis claramente o chan apto para urbanizar, a introdución de parámetros de cohesión social na ordenación do espazo e de criterios de sostibilidade do modelo urbano de xeito que se vincule o planeamento urbanístico cos outros instrumentos planificadores da xestión dos recursos naturais e coa simplificación do catálogo de valoracións urbanísticas.
- **Incremento dos fondos destinados á promoción pública de vivendas protexidas, refinanciando as achegas do Estado ao vixente Plano de Vivenda.**
- Proceder, de acordo coas Comunidades Autónomas, **a fortalecer a coordinación do Goberno do Estado coas CCAA para garantir a efectividade do Plano de Vivenda**, e a modificación da regulación básica do vixente Plano nos seguintes aspectos: incremento do prezo básico, fixándoo en función do prezo medio da vivenda en cada concello; o aumento da superficie computábel das vivendas protexidas nos casos de vivendas adicadas á rehabilitación; dotar de maior flexibilidade a aplicación do Plano por parte das CCAA; garantir que as vivendas protexidas non teñan que pagar no futuro xuros superiores ao 5 por 100; adoptar medidas condicionadas para o subsidio das unidades familiares que destinaren á adquisición de vivenda máis do 35 por 100 do conxunto da renda familiar; establecer unha liña especial de axudas ás promocións para uso propio en réxime de cooperativa ou xestionadas por entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro; contemplar o apoio á diversificación tipolóxica da oferta de vivendas ou aloxamentos que deren satisfacción ás novas demandas sociais (mozos/as, familias monoparentais, unións de feito, persoas maiores, etc.).
- **A creación de patrimonios públicos de solo**, como sistema de regulación dos prezos do mercado do chan, cooperando coas distintas Administracións para que se impulsen en cada ámbito os devanditos patrimonios inmobiliarios públicos.
- **A dotación, de acordo coas CCAA, de parques de vivendas de aluguer de réxime público**, incorporando incentivos fiscais aos promotores.
- **Potenciar as medidas de rehabilitación de vivendas destinadas a residencia habitual, especialmente en núcleos históricos e no medio rural.**
- Modificar a lexislación patrimonial das Administracións Públicas para que, **nos casos de alleamento de bens públicos que contén con edificabilidade segundo o planeamento urbanístico, se destinen preferentemente á promoción pública de vivenda protexida**, tanto en réxime de propiedade como de aluguer.
- **Restabelecemento dos beneficios fiscais para o arrendamento de vivendas adicadas a residencia habitual**, equiparándoo cos supostos de compra.
- Diminución da presión fiscal soportada polos adquirentes na transmisión de vivendas que foren destinadas a residencia habitual.

II.1.6. Emigración:

A política do BNG a respecto da emigración xirará arredor de dous eixos: retorno e igualdade real. Por unha banda, aspira a que se creen na Galiza as condicións económicas e sociais necesarias que permitan o retorno dos galegos e galegas no exterior que desexaren voltar ao país, remexendo ademais todos os obstáculos que dificultan o retorno e agrupamento dos familiares na Galiza; e, por outra banda, defenderá que os galegos e galegas emigrados conten como cidadáns á hora de accederen aos servizos sociais e prestacións asistenciais básicas:

- Ampliar a posibilidade de outorgar a nacionalidade por “ius sanguinis” aos netos e netas de galegos e galegas nados na Galiza, sen necesidade de residencia temporal no Estado español.
- Deseño dun **Plano de asistencia sanitaria e servizos sociais que permita cubrir as deficiencias dos sistemas sociosanitarios e de protección social dos países de acollida dos emigrantes galegos** que non conten cun sistema sanitario con cobertura suficiente, a fin de garantir uns niveis asistenciais mínimos a todas as persoas emigrantes orixinarias da Galiza.
- **Eliminar as trabas existentes na lexislación para o acceso a prestacións e subsidios de protección social para os emigrantes.** De xeito específico, proporase a reforma do subsidio por desemprego, para mellorar o acceso ao mesmo por parte dos emigrantes, que foi gravemente recortado no “Decretazo” do Goberno.
- Aclarar o réxime de exercicio dos dereitos políticos por parte dos emigrantes que ostentan a dupla nacionalidade, conforme aos tratados internacionais e os convenios de dupla nacionalidade.
- Modificar a lexislación sobre estranxeiros para poderen os/as fillos/as e netos/as de emigrantes galegos entrar e residir en territorio do Estado español acreditando a identidade e filiación, exceptuándolos da aplicación da lexislación sobre estranxeiros.
- **Reformar a normativa electoral co obxectivo de mellorar o procedemento de voto dos emigrantes,** a fin de incrementar as garantías de personalidade e o segredo do voto: establecemento da posibilidade de votar en urnas en mesas electorais situadas en embaixadas, consulados e demais centros oficiais que existan no exterior; perfeccionar o control dos censos de residentes ausentes; garantir a igualdade de condicións na campaña electoral no exterior a todas as forzas políticas; e consideración dos residentes ausentes como electores aos efectos de determinar os Deputados e Senadores que corresponden a Galiza nas Cortes Xerais.
- Modificar a Lei do Imposto Sobre as Persoas Físicas para exceptuar da suxeición á declaración do IRPF dos emigrantes con residencia en Andorra que manteñan a situación de ser traballadores/as por conta allea, diferenciando o réxime tributario daquelas persoas que se establecen nese país por motivos laborais de quen o fai con ánimo de defraudar fiscalmente.
- **Difusión da lingua e cultura galegas nos centros de emigrantes e nas institucións e organismos dependentes do Estado español no estranxeiro,** e inclusión da Lingua, Literatura e Historia de Galiza nos centros españois formativos abertos no estranxeiro para atender a instrución do alumnado de orixe galega.
- Exixir a inclusión regular da lingua galega na programación exterior de RNE e TVE, especialmente daqueles programas dedicados especificamente á emigración.
- **Potenciar os mecanismos de participación institucional entre a emigración e a Administración,** mellorando e complementando o papel que ostenta actualmente o Consello da Emigración.
- Ampliación dos medios humanos e materiais nas Embaixadas e Oficinas Consulares, para axilizar a tramitación burocrática e dotar dunha información máis precisa e rápida aos emigrantes que solicitaren os servizos consulares.

II.1.7. Inmigración:

As sucesivas reformas da lexislación sobre inmigración supuxeron un constante recorte nos dereitos dos estranxeiros residentes no Estado español, que desde o BNG non compartimos por considerarmos que o fenómeno migratorio non debe abordarse desde unha perspectiva estritamente policial, senón apostan-

do por un marco de integración social e a asunción positiva da pluralidade, e pola dignificación do estatuto xurídico dos estranxeiros residentes no Estado español a fin de evitarmos a explotación laboral dos inmigrantes e erradicar xermolos de xenofobia:

- Aprobación dun novo marco xurídico guiado pola necesidade de **afortalar a seguranza xurídica en materia de inmigración, que reduza a marxe de discrecionalidade da Administración e a indefensión que iso provoca nos estranxeiros residentes**, ademais de facilitar a regularización dos inmigrantes residentes no Estado español e evitar o incremento de persoas en situación irregular que serve de caldo de cultivo para a explotación e marxinalidade.
- **Recoñecemento dos dereitos e liberdades fundamentais a todas as persoas residentes** (entre outros: reunión, asociación, sindicación, folga), **así como os dereitos económicos e sociais plasmados na Constitución** (educación, asistencia sanitaria, protección social, acceso á vivenda, etc).
- **Garantir o dereito de asilo**, acometendo as reformas legais necesarias para que as solicitudes presentadas sexan atendidas e resolvidas conforme ao dereito internacional, por medio de procedementos específicos diferenciados.
- Garantir o dereito á integración lingüística e cultural das persoas inmigrantes, desenvolvendo os programas precisos de asesoramento e formación na lingua e cultura de Galiza.
- Eliminar as restricións ao dereito á tutela xudicial efectiva dos inmigrantes, con independencia da súa situación administrativa, ampliando os mecanismos de asistencia xurídica gratuíta e o dereito á defensa en todos os procedementos.
- **Favorecer as condicións para o reagrupamento familiar**, contemplándoo como un dereito do familiar e incorporando criterios humanitarios para autorizar a residencia de familiares.
- Aplicar de boa fe o vixente Tratado de Paz e Amizade asinado en 1870 polo Estado español coa República Oriental do Uruguai.
- Cumprir os Tratados Internacionais ratificados polo Estado español para a protección dos menores estranxeiros, sexa cal for a súa situación administrativa.
- Asinar e ratificar a Convención Internacional para a protección dos dereitos de todas as persoas traballadoras migratorias e dos seus familiares, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 18 de decembro de 1990.
- **Intensificar a cooperación activa cos países en situación de crise económica e social**, a través da **ampliación das partidas destinadas ao Fondos para a Axuda ao Desenvolvemento, e o establecemento de relacións económicas e comerciais xustas** que permitan o progreso económico e a creación de condicións favorábeis para que a súa poboación poida emprender unha vida digna na súa propia terra.

II.1.8. Igualdade de xéneros:

Malia algúns avances, os aspectos centrais da discriminación das mulleres galegas non teñen mudado cualitativamente. Os informes socioeconómicos seguen a describir a persistencia dunha situación de discriminación social das mulleres na Galiza, pois aparecen como maioría en todos os indicadores negativos.

A política do Partido Popular a prol da igualdade de xéneros mesmo significou un retroceso no cumprimento do principio de igualdade real. Por unha banda, aplicou prioritariamente medidas que se centran no tratamento da igualdade dun xeito individual, impedindo con iso reaxir contra os efectos menos vísi-beis da discriminación e articular solucións colectivas que promovan procesos socioculturais de cambio real. Por outra banda, as dotacións de fondos públicos para financiar campañas orientadas á mudanza de comportamentos, valores e actitudes que implican a adopción de roles sociais por razón do xénero foron escasas; ao tempo que non se desenvolveron medidas para fomentar os servizos públicos universais relacionados coa atención á familia, que propicien unha nova situación para as mulleres. Finalmente, a violencia de xenero é un fenómeno latente e preocupante na nosa sociedade, onde as solucións adop-

tadas foron parciais, botando en falta que se abordasen dun xeito integral todos os aspectos relacionados coa violencia estrutural cara ás mulleres existente na sociedade.

O BNG promoverá a **adopción de políticas dirixidas á igualdade real e substancial, a fin de erradicar a discriminación por razóns de xénero, mudar e mellorar a situación social das mulleres, e potenciar a súa presenza activa nos distintos ámbitos da vida social**, favorecendo as condicións persoais e colectivas que posibiliten ese cambio. Para iso, cómpre:

- **Ampliar as medidas relativas á conciliación da vida laboral e familiar**, a través dunha reforma normativa que contemple: a extensión dos supostos de dereito a reserva do posto de traballo; **estabelecer a posibilidade de prórroga do permiso de maternidade a doce semanas máis**; implantar un permiso de paternidade durante as catro primeiras semanas após o parto, independente do da nai, de acordo co principio de non transferibilidade contemplado na lexislación comunitaria; substitución do permiso de lactancia de unha hora diaria por un permiso de redución da xornada laboral para o coidado dos fillos e das fillas; **conceder unha prestación equivalente ao salario mínimo interprofesional durante o período de excedencia para o coidado de fillos e fillas menores e persoas dependentes que leve aparelhada a cobertura das cotizacións sociais e de desemprego**; conceder un dereito de prioridade de permanencia no posto de traballo ás traballadoras con fillos menores de seis anos nos casos de mobilidade xeográfica; **fixar a obrigaón de contar con xardíns de infancia nos centros de traballo con cadro de persoal superior a cincuenta traballadores/as**, en colaboración coas Administracións competentes.
- Vincular, de xeito obrigatorio, a percepción de axudas consistentes en bonificacións nas cotizacións sociais que efectúan as empresas das súas traballadoras en situación de baixa por maternidade á cobertura do posto de traballo por outra traballadora desempregada.
- **Propor a inclusión, nos Programas de Fomento do Emprego, de axudas directas ás empresas que efectúen contratacións paritarias en canto ao xénero dos seus traballadores e traballadoras naquelas empresas onde as mulleres estiveren subrepresentadas.**
- **Adoptar medidas para combater dun xeito global a violencia de xénero**: eliminar o concepto de habitualidade na tipificación de delito de agresión e incluír a violencia psíquica (tratamentos degradantes, insultos, vexacións, restricións á liberdade, dano de autoestima, etc.) como elemento típico dese delito; regulación máis exhaustiva dos criterios de adopción de medidas cautelares por parte de xuíces e xuízas para evitar a disparidade na aplicación das mesmas; contemplar como medida cautelar automática a privación do dereito de tenencia de calquera tipo de armas; modificar as normas de reparto nos Xulgados para que os asuntos relativos á violencia de xénero recaian nun xulgado especializado; reformar a normativa sobre Seguridade Social para permitir compatibilizar as axudas de subsidio por desemprego e as rendas mínimas por inserción social coas indemnizacións por responsabilidade civil que percibiren as vítimas de violencia de xénero.
- Vixiar o cumprimento da “Orde de protección ás vítimas de violencia de xénero”, e reclamar a dotación orzamentaria suficiente para asegurar a súa plena efectividade.
- **Constituír un Fondo de Garantía de Pagamento de pensións alimenticias e compensatorias recoñecidas por sentenza firme**, dependente da Administración, que garanta o cobramento das pensións en caso de impagamento do cónxuxe obrigado.
- Adoptar medidas para que os medios de comunicación de titularidade pública cumpran o principio de non discriminación no tratamento da imaxe da muller.
- **Promover a emisión e publicación de programas, espazos, estudos e publicidade institucional que incidan pedagoxicamente na necesidade de erradicar a discriminación das mulleres e a súa dignificación social e pública.**
- Instar á **reforma da lei sobre interrupción voluntaria do embarazo, despenalizando o aborto e promulgando unha nova lei de prazo que garanta o dereito das mulleres a decidiren libre e voluntariamente a interrupción do seu estado de gravidez dentro das dezaseis primeiras semanas de xestación**, así como a súa asistencia na rede pública de saúde de xeito gratuíto e en todas as fases do

proceso da interrupción.

- Impulsar as reformas normativas oportunas para eliminar as trabas que impiden ás mulleres accederen na actualidade á titularidade das explotacións agrarias –sexan de nova constitución ou herdadas– se o seu cónxuxe xa figura como titular doutra explotación agraria.
- Promover a modificación da lexislación electoral a fin de garantir a paridade de xénero nas listas electorais, para así dar cumprimento ás recomendacións europeas das Conferencias de Atenas e París.

II.1.9. Mocidade

A mocidade é un dos sectores máis desprotexidos da nosa sociedade e que máis ten soportado os efectos negativos das políticas neoliberais e centralistas emanadas do goberno central. Ao longo da pasada lexislatura a defensa dos intereses específicos da mocidade galega foi un dos principais eixos de actuación dos Deputados e Senadores do BNG, e por iso foron presentadas numerosas iniciativas en áreas tan importantes como o emprego, a formación ou o lecer.

O BNG continuará e potenciará este labor de trasladar ás Cortes Xerais do Estado as principais inxerencias da mocidade galega, desenvolvendo iniciativas encamiñadas a defender os intereses da xente nova. En particular, o traballo do BNG nas Cortes Xerais seguirá as liñas de actuación que se enuncian a continuación:

- **Deseño de políticas de fomento do emprego xuvenil co obxectivo da creación de emprego estábel e nunhas condicións laborais dignas.**
- Reestruturación da Formación Continua co obxectivo de a adaptar á realidade sociolaboral da mocidade galega.
- **Creación dun salario de inserción laboral para todos os mozos e mozas que busquen o seu primeiro emprego** co obxectivo de marcar un umbral mínimo de remuneración.
- **Revisión do vixente plano de vivendas para que se contemplan liñas de axuda específica á xente nova.** Igualmente, demandarase a inclusión da mocidade dentro dos colectivos favorecidos para ter en acceso a vivendas de protección oficial.
- Adopción de medidas económicas e fiscais específicas para facilitar a constitución de cooperativas de vivendas por parte de xente moza
- Elaboración e regulamentación dun “Programa de vivenda de protección pública en réxime de aluguer” destinado á mocidade.
- **Revisión dos criterios na concesión de bolsas de estudos co obxectivo de que se teña en conta a realidade socioeconómica da mocidade galega.**
- Impulso dunha reforma do Consello da Mocidade de España para permitir a participación das asociacións xuvenís con ámbito de actuación nas nacionalidades históricas.

II.1.10. Outras propostas de política social:

O BNG defende unha alternativa avanzada socialmente, dentro da cal teñen cabida todas aquelas propostas que contribúan a pór fin e corrixir as situacións de inxustiza social e desigualdade aínda existentes na nosa sociedade:

- **Impulsar a regulación das parellas de feito a nivel estatal, con independencia da orientación sexual das mesmas,** co obxectivo de promover as reformas legais necesarias para lles conceder a mesma igualdade xurídica que ás unións matrimoniais, evitando con iso a continuidade dunha discriminación sustentada en dogmatismos éticos, relixiosos e xurídicos que están a ser superados pola rea-

- lidade social.
- No mesmo sentido de avanzar na igualdade xurídica das relacións de parella, **promoverase a modificación do Código Civil para permitir a celebración do matrimonio entre persoas do mesmo sexo**, satisfacendo as aspiracións de máxima equiparación entre as parellas heterosexuais e homosexuais.
 - Modificar a lexislación sobre o divorcio, efectuando a súa necesaria actualización: establecemento da posibilidade de acceder ao divorcio sen necesidade de separación xudicial previa; incremento das causas de divorcio; implantación da custodia compartida dos fillos e das fillas por parte dos cónxuxes divorciados.
 - **Despenalizar a eutanasia activa para casos diagnosticados como enfermidade terminal e irreversible**, garantindo a súa asistencia no sistema público de saúde.
 - **Abordar a regularización administrativa da prostitución, especialmente no que atinxe á protección social das traballadoras e traballadores sexuais**, paliando a actual falta de dereitos de cobertura social. Ao mesmo tempo, solicitamos que se intensifique o tratamento penal dos delitos de proxenetismo, explotación sexual de menores e tráfico ilegal de persoas e mais a seguranza e a vixilancia policial para combater a explotación sexual.
 - **Revisar as políticas sobre drogas, evitando o predominio dunha visión prohibicionista, regresiva e policial**, actuando en tres ámbitos: **a mellora da situación das persoas consumidoras e as súas familias**: aumento do orzamento dedicado ao tratamento de drogodependentes que desexaren abandonar a adicción; integración da política de drogas na política xeral de consumo e sanidade; derrogación da normativa sancionadora polo consumo de drogas; **o fortalecemento da loita contra o tráfico ilegal de drogas a grande escala**, cunha implicación seria dos poderes públicos na investigación e persecución do blanqueo de diñeiro; e o **inicio dun debate amplo para seren avaliadas as consecuencias da política seguida até o de agora** e onde se formule a proposta dunha **nova política sobre drogas realista en que se valoren alternativas que propugnan a distribución controlada polas autoridades públicas**.
 - **Despenalizar do delito de ocupación de bens inmoebles alleos infrautilizados**, que presentan unha deficiente conservación e que levan períodos prolongados en desuso, cando se produce de forma pacífica e sen intimidación.
 - Combater todo tipo de discriminación por razóns de orientación sexual dentro das Forzas Armadas.

II.2. POLÍTICA DE INFRAESTRUTURAS E DE SERVIZOS DO TRANSPORTE

Galiza conta cun retraso histórico a respecto da realización de infraestruturas no seu territorio, sen que exista un compromiso firme e urxente para realizar unha aposta pola aceleración na execución das infraestruturas previstas, e para acometer de forma urxente aquelas pendentes. As novas infraestruturas de comunicación de Galiza fican excluídas do Plano de Infraestruturas de Fomento 2000-2007, polo que a previsión para a súa execución se adía a máis aló do ano 2010. Ese desleixo do Goberno do Partido Popular demostra que **o denominado “Plan Galicia” é máis virtual que real, que o conxunto de actuacións incluídas no mesmo non teñen ningún compromiso de financiamento, nin existen garantías para que futuros Gobernos as asuman**, e aínda no suposto de se levaren a termo, as infraestruturas non entrarán en funcionamento até o limiar do ano 2020.

O déficit que vén arrastrando Galiza nesta materia é un dos elementos que impide un desenvolvemento

económico que sexa parello a outras zonas do Estado e de Europa, sen que se corrixa esa tendencia; polo contrario, vemos como o esforzo de investimento do Estado se ralentizou na Galiza, e, nos grandes programas e planos de infraestruturas a realizar a curto e medio prazo no Estado, Galiza ocupa un dos últimos lugares (por exemplo, as infraestruturas ferroviarias, as portuarias e as relativas á depuración de augas residuais).

Xa que logo, a única garantía para que mude a vontade do Goberno a respecto da política de infraestruturas na Galiza é o incremento da presenza do nacionalismo galego, única forza política funcional e capaz de incidir dun xeito real para que as actuacións en materia de infraestruturas precisas para Galiza sexan consideradas prioritarias dentro da planificación estatal.

A política de infraestruturas públicas debe orientarse, con carácter preferente, cara á programación daquelas que sirvan para a cohesión territorial do país; mais cómpre tamén axilizar a realización das comunicacións de Galiza co Norte de Portugal, a cornixa cantábrica e a meseta.

II.2.1. Ferrocarrís

A comezos da lexislatura pasada, o Goberno presentou o Plano de Infraestruturas ferroviarias 2000-2007, que contiña a planificación da alta velocidade en todo o Estado español. A discriminación con Galiza era notoria, e, a pesar de se presentar a proposta inicial debido á presión política do BNG, a concreción dos distintos corredores ferroviarios puxeron en evidencia que o Partido Popular non aposta por investir en debido tempo e forma para podermos contar en toda a Galiza cun ferrocarril convencional aceptábel a estas alturas do Século XXI.

Ademais, **a presión política do BNG foi garante para o cumprimento do acordo do Parlamento de Galiza de 1995**, polo que se aprobou o Plano Director de Infraestruturas Ferroviarias para Galiza, e **mesmo se aceptaran melloras no mesmo** (como a dupla vía e a electrificación) face á negativa inicial do Ministerio de Fomento.

Porén, o Goberno nin aclara prazos nin compromisos orzamentarios para a modernización da rede de camiños de ferro de Galiza, adiando a súa execución. O BNG impulsará o cumprimento do acordo parlamentar para a mellora da rede ferroviaria de Galiza, a execución das obras englobadas no mesmo e as demais precisas para contarmos cunha rede ferroviaria galega digna e competitiva no horizonte do ano 2007, sen deixar de atender as melloras necesarias para potenciar os servizos ferroviarios de Galiza no curto prazo:

- **Garantir o investimento necesario para a construción das conexións ferroviarias exteriores de Galiza** (conexións coa meseta e Portugal) **con prestacións de alta velocidade**, homologábeis ás das liñas actualmente en execución ou xa realizadas noutros territorios do Estado, no prazo do ano 2007.
- **Declarar de urxencia e comprometer os investimentos necesarios para a execución dos proxectos de alta velocidade Ourense-Lugo, A Coruña – Ferrol, Ourense – Vigo, Vigo – Porto e saída sur de Vigo**, de forma que eses itinerarios entren en funcionamento antes de rematar a vindeira lexislatura.
- **Comprometerse a introducir as obras novas dos corredores ferroviarios Lugo – A Coruña e Ponferrada – Monforte e o denominado corredor ferroviario do Cantábrico dentro do Plano de Infraestruturas Ferroviarias 2000-2007**, coa garantía de inicio das obras dentro da vixencia do actual Plano.
- **Contemplan no Plano de mellora das infraestruturas ferroviarias todos os trazados interiores de Galiza**, de xeito que todas as cidades galegas teñan comunicacións por tren con prestacións superiores aos 150 quilómetros/hora.
- **Construír e anovar os accesos ferroviarios aos portos galegos, así como ao novo porto exterior de**

Ferrol, e aos polígonos industriais. Fomentar o transporte de mercadorías por tren.

- **Modernizar as liñas de FEVE na Galiza:** acondicionamento das súas infraestruturas coa ampliación e mellora nos trazados; planificación da comunicación cos portos e polígonos industriais; a potenciación do tráfico de mercadorías nesta liña; elaboración dun Plano de cercanías para a comarca da Mariña Luguesa. Así mesmo, cómpre clarificar a función de FEVE na Galiza, contemplando a súa transferencia ou participación na xestión por parte da Xunta de Galiza.
- Estudiar, planificar e programar a execución dunha nova liña ferroviaria A Coruña – Carballo – Corcubión, garantindo a cofinanciación do Estado, e da conexión ferroviaria Ordes – Curtis, para posibilitar unha comunicación por tren adecuada entre Santiago e Lugo.
- **Levar a termo un plano de mellora dos servizos ferroviarios na Galiza,** especialmente nos tramos máis abandonados (Ferrol – A Coruña, A Coruña – Lugo – Monforte de Lemos – Ourense) e nos corredores Vigo – Ourense, Santiago – Ourense e Vigo – Porto), optimizando os recursos humanos, e a mellora das dotacións materiais de RENFE, a fin de potenciar o funcionamento do tren nos itinerarios sinalados.

II.2.2. Estradas

Após teren rematado as obras das Autovías de conexión de Galiza coa meseta, o investimento na construción e mellora de novas infraestruturas viarias na Galiza reduciuse, mesmo asumindo desde a Xunta a construción dalgunhas autovías sen ningún apoio do Estado. Resulta realmente paradoxal que, ao mesmo tempo que o Estado recibe os ingresos pola recente privatización da autoestrada A-9, Galiza non sexa destinataria de investimentos para acabar as grandes vías de comunicación viaria que o país precisa.

O BNG impulsará no Congreso dos Deputados e no Senado que na Galiza se efectúen as seguintes actuacións:

- **Priorizar os tramos galegos da Autovía do Cantábrico,** contemplando compromisos orzamentarios para os rematar antes do ano 2007 e execución do corredor viario de competencia estatal Barreiros — San Cibrao.
- **Completar a estrutura básica de comunicacións interiores de Galiza por estrada,** coa execución das **autovías libres de portaxe que conecten Pontevedra e O Salnés coa A-52 e Portugal, Ourense – Lugo e Santiago – Lugo;** a realización do desdoblamento do itinerario **Lugo – Sarria – Monforte – Valdeorras** (conexión da Galiza interior co Cantábrico e a Meseta) e da vía de alta capacidade **Ourense – Portugal;** mellora urxente do trazado da autovía Vigo – O Porriño; conexión da AP-9 coa A-52 en Vigo; execución do acceso centro e norte a Ourense desde a Autovía A-52; e realización das obras necesarias para completar e mellorar os accesos ás autovías e autoestradas de Galiza.
- Rescatar a concesión das autoestradas AP-9 e AP-55 a fin de **suprimir as portaxes de Rande, A Barcala e do treito A Coruña – Carballo.**
- Suprimir as portaxes da AP-53 Santiago – Lalín, e compromiso de construción dunha autovía libre de portaxe no treito Lalín – Ourense.
- **Modificar a fórmula de cálculo para a actualización das portaxes das autoestradas,** de xeito que os **incrementos anuais nunca poidan superar a variación anual do Índice de Prezos ao Consumo** e que teñan en conta os investimentos realizados pola empresa concesionaria en mantemento, mellora e ampliación dos servizos.

II.2.3. Aeroportos

Os aeroportos galegos precisan de melloras para potenciar o tráfico aéreo con Galiza, para alén de impulsar especialmente o desenvolvemento de Lavacolla para o converter en aeroporto de referencia do Noroeste peninsular:

- Elaboración dun **novo Plano Director do aeroporto de Lavacolla que potencie o seu carácter internacional.**
- Aposta pola **restruturação do espazo aéreo e a descentralización do tráfico aéreo**, co establecemento dun centro de control do tráfico aéreo internacional na Galiza, de forma que se incremente a oferta de voos directos cara a Europa e América desde Galiza, e **converta ao aeroporto de Santiago de - - Compostela no punto de referencia dos voos de Galiza co resto do mundo.**
- **Melloras nas prestacións dos aeroportos de Albedro e Peinador**, acelerando os investimentos para mellorar os servizos e **permitir a súa plena operatividade baixo calquera situación meteorolóxica.**

II.2.4. Portos

O Goberno do Partido Popular avanzou na desregulación da actividade portuaria, cedendo importantes facultades encadradas nos servizos públicos portuarios aos operadores privados, beneficiando así os grandes grupos navieiros e empresariais. Ao mesmo tempo e paradoxalmente, o Goberno mantén unha férrea centralización das competencias en materia de portos de interese xeral, negando calquera posibilidade de incrementar a participación das Comunidades Autónomas nos portos de interese xeral. **O BNG propugna un modelo portuario caracterizado por unha intervención pública acentuada para garantir unha planificación ordenada das infraestruturas portuarias que responda aos intereses xerais**, ademais de avanzar na asunción de maiores competencias das CCAA na dirección e xestión dos portos de interese xeral:

- **Reivindicar a competencia plena da Comunidade Autónoma de Galiza sobre os portos de interese xeral na Galiza**, avanzando, en primeiro termo, nunha maior capacidade para decidir na planificación e ordenación territorial dos portos e no control das súas actividades.
- Creación dun “pool” dos cinco portos de interese xeral de Galiza, potenciación dos investimentos e satisfacción da débeda histórica cos portos galegos, consecuencia do desvío de inxentes cantidades produto da explotación portuaria do Estado español no seu conxunto para determinados portos situados fóra da Galiza.
- **Reforma da lexislación sobre servizos portuarios** recentemente aprobada polo PP, de xeito que **se manteñan como servizos públicos a realizar polas Autoridades Portuarias as operacións de tráfico portuario** (practicaxe, remolque portuario, amarre e desamarre de buques, servizos á pasaxe de buques, servizos de manipulación e transporte de mercadorías entre os que se enmarca a estiba e destiba).
- **Potenciar o tráfico intermodal nos portos galegos**, e dotación das infraestruturas necesarias para posibilitar o tráfico de contedores a todos os portos de interese xeral de Galiza.
- Dotación das partidas orzamentarias necesarias no período 2004-2008 para a construción dun porto de refuxio nas costas galegas, de acordo coas recomendacións da Organización Marítima Internacional.
- **Reclamar a financiación do Estado para garantir os investimentos nos portos dependentes da Xunta de Galiza para a súa modernización e mellora dos seus servizos**, sobre todo os prestados ás embarcacións de pesca de baixura e litoral.
- En colaboración coa Xunta de Galiza, potenciar a recuperación dos portiños tradicionais da costa galega.
- **Financiamento íntegro, con cargo aos orzamentos xerais do Estado, das actuacións en materia portuaria previstas para a Galiza** como é o caso do futuro Porto Exterior de Punta Langosteira.

II.2.5. Tráfico marítimo

A catástrofe do buque “Prestige” puxo de novo en evidencia que as costas galegas veñen soportando unha situación de risco moi elevada, realmente inaceptábel. É tarefa das autoridades públicas competentes evitar que este tipo de catástrofes volvan acontecer, pondo as bases para que non haxa outro acci-

dente marítimo de magnitudes tan catastróficas como a do citado “Prestige”, do “Aegean Sea”, “Cason”, “Urquiola” ou “Polycommander”.

Entre as causas do naufraxio do “Prestige” e doutros buques similares hai que sinalar algunhas de carácter estrutural, que derivan da pasividade e negligencia das autoridades competentes do Estado e a Unión Europea. **Xa chegou o tempo de aprobar unha lexislación sobre tráfico e seguranza marítima que actúe na prevención do risco do transporte por mar, e no incremento das condicións e controis sobre embarcacións marítimas, e a formación dos seus tripulantes.**

A actuación do BNG nunca foi pasiva en materia de tráfico marítimo, como é lóxico nunha forza política propia dun país que vén sofrendo unha repetición de naufraxios nas súas costas. Por iso, **a representación institucional do BNG reclamará a urxente actuación de organismos e autoridades a nivel estatal, europeo e internacional que comprenda medidas contundentes para diminuír o risco soporado na navegación marítima, e para que remate dunha vez por todas a situación de indefensión das costas galegas.**

Así mesmo, sendo as costas do país as máis azoutadas de Europa por sinistros marítimos, tamén cómpre mudar a escasa participación das institucións galegas nesta materia, concedéndolles un maior portagonismo a través da asunción de competencias sobre o control do tráfico marítimo que discorre paralelo ao noso litoral, e na inspección das condicións de seguranza dos buques que transitan por augas galegas:

- Incremento da vixilancia sobre o tráfico marítimo, comprometéndose a **pór de inmediato en vigor o paquete de medidas ERIKA II.**
- **Reforzo dos controis e inspeccións sobre as embarcacións nos portos** e eliminación da práctica do autodespacho.
- **Reforzo dos criterios de calidade aplicábeis ás sociedades de clasificación de buques**, incorporándoas á cadea de responsabilidades obxectivas polos danos derivados de sinistros marítimos.
- **Ordenación da responsabilidade penal, civil e financeira dos actores do transporte marítimo, implantando un réxime de responsabilidade obxectiva e ilimitada no caso de catástrofes ecolóxicas.** De xeito complementar á reparación de todos os danos causados, adoptárase un severo réxime de sancións.
- Reclamación dunha actuación decidida do Estado español no seo da Unión Europea para que se **aprobe de xeito urxente a normativa relativa á constitución dun Fondo de indemnización de danos causados pola contaminación de hidrocarburos en augas europeas** (denominado Fondo COPE), previsto no Paquete de Medidas Lexislativas Comunitarias coñecido como ERIKA II, e, así mesmo, **constitución da dotación inicial do citado Fondo para que poida destinarse a contía máxima de indemnización por accidente contaminante** (que ascende a 1.000.000.000 de euros) **a compensar os danos ocasionados polo sinistro do buque “Prestige”.**
- Entrada en vigor de forma urxente da **prohibición de transporte marítimo de todo tipo de mercadorías perigosas en buques monocasco.**
- Instar á aprobación no seo da Organización Marítima Internacional da **prohibición de transporte de materiais altamente contaminantes en buques con pavillóns de conveniencia.**
- Reclamar a aprobación a nivel internacional dunha normativa que regule con rigor a formación e titulación mínima das tripulacións a bordo, e os requisitos de capacitación específicos para se enrolar nun buque que transporte materiais contaminantes; do mesmo xeito, a vixilancia estrita do cumprimento das condicións de traballo e da normativa da Organización Internacional de Traballo, incrementando as inspeccións das autoridades marítimas e laborais nos buques mercantes.
- **Estabelecer o afastamento do corredor marítimo das costas galegas**, e mais o alongamento na dirección norte-sur do citado corredor, así como garantir o control efectivo do seu tráfico.

- Elaborar de forma urxente un **Plano de emerxencias que forneza de medios contra a contaminación mariña aos servizos de salvamento marítimo**, o incremento do persoal especializado, e dunha ampla dotación de medios aéreos, marítimos e terrestres, incorporando sistemas de control do tráfico marítimo que contén coas innovacións tecnolóxicas en materia de telecomunicacións (satélites, radares que cubran toda a costa galega, etc...)
- **Transferencia a Galiza da competencia sobre seguranza marítima nas costas galegas**, tanto normativas como de desenvolvemento e execución, así como delegación nas institucións galegas das funcións de inspección das embarcacións marítimas.
- **Manter a condición de servizo público do servizo de remolcadores**, rescatando a súa concesión para retomar unha xestión directa por parte da Administración do mesmo, **mellorando os medios actuais**, contando con unidades de potencia igual ou superior a 150Tn de tiro.
- Reclamar a **construción e situación na Galiza de dous buques anticontaminación na costa galega**, tendo en conta a elevada situación de risco.
- Transferencia dos servizos de salvamento marítimo, traspasando os medios adscritos á Sociedade Estatal de Salvamento Marítimo (SASEMAR) na Galiza e os relativos ao servizo de meteoroloxía.

II.3. POLÍTICA PARA A DEFENSA E A CONSERVACIÓN DO MEDIO AMBIENTE

O verquido de fuel ocasionado polo buque “Prestige” nas costas galegas, logo da súa deriva e posterior afundimento, provocou a máis grave marea negra que teña sufrido o noso país. Alén das perdas económicas ocasionadas pola afección ao ecosistema mariño, alicerce da actividade pesqueira e marisqueira, o sinistro derivou na maior catástrofe ecolóxica de Galiza, debido á extensión da contaminación á práctica totalidade do medio natural costeiro de Galiza, afectando moi especialmente zonas de alto interese ecolóxico, como son os arquipélagos comprendidos no Parque marítimo-terrestre das Illas Atlánticas.

O Partido Popular véñse empeñando en reducir a restauración ecolóxica após a catástrofe á limpeza das praias, botando man da propaganda para nos convencer de que a inexistencia de fuel nos areais é a constatación fidedigna da superación dos efectos da marea negra. Porén, aínda existe unha cantidade considerable de fuel espallada polo medio mariño, especialmente nos fondos mariños, xa que non se realizou ningún esforzo serio para acometer a súa limpeza, ademais de se non ter solucionado definitivamente a extracción do fuel existente no barco afundido, o cal constitúe unha ameaza permanente para as costas galegas. **O BNG trasladará ás institucións as reivindicacións da maioría da sociedade galega, para que haxa unha actuación decidida na procura da minimización dos efectos da marea negra desde a Administración, cos compromisos orzamentarios necesarios que posibiliten a eliminación da máxima cantidade de fuel dos fondos mariños, e ademais seguirá a exixir na retirada inmediata do fuel que permanece almacenado no barco afundido.**

Por outra banda, en política medioambiental cómpre propor unha mudanza radical, de xeito que a protección ambiental non sexa unha cuestión secundaria e fiquen relegada ao desenvolvemento económico irresponsábel en termos ambientais na planificación de infraestruturas ou na situación de novas actividades agresivas co contorno natural

II.3.1. Protección integral e a rexeneración medioambiental da costa galega:

Para alén das propostas expostas no apartado de tráfico marítimo encamiñadas a rematar coa situación de desprotección e indefensión da costa galega e a eliminación dos riscos derivados da intensidade do tráfico marítimo de materiais perigosos, cómpre complementar esas medidas desde a perspectiva ambiental:

- Acometer un **plano de recuperación ambiental do litoral** afectado polo verquido do “Prestige” **que inclúa a limpeza dos fondos mariños**.
- Desenvolver planos de actuación coordinados por medio dunha bioloxía de intervención.
- **Elaborar un proxecto integral de rexeneración ambiental do Parque das Illas Atlánticas**, que contemple a limpeza de todas as zonas de rochas e mais a recuperación do fondos mariños, e que leve aparelado unha promoción do mesmo.
- Realizar planos de actuación específicos sobre as zonas naturais afectadas que contén con algún tipo de protección legal ou que teñan especial interese ecolóxico, co obxectivo de recuperar e preservar os hábitats naturais (Corrubedo, Baldaio, Illas Sisargas...).
- Executar nas zonas naturais e produtivas planos específicos de repoboación, que restauren a biodiversidade.
- Reclamar ao Ministerio de Medio Ambiente, en colaboración coa Xunta de Galiza, o **estabelecemento de Planos para o saneamento integral das rías galegas co obxectivo de recoller e depurar todas as augas residuais verquidas ao litoral**.
- **Construír centros de almacenamento na costa galega**, dotados de medios materiais e persoal especializado dabondo, así como de instalacións para a recepción de refugallos e substancias contaminantes, **co obxectivo de posibilitar unha retirada rápida de verquidos contaminantes ao mar**.
- Modificar a lexislación para **someter a informe ambiental preceptivo e vinculante da Administración ambiental todas as obras que se realizaren no litoral e puideren afectar ao medio mariño**, recollendo expresamente a aplicación dese procedemento ás obras portuarias e ás dependentes do Ministerio de Defensa.

II.3.2. Mellora ambiental de Galiza:

No ámbito das competencias estatais en medio ambiente, **o BNG exercerá unha actuación que aposte polo desenvolvemento sostíbel, pola satisfacción das necesidades presentes sen comprometermos a dispoñibilidade de recursos para as xeracións futuras, orientada a preservar a diversidade ecolóxica de Galiza**, a impulsar a utilización dos recursos sen que muden de xeito irreversíbel ou substancial as características do noso medio ambiente:

- Promover as modificacións normativas necesarias para o establecemento de cargas críticas –máximos admisíbeis que non causen danos– de determinados compostos químicos que se emiten polas industrias para evitar problemas nos ecosistemas.
- Manter o compromiso coas medidas tendentes á redución dos gases con efecto invernadoiro, instando ao Goberno a **intensificar a súa defensa a nivel internacional a prol da adhesión e aplicación do Protocolo de Kioto**.
- Impulsar estratexias que leven as industrias á minimización da xeración de residuos en xeral, ao incremento da eficiencia e ao aforro enerxético.
- Estabelecer incentivos fiscais ás empresas que incorporaren sistemas que melloren os resultados das súas actividades industriais en relación co medio ambiente.
- **Defender a non-proliferación da enerxía nuclear**, opóndose a calquera tentativa de voltar á construción de novas centrais nucleares no Estado español.
- **Exixir a construción das estacións depuradoras de augas residuais na Galiza**, de xeito que as cidades galegas teñan operativas instalacións de depuración das augas no ano 2007, e fixando como horizonte o ano 2010 para a extensión á práctica totalidade da poboación galega.
- Elaborar un **Plano de saneamento integral dos ríos Miño, Sil e os seus afluentes**, que comprenda a mellora na calidade das augas e a restauración e conservación das súas marxes.
- **Revisar en profundidade o Plano Hidrolóxico Nacional, de xeito que se actúe prioritariamente sobre a demanda** (a utilización racional da auga que incida na xestión máis eficiente nos usos e a diminución nos consumos) **e non sobre a oferta** (incrementando a mesma por medio da transferencia

hidrolóxica entre cuncas con graves repercusións ecolóxicas); que se reduza a proliferación de obras hidráulicas nos ríos e, en concreto, **opóndose á construción de máis encoros nos ríos galegos** (Salto do Sela, Navia de Suarna, Baños de Molgas, río Ulla...); e que se contemple unha maior asignación dos investimentos públicos mobilizados nese Plano á mellora na xestión dos recursos hídricos de Galiza.

- **Exixir a negociación coa Xunta de Galiza para a transferencia das competencias sobre as augas continentais que discorran por territorio galego**, e, de xeito inmediato, a constitución dun novo Organismo de Cunca que abranga os ríos Miño-Sil e Limia, coa participación destacada da Xunta de Galiza.
- **Someter a autorización ambiental previa todas as actuacións que teñan unha repercusión sobre o medio ambiente**, con independencia da Administración ou ente público que ostente a titularidade dos bens obxecto da actuación ou de quen a promova.
- Impulsar o soterramento dos tendidos de alta e media tensión que discorran á beira de núcleos de poboación.
- Derrogar a normativa sobre patentes biotecnolóxicas, evitando a apropiación privada da materia biolóxica, promulgando un novo réxime xurídico asentado na idea de que os avances científicos na biotecnoloxía sexan compartidos de xeito libre e gratuíto.
- Instar a revisión do réxime xurídico sobre a utilización confinada, liberación voluntaria e comercialización de organismos modificados xeneticamente, de xeito que se **prohiban taxativamente os cultivos transxénicos para fins alimentares, que se estableza unha moratoria na importación de sementes, e que se obrigue a especificar obrigatoriamente a etiquetaxe de produtos que conteñan transxénicos para uso humano e animal**. Así mesmo, impulsarase a adopción de acordos científicos para clarificar a posición definitiva a respecto do emprego de transxénicos alén do uso restrito da investigación.

II.4. POLÍTICA EDUCATIVA E CULTURAL

O empeño do Partido Popular en mudar o sistema educativo, unha vez conseguida a maioría absoluta, fíxose palpábel coa aprobación de modificacións nas leis sobre o ensino en que impuxo os seus criterios de xeito unilateral, sen practicar unha consulta ampla cos distintos sectores educativos, nunha tramitación inusualmente rápida que condicionou negativamente as achegas e suxestións doutros grupos políticos, e sen que se puidera ter producido un debate demorado e racional, tal e como require a importancia da educación.

Ese proceder mostra que a verdadeira intencionalidade que agachaban as reformas do ensino non universitario, da universidade, e da formación profesional, tiña un cariz ideolóxico-político, de consecución duns obxectivos partidistas, e non de procurar unha solución axeitada á problemática detectada no sistema educativo.

O contido das reformas tamén serve para corroborar ese propósito. Un denominador común latexa tras as modificacións para cada tramo do sistema educativo: a uniformización crecente do ensino, a través da centralización de competencias no Estado, en concreto no Goberno, reducindo a capacidade das CCAA na xestión educativa con vistas á adaptación ás súas realidades dos contidos educativos. **Eis un dos grandes obxectivos que perseguía o Partido Popular na súa reforma educativa: lograr un modelo educativo acorde coa concepción do seu modelo de Estado que non acepta a diversidade lingüística, cultural e social das nacións que o integran.**

O resultado é un deseño educativo cun claro afán homoxeneizador, especialmente grave para Galiza, pois impide que poidamos acomodar o sistema educativo ao noso medio cultural, lingüístico e socioeconómico, para alén de ser regresivo socialmente, dada a súa aposta pola xerarquización, a segregación, a

discriminación e a selección no sistema educativo desde idades temperás, como forma de lexitimación dunha sociedade baseada e estruturada na desigualdade.

O BNG pulará por transformar o modelo educativo herdado do Partido Popular, partindo dun acordo social maioritario en que participen sen exclusións todos os axentes educativos, baseado na equidade, integración e o pluralismo, e co obxectivo de atinxir o mellor ensino posíbel:

- **Instar á reforma da Lei Orgánica de Calidade do ensino e da Lei Orgánica da Formación Profesional e das Cualificacións**, eliminando todas as medidas introducidas nas devanditas Leis que atentan contra a diversidade nacional, cultural e lingüística do Estado español, e contra as competencias sobre ensino atribuídas ás Comunidades Autónomas para, precisamente, adaptalo a esa realidade plural. En especial, **avogarase pola competencia autonómica plena na elaboración dos planos de estudo e deseños curriculares, na selección e formación do profesorado e pola vinculación do sistema de formación profesional ao sistema económico e produtivo máis próximo.**
- Renegociar a débeda histórica en materia educativa, para efectivizar o cumprimento dos compromisos contraídos con Galiza e para dotar o sistema educativo galego dos niveis de calidade necesarios.
- **Incrementar dotacións destinadas ás bolsas e axudas ao estudo**, co obxectivo de se situar, nun prazo non superior a cinco anos, no nivel medio de gasto por alumno na Unión Europea, e que o número de estudantes bolseiros sexa a maioría do total.
- Elevar os niveis de renda a efectos de poder acceder ás bolsas ao estudo e ás axudas compensatorias. Axilizar os procesos de resolución das solicitudes de bolsas e axudas ao estudo, valorando o pagamento periódico das mesmas.
- **Transferir a Galiza as competencias plenas en materia de bolsas e axudas ao estudo**, que comprenderá a regulación dos requisitos e baremos para a súa concesión, a xestión e a fiscalización, comprometendo as dotacións orzamentarias suficientes.
- Transferencia de todos os centros educativos ou formativos situados na Galiza que aínda dependen da Administración Central.
- Impulsar a oferta de ensino de Lingua, Literatura e Historia de Galiza, como materias optativas do Bacharelato noutras Comunidades Autónomas.
- Reclamar a transformación dos actuais estudos de Diplomado en Maxisterio por unha Licenciatura universitaria, para unha mellor estruturación e funcionalidade da docencia.
- Excluir do ensino regrado o ensino da relixión confesional, iniciando a renegociación dos Tratados e Acordos co Vaticano, así como coas demais confesións relixiosas que asinasen Convenios de similares características, para que **a aprendizaxe da relixión sexa unha actividade complementar situada no ámbito das distintas confesións.** Estudar unha alternativa ao ensino da relixión confesional que teña contidos sociais, históricos e culturais realmente aconfesionais. Evitar a presenza de simboloxía relixiosa nos centros docentes sostidos con fondos públicos.

II.4.1. Universidade

- Propor a **reforma da Lei Orgánica de Universidades**, para que se respecten as competencias autonómicas e se garanta a autonomía universitaria, nos seguintes aspectos:

- **Supresión da ANECA e transferencia dos seus recursos e medios aos órganos de avaliación que cada Comunidade Autónoma determinar en exercicio das súas competencias.**
- **Modificación dos mecanismos de habilitación do profesorado regulados na LOU co fin de os substituír por sistemas de acceso á función pública docente transparentes, obxectivos e respectuosos coas competencias autonómicas e coa autonomía universitaria.**
- Eliminación dos privilexios recoñecidos na LOU ás Universidades privadas e ás promovidas pola Igrexa Católica.
- **Incremento do financiamento das Universidades Públicas** co fin de previr a súa privatización encuberta e de facilitar a súa integración nos espazos europeos de investigación (ERA) e de ensino superior e facilitar a participación de proxectos das Universidades galegas no Programa Marco de I+D+i da UE.
Transferencia á Xunta de Galiza das competencias e dos medios materiais en materia de universidade a distancia (UNED).
- **Conversión das bolsas de investigación en contratos de traballo** que leven aparelado o recoñecemento de dereitos laborais e sociais e establecemento de mecanismos que promovan a estabilidade laboral e a promoción profesional.
- **Mellora das condicións retributivas do profesorado universitario** e establecemento e exixencia da incompatibilidade entre a docencia na Universidade pública e en calquera centro privado.
- Modificación do sistema de recoñecemento da investigación dos profesores universitarios (sexenios) co fin de substituílos por sistemas transparentes, obxectivos, específicos para cada área de coñecemento, e respectuosos das competencias autonómicas e da autonomía universitaria.
Incremento da porcentaxe de representación nos órganos da Universidade recoñecidos na LOU a estudantes e PAS.

II.4.2. Cultura

A diversidade cultural e lingüística non ten un correlato na política cultural deseñada desde o Goberno Central. **O deseño cultural segue a responder a unha visión uniforme do Estado, e a súa aplicación serve como instrumento para afortalar a asimilación, no canto de potenciar a cultura diferenciada en atención á realidade plural do Estado.**

No ámbito do patrimonio cultural e histórico, existe unha discriminación con Galiza a respecto da atribución das dotacións procedentes do 1 por 100 cultural, e a maior parte dos bens de valor artístico, histórico e cultural do país sofren o abandono institucional, que en moitos casos pon en perigo a súa conservación. Por outra banda, o Partido Popular mantén unha postura inflexíbel a respecto do traslado de fondos documentais que foron expoliados do noso país en épocas pasadas, impedindo así a recuperación do patrimonio de que fomos inxustamente despoixados.

O BNG exixirá que mude a actitude mantida até o de agora desde os distintos Gobernos centrais de minorizar a cultura e lingua galega, apostando pola adecuación da política nesas materias á plural realidade histórica, cultural e lingüística do Estado:

- Incluir no Plan de Castelos as actuacións necesarias para a **consolidación, conservación e restauración das fortalezas históricas galegas**, axilizando as dotacións orzamentarias precisas para intervir naqueles castelos que presentan un estado máis precario.
- **Impulsar a colaboración coa Xunta de Galiza para a rehabilitación do patrimonio histórico-artístico** (mosteiros, igrexas, pazos, etc...).
- Instar a implicación do Estado coa Xunta e co concello de Camariñas na conservación e difusión do

legado arquitectónico de Man, o alemán de Camelle.

- **Reclamar o traspaso progresivo da titularidade e xestión dos monumentos, lugares, contornos e pezas do patrimonio histórico-artístico que manteñen a titularidade estatal.**
- Promover as propostas da “Torre de Hércules e o seu contorno” e máis do “Arsenal e Castelos da Ría de Ferrol” como candidaturas á declaración de Patrimonio da Humanidade.
- Recuperar para usos sociais e culturais os edificios militares en desuso, promovendo a elaboración entre a Administración Central, Autonómica e Local dun plano para a transferencia dos espazos urbanos sen interese e/ou uso para Defensa.
- Transferencia, previa negociación coa Xunta de Galiza, do Instituto Padre Sarmiento, dependente do Consello Superior de Investigacións Científicas, dada a súa condición fundacional de institución galega.
- **Instar a transferencia á Xunta dos Arquivos Históricos Provinciais, dos arquivos, museos, bibliotecas, etc., de competencia estatal radicados na Galiza,** co traslado dos fondos documentais depositados no Arquivo Histórico Español procedentes de Galiza.
- Trasladar a Galiza os fondos documentais depositados no Arquivo de Salamanca sobre a Guerra civil que foran levados alí desde Galiza.
- Reclamar o traslado ao Arquivo da Rexión Militar do Noroeste con sede en Ferrol da documentación depositada no Arquivo Xeral da Mariña e no Servizo Histórico da Armada que fora enviada desde os Arquivos Militares situados na Galiza.
- **Articular a representación de Galiza, Catalunya e Euskadi, na súa condición de nacións do Estado español con lingua e cultura propias na UNESCO.**

II.4.3. Lingua

No ámbito lingüístico sorprende constatar como **no transcurso de 25 anos de cooficialidade, o impulso para materializar ese principio pertence case en exclusiva –e dentro do seu limitado ámbito competencial– ás institucións das nacións con lingua propia,** mentres que desde o Estado apenas se adoptaron disposicións para favorecer a cooficialidade no seu ámbito (por exemplo: a Administración periférica do Estado, a Xustiza, os medios de comunicación de titularidade pública, etc...). A actitude do Goberno caracterízase por unha falta de vontade para apoiar apoiar decididamente a difusión crecente de todas as linguas do Estado, e proba diso é a diagnose elaborada pola UNESCO sobre as linguas minoritarias, plasmada no “Atlas das Linguas do Mundo”, onde a lingua galega aparece como un dos idiomas en perigo de desaparición. Para avanzar no recoñecemento real do carácter plurilingüe do Estado, o BNG propón:

- **Avanzar na normalización de usos do galego no ámbito da Administración e no cumprimento do principio da cooficialidade:** exixir o emprego da lingua galega, xunto co español, en todo o tipo de impresos, informacións, anuncios e rotulacións dos organismos, sociedades e empresas dependentes da Administración estatal na Galiza; así como o uso de todas as linguas cooficiais nas webs da Administración do Estado, dos seus entes dependentes, e das empresas públicas.
- Modificar a Lei de Procedemento Administrativo para **poder dirixirse á Administración Central e aos rexistros dependentes da mesma en calquera das linguas oficiais** propias das Comunidades Autónomas.
- **Aplicar a toponimia oficial de Galiza** en todas as rotulacións, impresos, informacións, etc., dependentes de Administracións ou empresas públicas estatais.
- **Promover a normalización da lingua galega no ámbito da Administración de Xustiza:** garantir o dereito das persoas usuarias do servizo público da xustiza a se expresar en lingua galega e a que as súas manifestacións sexan recollidas na lingua propia; tramitar con carácter xeral os procedementos en lingua galega e, en calquera caso, a solicitude dunha das partes; admitir a presentación de documentos en lingua galega que han de ser trasladados a instancias xudiciais de ámbito estatal; impulsar a reforma da Lei Órgánica do Poder Xudicial a fin de que os xuíces, fiscais e demais funcionarios públicos da Administración de Xustiza destinados en Galiza acrediten o coñecemento do galego.

- **Impulsar o emprego da lingua galega no ámbito dos Rexistros dependentes de Xustiza** (Propiedade e Mercantil), reformando para iso a normativa rexistral e hipotecaria para permitir que os asentos se redixan e inscriban na lingua orixinal dos documentos presentados.
- Prestar atención á cultura galega, nas Embaixadas do Estado español en Portugal, Brasil e demais países de lingua portuguesa, baseada na comunidade do idioma.
- Reformar o réxime do “Instituto Cervantes” a fin de que atenda, equitativamente, a difusión e promoción das linguas e culturas galega, basca e catalá, para alén da española.
- Demandar que o Ministerio de Educación e Cultura fomenta e financie edicións e actividades culturais nas catro linguas do Estado, para estimular o intercambio e intercoñecemento das mesmas.
- **Aumentar a emisión de programación en lingua galega nos medios públicos de titularidade estatal**, a través do potenciamento da produción propia nos centros territoriais e dun incremento das bandas horarias dedicadas ao país tanto en TVE como en RNE en Galiza, acompañado da presenza habitual das representacións galegas do mundo político, sindical, cultural, etc.

II.4.4. Deporte

O BNG impulsará nas Cortes Xerais políticas encamiñadas a que o deporte acade a importancia social e educativa que debe ter como actividade fundamental para o desenvolvemento integral das persoas, propondo a adopción de medidas como:

- **Traspasar a Galiza a xestión dos fondos públicos e as subvencións en materia de fomento deportivo e infraestrutura deportiva destinados a Galiza**, territorializando as dotacións orzamentarias do Consello Superior de Deportes, para garantir unha maior eficacia e equidade na súa distribución.
- Asegurar un funcionamento democrático das federacións deportivas, e regular dun xeito máis racional o papel das distintas federacións deportivas na formación deportiva e no apoio aos novos valores deportistas.
- **Articular a participación das seleccións deportivas galegas en competicións internacionais**, e a representación das federacións deportivas galegas nos organismos deportivos internacionais de xeito directo.
- **Crear centros de alto rendemento deportivo modernos e eficaces en Galiza** para que os nosos deportistas non teñan que se ver obrigados a emigrar para completaren a súa tecnificación deportiva.
- Impulsar o deporte e a actividade física dentro do propio sistema educativo.
- Impulsar a igualdade de xéneros a través do deporte, promocionando o deporte feminino, tanto no deporte de competición como de alto nivel.

II.5. POLÍTICA PARA O DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

II.5.1. Política industrial activa

Como o veu facendo até hoxe, o BNG levará a cabo a defensa dos sectores produtivos galegos nas Cortes Xerais do Estado a través da proposta dunha **política industrial activa** que, combinando adecuadamente medidas horizontais e de carácter sectorial, lle permita superar retos como a vindeira ampliación comunitaria, e que estea orientada:

- a) á **ampliación e diversificación do sector manufactureiro**, cuxo peso relativo no PIB galego é moi inferior ao existente nos espazos avanzados;
- b) ao **crecemento económico e do emprego**, que permita superar a raquítica taxa de ocupación galega e a súa actual incapacidade para dar emprego estábel e de calidade para a súa poboación activa;
- c) á súa **modernización** a través do **impulso de investimentos en desenvolvemento científico, tecnolóxico, da formación e da cualificación**, que faciliten a adopción de novos métodos de produción e formas de organización máis eficientes que potencien a capacidade de innovación e, igualmente, a

incorporación efectiva nas empresas das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) e á sociedade da información e do coñecemento; e

- d) ao **equilibrio territorial**, a través da consolidación de sistemas produtivos locais e o aproveitamento económico e social dos recursos endóxenos locais.

Para articular esta política industrial promoveremos perante o Congreso e o Senado a aprobación das seguintes medidas:

- **Promoción dunha estratexia de fomento da cooperación e de conformación de redes e conglomerados empresariais**, cos obxectivos de incrementar as relacións inter- e intrasectoriais e mellorar a competitividade do noso territorio.
- En relación coas grandes empresas presentes na economía galega, quer públicas, quer privatizadas ou privadas, cómpre **o desenvolvemento dunha estratexia orientada a completar os ciclos produtivos**, ampliando a cadea de valor xerada no noso país, **a implantación na Galiza de departamentos de I+D+I**, así como o establecemento de acordos regrados coas súas empresas subcontratistas e provedoras locais e galegas, na procura da mellora da produtividade e da calidade dos produtos e servizos.
- **Promover a conformación de redes de empresas de carácter horizontal**, dada a limitada dimensión da maioría das empresas –pequenas e microempresas– que compoñen o tecido produtivo galego, impulsando a formalización de acordos entre empresas, que afectarán, segundo os casos, o ámbito produtivo, o comercial, o tecnolóxico, o de formación, o de enxeñaría e o de deseño, baseados na reciprocidade de vantaxes e na procura de sinerxias que favorezan a súa posición competitiva.
- Adoptar as medidas necesarias perante o goberno central para concretar o compromiso acordado no Consello de Ministros celebrado na Coruña para que **IZAR-Fene poida construír buques mercantes**, e para **lograr a conformación dun complexo integral da construción naval na ría de Ferrol**, o que permitirá abordar todas as actividades que comprende a construción naval, como medida operativa esencial para mellorar a eficiencia económico-productiva de Izar e como garantía da súa consolidación presente e futura. Mentres tanto, **exixiremos o impulso da actividade comercial de Izar para que o centro de Izar-Fene conte con proxectos produtivos integrais propios**, como acontece no resto de centros produtivos, eliminando a súa actuación como simple subcontratista das actividades civís ou militares que realizan outros centros da empresa.
- **Defensa do incremento dos recursos dirixidos á investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i)** evitando a súa histórica e actual concentración especialmente en Madrid, acrecentando a participación galega neles como unha medida adicional que sirva para superar as debilidades presentes no sistema de innovación galego nos ámbitos infraestruturais, de gastos en I+D, de persoal e resultados, elemento crucial para o incremento do número de empresas innovadoras, a promoción de sectores emerxentes e a consolidación das industrias hoxe presentes na nosa economía, especialmente as Pemes. Apoio a medidas de **potenciación e creación de novas infraestruturas de apoio á innovación e prestación de servizos tecnolóxicos, a difusión das innovacións no tecido empresarial, e o fomento da cooperación entre Universidades, Centros de Investigación e Tecnolóxicos públicos e privados e Empresas**, co obxectivo de resolver a medio prazo a drástica diverxencia galega neste ámbito cos niveis existentes no Estado e na UE.
- Desenvolver iniciativas políticas dirixidas a acadar:
 - a) Unha maior participación do SEPES na dotación de solo empresarial na nosa comunidade.
 - b) Unha maior participación galega nos fondos do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía para actuacións

de reindustrialización.

- c) Unha maior participación galega nos fondos xestionados polo Ministerio de Economía para promover a financiación de novos proxectos empresariais.
- d) A participación galega nos fondos asignados no Plano do Carbón (Ministerio de Economía) para o período 1998-2005 acorde cos criterios acordados no mesmo, e que xa transcorrido máis da metade deste período temporal están situados a un nivel tres veces inferior ao que lle correspondería.

II.5.2. Impulso das novas tecnoloxías

As novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) están a provocar importantes mudanzas nos comportamentos individuais e sociais creando novos hábitos de consumo, mais tamén na organización da produción e do comercio, coa aparición de novas especialidades de actividade, de novos mercados e mais coa alteración das pautas de funcionamento e de organización dos sectores tradicionais.

Para unha sociedade como a galega, as TIC supoñen importantes riscos e oportunidades fronte aos que non podemos permanecer impasíbeis. Por un lado, as TIC contribúen ao proceso de mundialización económica ao favoreceren a interpenetración dos mercados, a mobilidade dos capitais, as grandes fusións empresariais e tamén a expansión planetaria das culturas hexemónicas, en particular da norteamericana; mais, por outro lado, é tamén certo que as TIC crean novos mercados e grupos de actividade baseadas no coñecemento en que a condición periférica perde relativamente a súa importancia e ofrecen novas canles para a presenza da cultura e a lingua galegas, facendo da diversidade cultural un valor e permitindo diferenciar as nosas producións no mercado mundial.

Os datos non son bos: en abril de 2003 só un 19.9% dos galegos contaba con acceso á Internet, o número de liñas ADSL significaba tan só o 3.4% das existentes a nivel estatal e só o 25% dos fogares galegos dispuñan dun PC. Isto reléganos a un índice resumo da sociedade da información de 64 sobre unha media estatal de 100, ou de 37 sobre 100 se nos referirmos á presenza de sectores vinculados ás novas tecnoloxías da información e das comunicacións na estrutura empresarial galega (Informe 2003 das Cámaras de Comercio). **Os anos de goberno do PP en Galiza e no Estado foron anos perdidos e, a día de hoxe, non se adoptaron políticas decididas para a penetración das novas tecnoloxías no fogar e na empresa, nin para a alfabetización tecnolóxica da sociedade, nin para o apoio a empresas galegas de base tecnolóxica nin tampouco para o uso das TIC como medio de expansión e promoción da lingua, da cultura e das producións galegas.** Todo o contrario: as páxinas web da Administración española seguen a excluír o galego, os planos estatais como *"España.es"*, *"Info XXI"* ou *"Internet en la escuela"* téñense demostrado como pouco ambiciosos e ineficaces e non foron quen de reducir a "fenda dixital" que xa existe entre Galiza e outros territorios do Estado e de Europa; a lexislación promulgada favorece as grandes empresas informáticas e de telecomunicacións en detrimento da libre competencia e da intimidade e privacidade dos cidadáns e das cidadás; a declaración da Internet como servizo universal realizouse tarde e de forma parcial (aínda falta unha "tarifa plana" digna de tal nome a un prezo asequíbel); e, en fin, aínda fican por substituír a maioría dos TRAC instalados en Galiza.

O BNG propondrá as medidas precisas para que o Plano estatal da Sociedade da Información –que substituíu o fracasado INFO XXI– teña como obxectivo fundamental a superación da fenda dixital existente no ámbito do Estado, permitindo que Galiza poida superar o seu actual estatus de ser a última das comunidades autónomas en penetración de novas tecnoloxías (Informe Auna 2003), entre as que salientamos:

1. No ámbito institucional e lexislativo:

- **Transferir a xestión e explotación do espazo radioeléctrico** á Xunta de Galiza.
- Reformar a Lei de Servizos da Sociedade da Información (LSSI) co fin de a facer compatíbel coa **privacidade de cidadáns e cidadás**, coa **libre concorrencia empresarial** e coa **liberdade de expresión**

na Internet.

- Facilitar a relación entre a Administración estatal e a cidadanía a través da Internet, ofrecendo unha **versión galega de todas as páxinas e formularios oficiais** ofrecidos a través da rede.
- Facer as páxinas oficiais accesíbeis a todos os/as cidadáns/ás a través do uso de formatos abertos e programas multiplataforma.
- Promover unha regulación europea e internacional de protección do software non baseada sobre a concesión de patentes, na liña do recentemente acordado polo Parlamento Europeo.
- **Estabelecer que o acceso á Internet a un prezo asequíbel (18 euros/mes) e a unha calidade adecuada (256 k/segundo de velocidade de descarga e 120 k/segundo de suba) como dereito integrante do servizo universal de telecomunicacións.**
- **Acelerar a substitución das liñas TRAC existentes en Galiza** por tecnoloxías que permitan o acceso en banda larga á Internet e a outros servizos avanzados de comunicacións.
- **Estabelecemento dun dominio galego (.gz) da Internet.**
- **Fomento do software libre.**
- Realización dunha política de adquisicións de equipos e de programas informáticos que incentive as empresas locais e o software libre.
- Prohibición do establecemento de canons ou calquera outro gravame sobre CDs e DVDs gravábeis e máis eliminación dos existentes.

2. Formación nas TIC

- Elaboración conxunta entre o Estado e as CC.AA. dun **Plano de fomento de acceso ás TIC** que enxerque a introdución da Internet nos centros educativos e sociais, nas empresas e nos fogares, que inclúa programas de divulgación, información e alfabetización no uso das TIC dirixidos tanto a poboación en xeral como a colectivos específicos.
- Incremento da oferta pública de estudos básicos, medios e relacionados coas TIC.
- Promover a formación continua e a reciclaxe das persoas traballadoras en activo e das desempregadas no uso das novas tecnoloxías.

3. No ámbito das telecomunicacións

- Desenvolver unha política de telecomunicacións que favoreza a competencia, o investimento en novas infraestruturas e o equilibrio territorial e, en concreto:
 - a) **Reducir os prezos de interconexión fixo-móbil** aproximándoos aos custos reais do servizo.
 - b) Estabelecer unha oferta de referencia que permita a aparición de operadores móbiles virtuais.
 - c) Axudar aos operadores para que invistan en novas infraestruturas de alta capacidade.
 - d) Exixir aos titulares de licenzas UMTS o cumprimento dos compromisos de investimento e creación de emprego asumidos.
 - e) Exixir a todos os operadores, en especial a Telefónica, o cumprimento dos compromisos de investimentos derivados da Lei do Cabo de 1995.
 - f) **Axilizar a portabilidade do número** no caso de cambio de operador.
 - g) Garantir que os guías telefónicos inclúan todos os aboados dunha demarcación territorial, sexa cal for o seu operador.
- Desenvolver unha **política tarifaria no ámbito da telefonía fixa** que atenda especialmente a **redución da cota de aboamento e do prezo das chamadas locais e metropolitanas.**

II.5.3. Promoción da investigación científica e da innovación

Presentada como unha das bandeiras do programa electoral do PP para o ano 2000, a política científica desenvolvida nos últimos catro anos de goberno Aznar non merece outro cualificativo que o de desastrosa. Algúns datos servirán para ratificar esta afirmación:

- O gasto en I+D a nivel estatal segue por debaixo do 1% do PIB, fronte ao 2,2% de media da UE e o

- 3,5% das rexións europeas máis avanzadas. Para a Galiza os datos son aínda peores (menos do 0,6% do PIB) e a tendencia é a que os diferenciais a respecto do Estado e de Europa sigan a se incrementar.
- Para alén de baixo, o 31,4% do gasto estatal en I+D ten carácter militar e carece de calquera carácter innovador. No caso galego, a porcentaxe é aínda maior: repárese en que a totalidade dos cartos investidos na construción das fragatas F-100 en Ferrol é computado polo Goberno como gasto en I+D.
 - A política científica do Goberno español discrimina abertamente a Galiza e incrementa o desequilibrio territorial: só por pormos dous exemplos, apenas o 3% das axudas do CDTI foron concedidas a proxectos galegos; menos do 4% dos contratos a investigadores financiados polo programa “Ramón y Cajal” se concederon a Universidades ou centros de investigación da Galiza. Como resultado desta política, apenas o 1,5% das patentes rexistradas no Estado español (que, pola súa vez, só supoñen o 0,59% do conxunto das patentes rexistradas na UE) proceden do noso país.
 - Os organismos públicos de investigación (OPI) de titularidade estatal radicados en Galiza seguen cun financiamento estancado desde os anos oitenta do século pasado (apenas 158.000 euros para o ano 2004). A maior parte do investimento estatal segue a se destinar aos centros de investigación radicados en Madrid. Deste xeito, a acción governamental confirma e agrava a tendencia iniciada por grandes empresas que, como Unión-Fenosa ou ENDESA, trasladaron á capital do Estado a totalidade dos seus centros de I+D antes instalados en Galiza.
 - Os planos de I+D elaborados polo Goberno español obvian as necesidades e as prioridades galegas: nin a seguranza do transporte marítimo nin a loita contra a contaminación mariña son consideradas áreas prioritarias. A intervención científica en relación coa catástrofe do “Prestige” demostrou dramaticamente o desprezo pola comunidade científica galega, punteira a nivel internacional no ámbito das ciencias do mar.
 - A xestión económica e administrativa do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía foi pésima: a falta de capacidade de xestión provocou a perda de fondos europeos (os mesmos que o Goberno impide xestionar a Galiza), as inxustificábeis demoras no pagamento de bolsas e axudas a grupos de investigación (superiores a un ano), e que, entre o ano 2000 e o ano 2002, se deixasen de executar 1020 millóns de euros, uns cartos que terían permitido a creación de 20.000 novas prazas de investigadores.
 - O desprezo do PP pola ciencia acha un claro exemplo no tratamento ofrecido polo Goberno aos bolseiros de investigación: tras anos de reclamacións, o “Estatuto do Bolseiro” aprobado a fins de 2003 non serve para resolver os problemas dun colectivo sobre o que descansa unha parte fundamental do sistema científico galego e estatal. Este “Estatuto” non recoñece o carácter laboral da relación entre o bolseiro e o centro de investigación: malia as bolsas seren consideradas como “rendas do traballo” a efectos do IRPF, segue sen se lles recoñecer a cobertura por desemprego, a base de cotización por continxencias comúns á Seguranza Social límitase ao SMI, discrimina os investigadores predoutorais e aos perceptores de bolsas privadas...; en definitiva, desaléntase e precarízase a dedicación á investigación científica.

Á vista do fracaso dunha política científica sen ambición, mal financiada, peor xestionada e allea ás necesidades de Galiza, o BNG propón:

- a) **O incremento da fracción do PIB dedicada a I+D**, depurada de gastos de natureza militar, até a igualar coa media da UE nun prazo máximo de tres anos.
- b) A adopción de medidas dirixidas á cohesión territorial en materia de I+D como:
 - **Transferencia á Xunta dos OPI estatais radicados na Galiza**, nomeadamente dos dependentes do CSIC, previo saldo da débeda histórica en materia de investimento estatal en I+D no noso país.
 - **Territorialización do “Fondo Nacional de I+D”** a través de criterios de reparto que teñan en conta os desequilibrios territoriais existentes.
 - Xestión polas autoridades galegas dos fondos europeos destinados a I+D que lle corresponda percibir a Galiza.
 - **Financiamento estatal da instalación e dinamización en Galiza de centros de referencia de I+D no ámbito da ciencias mariñas, da transformación de produtos do mar, do téxtil, do automóbil, da construción naval, da pedra e da madeira.**

- A consideración como áreas prioritarias no financiamento público de proxectos de I+D daquelas que interesan especialmente a Galiza, relegadas até o de agora polos sucesivos gobernos españois.
- **A mellora das condicións de traballo das persoas que traballan no ámbito científico e investigador**, nomeadamente das que teñen bolsas de investigación: regulando a súa relación laboral; mellorando a súa protección social a través do **recoñecemento da cobertura por desemprego**; estendendo a cotización por contingencias comúns á Seguranza Social ao 100% da retribución percibida en cada caso; deseñando unha carreira que fomente a estabilidade e a promoción profesionais; e estendendo estes dereitos e melloras a todos os bolseiros e investigadores, con independencia do carácter público ou privado da bolsa que perciban.

II.5.4. Política enerxética

- O BNG continuará a denunciar que, a pesar de ser Galiza un país excedentario na produción de enerxía eléctrica e de realizar unha transferencia monetaria gratuíta ao resto do Estado a través da histórica instauración da tarifa unitaria, o nivel de subministración eléctrica no noso país é aínda moi deficiente, nomeadamente nas zonas rurais, polo que se instará a que os Reais Decretos que fixan anualmente a tarifa eléctrica integral inclúan partidas dirixidas a **planos de electrificación e de mellora da subministración eléctrica** nestes ámbitos rurais.
- Realización das actuacións políticas necesarias para que a Estratexia estatal de Aforro e Eficiencia Enerxética para o período 2004-2012, no contexto dunha política enerxética racional, inclúa as medidas necesarias para **promover o aforro de enerxía, impulsar unha utilización máis eficiente da mesma, diminuír a intensidade enerxética do sistema económico galego, e para situar a prevención e avaliación dos impactos ambientais, a integración medioambiental e un desenvolvemento sustentábel eficaz e real, como alicerces da mesma.**
- **O BNG levará a cabo todas as medidas necesarias para que o conxunto de infraestruturas enerxéticas que tiñan prevista a súa instalación na Galiza**, nalgún caso desde o comezo dos anos noventa, fundamentadas na converxencia do gas e da electricidade e baseadas na nova tecnoloxía produtora de electricidade dos ciclos combinados a gas, máis eficiente e menos contaminante, e a planta regasificadora galega, a pesar da inclusión de todas elas na Planificación enerxética estatal 2002-2011, **superen a actual situación de abandono** das mesmas, como froito do crecente desleixo das eléctricas Endesa e Unión Fenosa co noso país, o que se pode traducir nun enorme fracaso enerxético-industrial e nunha pexa máis para o desenvolvemento futuro do sector empresarial galego.

II.5.5. Apoio ao comercio

A imposición dun novo réxime sobre horarios comerciais, rexeitado con rotundidade polas organizacións representativas do pequeno e mediano comercio e pola maioría de forzas políticas –entre elas e dun xeito destacado o BNG–, supuxo unha convulsión na estrutura do sector comercial, cuxas consecuencias comezan a ser percibidas tanto polo sector como polos consumidores en xeral.

A concentración do mercado de distribución foi en aumento, ao reducirse considerabelmente o número de establecementos comerciais, sobre todo aqueles de carácter familiar. As repercusións foron, por unha banda, a redución de empregos, e, por outra parte, a consolidación da posición dominante do mercado das grandes superficies comerciais e cadeas de distribución de venda en detrimento da oferta competitiva, influíndo decisivamente no incremento dos prezos, que nos últimos anos superaron considerabelmente as previsións efectuadas.

Perante o impacto social e económico ocasionado por esa política a respecto do comercio, **o BNG impulsará a adopción de iniciativas políticas que axuden á preservación do tecido comercial propio e potencien o desenvolvemento comercial de xeito harmónico, establecendo mecanismos regulado-**

res orientados a protexer o sector comercial tradicional:

- **Promover as medidas que permitan favorecer a situación de mercado do pequeno e mediano comercio tradicional face á masiva implantación de grandes áreas comerciais**, especialmente onde houber unha maior concentración da distribución comercial.
- Instar á **modificación da regulación sobre horarios comerciais**, atribuíndo ás Comunidades Autónomas competencia exclusiva para a súa fixación en atención ás características específicas do tecido comercial en cada territorio, e, en todo o caso, evitando permitir unha maior apertura en domingos e festivos.
- Reclamar a colaboración do Goberno Central coas Comunidades Autónomas para emprender acción divulgativas e publicitarias de fomento de hábitos de consumo no pequeno comercio tradicional.
- Definir a delimitación clara da posición de dominio na distribución comercial e dotarse das medidas que impidan unha concentración excesiva, a nivel quer estatal, quer galego.
- Estabelecemento dun sistema homologado entre os fornecedores e as grandes superficies comerciais, tutelados pola Administración, que garantan o pagamento por parte destas en prazos razoábeis, **erradicando a práctica da utilización dos pagamentos aprazados como un mecanismo de presión sobre fornecedores e de distorsión da libre e leal competencia** cos pequenos e medianos comercios.
- **Impulsar a equiparación das comisións aplicábeis ao pagamento con tarxeta de crédito ou débito** no pequeno e mediano comercio e nas grandes áreas comerciais, que non superarán de xeito indicativo o 1 por 100.
- Arbitrar os instrumentos necesarios para protexer aos consumidores do sobreendebedamento, por medio dunha norma que regule os aprazamentos de pagamento ao consumidor debedor en situacións de insolvencia condicionados a un plano de reembolso, e os mecanismos que eviten a situación de sobreendebedamento.
- Propor a modificación da lexislación sobre crédito ao consumo para dispor, expresamente e en todos os supostos, a ineficacia dun contrato destinado á financiación da prestación dun servizo cando este se interrompe por causas alleas ao consumidor, obrigando dese xeito ás entidades financeiras a asumir a xestión deficiente das empresas prestadoras de servizo a que prestan apoio e soporte financeiro.

II.5.6. Política agraria e de desenvolvemento rural

A agricultura galega mantense submetida a profundos procesos de reconversión, que se traducen nunha perda significativa de capacidade produtiva e de empregos agrarios, e nunha profunda transformación do medio rural, que presenta un grave problema de despoboamento.

A recente reforma da Política Agrícola Común (PAC), apoiada de xeito irresponsábel polo Goberno do Partido Popular sen ter a máis mínima consideración sobre as súas repercusións para Galiza, suporá continuar co mesmo modelo de política agraria a nivel europeo, caracterizado por potenciar a agricultura “comercial”, que favorece as grandes explotacións relacionadas cos mercados internacionais, en detrimento da agricultura “territorial”, conformada por pequenos e medianos agricultores, que propicia o mantemento de poboación no medio rural, ademais de insistir en debilitar o necesario papel regulador das institucións nos mercados agrarios e os mecanismos que garanten prezos dignos para as producións agro-gandeiras.

As medidas aprobadas, que serán de aplicación ao longo dos vindeiros anos, non se adaptan ás necesidades do agro galego nin contribúen a resolver os seus problemas estruturais; é por isto que **desde o BNG seguiremos a defender un modelo agrario alternativo, que potencie a agricultura e a gandaría de xeito equilibrado en todas as zonas de Europa, e en especial na Galiza, acorde cun aproveitamento racional dos recursos endóxeos e como peza fundamental para garantir a soberanía e a seguranza alimentar de todos os pobos de Europa**. Como criterios xerais para o agro galego propore-

mos:

- **A descentralización a nivel de Estado das axudas agrarias**, atribuíndo ás CCAA a capacidade para aplicar os pagamentos das axudas directas da PAC, a fin de adecuar esas axudas aos diferentes modelos de produción que existen no Estado español e de **pór fin á marxinação que sofren os labregos e labregas de Galiza a respecto do apoio público á súa actividade agraria**.
- Impulsar ao máximo os mecanismos permitidos para a modulación das axudas agrarias.
- **Estabelecer axudas complementares para o desenvolvemento rural**, especialmente orientadas a **apoiar a actividade económica no rural e con iso a fixación de poboación rural**.
- Promover a reforma da Lei de explotacións agrarias prioritarias, para que se contemple a especificidade das explotacións familiares galegas, posibilitando en todo o caso o seu acceso á devandita cualificación, así como aos beneficios fiscais outorgados pola citada lei.
- **Impulsar a regulación dun sistema de prezos transparente, garantindo a seguranza e estabilidade aos produtores**; o fortalecemento das interprofesionais agroalimentares; e a extensión dun sistema de contratos homologados, coa participación conxunta da Administración, a industria e o sector produtor.
- Articular un Plano de actuación específico para as comarcas galegas con infraestruturas de regadíos, reclamando unha **maior atención e dotación nos futuros Planos de Regadíos para potenciar o desenvolvemento integral das zonas regábeis de Val de Lemos, Terra Cha e A Limia**.
- Instar á revisión da lei sobre a viña e o viño, a fin de preservar as competencias autonómicas na materia e melloralas nos seguintes aspectos: a redución das categorías sobre viños de calidade, o reforzo dos consellos reguladores e das súas funcións relativas ao control da calidade do viño, e a preservación do potencial vitivinícola de cada zona vitícola.
- Promover a **mellora nos seguros agrarios para explotacións gandeiras**: instauración dunha póliza de seguro para as explotacións gandeiras que cubra os riscos de xeito integral a prezos asumíbeis, modificación das coberturas de produción pecuarias de xeito que se integren os novos riscos das explotacións gandeiras no sistema de seguros agrarios combinados, e posibilitar a participación das CCAA con competencias exclusivas en materia agraria no deseño e xestión do sistema de seguros agrarios combinados.

II.5.6.1. Sector Lácteo

A insuficiencia de cota láctea a Galiza continúa a ser a ameaza máis importante para conseguir un sector lácteo máis reforzado e competitivo para o futuro. Os produtores de leite de Galiza mantéñense nunha inseguranza case permanente, sen que desde os distintos Gobernos se lles posibilite a normalización nun marco estábel que garanta a viabilidade das súas explotacións leiteiras. A recente reforma da PAC, coa complicidade do PP que aceptou sen emenda a nova regulación do leite en Europa, lonxe de solventar esa problemática, agravará máis esa difícil situación, xa que non satisfai as aspiracións de axustar a cota láctea de Galiza nin á produción real de leite no país nin ás necesidades de abastecemento dos mercados máis próximos:

- **A condonación das sancións pola sobreprodución na cota asignada a Galiza que aínda fiquen pendentes**, até que na Galiza se acade un nivel medio de cotas por explotación similar ao dos restantes Estados produtores de leite na UE, e, en calquera caso, unhas cotas de produción que permitan obter rendas dignas para os/as produtores/as.
- Manter ante os órganos da Unión Europea a **reivindicación de redistribución de cotas a nivel europeo**, para que deixen de estar vinculadas aos dereitos históricos e se teña en conta a dimensión das explotacións, o potencial de crecemento das mesmas e as necesidades de abastecemento dos mercados próximos.
- Creación dun ente público, coa participación das Organizacións Profesionais Agrarias, que xestione o

novo sistema de cotas, que poña fin ao reparto oneroso de cota láctea por parte da “Reserva Nacional” e ao proceso especulador de compra-venda de cotas.

- A derogación da normativa sancionadora en materia de réxime da cota láctea.

- A promoción, a través de liñas de subvencións, da constitución de Asociacións de Produtores Agrarios como agrupacións de primeiros compradores, a partir da base cooperativa.

II.5.6.2. Sector da Carne

Os gandeiros e gandeiras produtores de carne están a sufrir as consecuencias da regresiva política agraria común, véndose submetidos a unha continua baixada dos prezos que non é compensada polas axudas que perciben, ao seren claramente insuficientes, e, ademais, ao non se adecuar á normativa que as regula á realidade do sector galego.

As crises alimentarias que afectaron o subsector de carne de vacún puxeron en evidencia os perigos dunha práctica produtiva cada vez máis intensiva, polo que é preciso inverter esa tendencia, promovendo en todo o caso as producións extensivas e a produción de alimentos saudábeis e de calidade. Ademais, face á continua intención centralista do Goberno, é necesario adoptar modelos de reordenación do sector acaídos a cada territorio e seguindo as pautas de produción existentes en cada Comunidade Autónoma:

- **Manter a reivindicación dun aumento considerábel de primas por vacas aleitantes**, para adecuar os dereitos de prima á cabana gandeira, así como a inclusión das xovencas no cómputo dos dereitos.
- Defender que a penalización polo sobrepasamento do límite máximo de primas asignado ao Estado español non repercuta nas explotacións de carácter familiar con produción ligada á terra.
- Exixir a modificación das axudas á ceba dos xatos, optando por unha modalidade de primas baseada no peso, e non na idade, concedendo a prima a todos os becerros con máis de 185 qg/canal e un período de retención mínimo de dous meses, evitando así que un elevado número de xatos continúen sen dereito a prima na Galiza.
- Impulsar medidas que favorezan o engordamento dos xatos dentro da propia explotación gandeira, preferentemente en réxime extensivo, evitando que os gandeiros teñan que recorrer á venda para cebadeiros intensivos de fóra de Galiza.
- **Solicitar o incremento das contías dos pagamentos complementares ás vacas aleitantes con cargo aos fondos estatais.**
- Defender o incremento das primas de ovino e caprino asignadas a Galiza, favorecendo o aumento o desenvolvemento destas explotacións.
- Impulsar o **incremento das indemnizacións compensatorias e da porcentaxe nas axudas ás explotacións afectadas pola Lei de agricultura de montaña**, asegurando, así mesmo, un aumento das dotacións orzamentarias destinadas a eses fins.
- Propor a regulación das transferencias de dereitos de vacas nodrizas a través da Reserva Estatal, atribuíndo a xestión ás CCAA. No caso das explotacións de alta montaña, o traspaso deses dereitos debería ir vinculado necesariamente á explotación, co gallo de evitar o descenso produtivo nas zonas máis desfavorecidas.
- Retomar a financiación pública da recollida e eliminación de materiais específicos de risco, para que non se desprace o seu custo aos produtores, aos consumidores ou á industria cárnica.
- **Continuar a impulsar medidas tendentes a promover o consumo de carne de vacún:** a regulación e posta en marcha da trazabilidade, a realización de campañas informativas institucionais periódicas para incentivar o seu consumo.

II.5.6.3. Sector Forestal

A política forestal decantouse por unha vocación produtivista dos montes galegos, sen levar parellas outras actuacións tendentes a unha ordenación racional do monte nin a valorar as restantes actividades e funcións relacionadas cos recursos forestais e o uso social e ecolóxico do monte.

A aprobación da lei sobre montes apenas avanza nalguns aspectos sobre a ordenación dos montes, e consiste máis ben un instrumento para manter a planificación forestal a escala estatal –causante de graves desequilibrios no monte galego–, e con iso negar a capacidade das CCAA na configuración do seu propio modelo de planificación, xestión e aproveitamento dos seus recursos forestais.

O BNG avogará por unha nova política forestal que recoñeza as peculiaridades de cada territorio e que permita ás CCAA deseñar unha política forestal con sinais propios de identidade; que estea orientada a mellorar a calidade ecolóxica dos nosos montes, sobre todo a recuperar a súa diversidade e a realizar un aproveitamento sostíbel; e que manteña a mención específica aos montes veciñais en man común como forma singular de propiedade forestal:

- Reforma da lexislación estatal sobre montes, para **potenciar a participación das Comunidades Autónomas no deseño da Estratexia Forestal** e permitir a aprobación dun Plano Forestal de Galiza xenuíno, acaído á nosa realidade e non subordinado de xeito incondicionado ás directrices estatais.
- Redefinición dos Programas de forestación de terras agrarias, destinando os recursos prioritariamente á repoboación de baldíos, terras non cultivadas e de nula vocación agraria, compatibilizando o uso forestal con outras producións ou usos da terra. Así mesmo, defenderemos que as axudas se concedan de forma que se priorice a conservación e formación do patrimonio forestal con especies e masas boscosas autóctonas.
- **Tratamento fiscal específico para a actividade forestal, baseado en principios de equidade e simplicidade,** e que beneficie sensibelmente aos propietarios e propietarias forestais que promovan repoboacións que axuden a unha maior conservación dos recursos do monte.
- Promover a **derrogación do actual réxime tributario dos montes veciñais en man común,** e na súa substitución a promulgación dunha **regulación fiscal específica, atendendo á súa peculiar natureza e á función social e ecolóxica a que están destinados.**

II.5.7. Política pesqueira

A pesca sempre ocupou un lugar residual dentro da política estatal, pese a constituír o Estado español unha potencia mundial tanto por frota como por emprego neste sector. A realidade é que a actividade pesqueira se concentra nunhas poucas comunidades costeiras, das que a Galiza é a mais importante, sexa cal for o indicador utilizado para a comparación.

O desprezo da pesca a nivel estatal e europeo evidénciase na inclusión deste sector como un apéndice marxinal do Ministerio de Agricultura e mais na falta de interese da Unión Europea pola renovación dos convenios pesqueiros con terceiros países. En moitas ocasións, foi a actuación do BNG no Congreso dos Deputados a que permitiu traer ao primeiro plano da actualidade política a problemática do sector pesqueiro e, en particular, a repercusión das distintas políticas na pesca galega.

A catástrofe do “Prestige” sobre as costas galegas vai provocar uns danos a medio e longo prazo sobre os recursos mariños e a calidade do medio costeiro; xa que logo, con prexuízos directos sobre o sector pesqueiro e marisqueiro, que xa comeza a experimentar unha merma de capturas en determinadas especies e zonas. Até o momento, **a irresponsábel posición do Goberno español, negando a afección ao medio e decretando a plena normalidade, provocou que non se adoptase ningunha medida tendente á recuperación do litoral e, nomeadamente, á limpeza dos fondos mariños da nosa plataforma.**

Cómpre, por tanto, un compromiso real do Goberno central á hora de articular medidas de impulso ao sector pesqueiro e marisqueiro. **O BNG non permitirá que se utilice a catástrofe que sufriu o noso país como coartada para emprender unha nova reconversión pesqueira, neste caso da frota de baixura e litoral.**

A recente reforma da Política Común de Pesca non significou unha mudanza da situación de marxinación estrutural da pesca galega desde o ingreso do Estado español no “Mercado Común” (1986). Os buques galegos teñen expresamente prohibido o acceso a determinados caladoiros ou a captura de determinadas especies, mentres frota doutros estados da UE (e mesmo de fóra da UE) si poden facelo.

Observamos con preocupación a tendencia comunitaria de invasión de competencias exclusivas do noso país, que converte o propio Estatuto de Autonomía en papel mollado. O último intento, consistente en regular desde Bruxelas a actividade dos buques galegos maiores de 10 metros de eslora (frota de baixura, por tanto) precisa da adopción de accións político-institucionais que o eviten. O Goberno español –con independencia das actuacións das institucións galegas a neste ámbito– debера ser garante do respecto da Unión Europea polo ámbito competencial galego.

No BNG somos conscientes de que a importancia deste sector vai máis alá do valor das capturas e dos empregos directos que xera, e sabemos da relevancia do complexo mariño-industrial para o desenvolvemento económico de Galiza. É por iso polo que continuaremos co traballo en defensa do sector pesqueiro no Congreso dos Deputados, e seguiremos a defender a adopción de medidas de plena vixencia como:

- **Transferencia do dominio público marítimo e marítimo-terrestre**, así como a competencia exclusiva nas 12 millas.
- Transferencia á Xunta de Galiza dos cometidos e potestades que aínda ten atribuídos a Garda Civil do Mar.
- Inclusión da pesca nos acordos xerais de cooperación que asina a UE con terceiros países, evitando deste xeito a marxinación política que padece a pesca na UE.
- **Transferencia á Administración galega da xestión exclusiva dos fondos comunitarios IFOP** (Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca) que lle corresponden a Galiza, exixindo un nivel suficiente que permita acometer a modernización da frota.
- Adopción dun convenio entre a Xunta de Galiza e o Goberno Central para a **modernización da frota artesanal e de baixura**.
- Modificación dos criterios de distribución de subvencións do Estado español en materia de apoio a estruturas pesqueiras e mais de fomento da acuicultura e cultivos mariños, de forma que atendan á dimensión e á importancia socioeconómica da pesca en Galiza.
- **Presenza da Xunta de Galiza na Comisión Mixta de Pesca Hispano-Portuguesa.**
- Rebaixa das tarifas telefónicas do servizo móbil marítimo, para os mariñeiros das frota de longa distancia, incluídos os que traballan en buques pertencentes a sociedades mixtas.
- Elaboración e posta en marcha dun **Plano de Asistencia Sanitaria para a frota pesqueira de altura e longo alcance**.
- Adopción das medidas necesarias para os mariñeiros embarcados na frota de altura e longo alcance poderen votar nos diversos procesos electorais.
- Negociación coa Xunta de Galiza e co sector dunha **alternativa para a frota do arrastre litoral**. En calquera caso, as medidas que eventualmente se adoptaren, en canto a vedas, necesitarán dos correspondentes estudos científicos, integridade do conxunto de artes no seu cumprimento e a avaliación das consecuencias económicas e sociais desta decisión.
- Realización de convenios entre o Goberno do Estado e a Xunta de Galiza para a **potenciación do marisqueo e dos cultivos mariños**.

II.5.7.1. Pesca galega en augas comunitarias

O principio de estabilidade relativa foi establecido como punto inicial de partida para a formulación da política de xestión de recursos nas augas comunitarias, consagrando o *statu quo* existente, en función das capturas históricas nelas; mais o feito de ter nacido antes da incorporación do Estado español á Comunidade desvirtúa completamente a súa validez como base regulamentadora dunha política de xestión pesqueira no atinente ás capturas. A incorporación dun sector pesqueiro fortísimo, capaz e eficiente como é o do Estado español –do que o galego é a súa parte máis significativa– invalida e deslexítima a vixencia deste principio. Ademais, nos mesmos termos da política comunitaria, o funcionamento dese criterio debería estar sempre condicionado aos principios de fomento do desenvolvemento económico, en xeral, e do desenvolvemento rural, en particular.

O principio de estabilidade relativa non debería funcionar de forma que a súa aplicación resulte en detrimento da capacidade produtiva da frota galega, frota que ten cumprido rigorosamente os planos de redución e adecuación deseñados pola Comisión Europea. Non é concibíbel, por tanto, que a representación política española admita que a actuación derivada dunha defensa instrumental do principio de estabilidade relativa obre á contra dos dereitos da pesca, e, polo tanto, do país galego. En consecuencia, o BNG:

- **Exixirá do Goberno Central que defenda**, no Consello de Ministros da Unión Europea e perante a Comisión Europea, **a derogación do principio de estabilidade relativa**.
- Propugna unha **política de xestión dos recursos pesqueiros** que teña en conta como base de partida a **capacidade de captura, eficiencia e sostibilidade do recurso en función do sostemento do sector pesqueiro** como tal, que se axuste aos seguintes criterios:
 - Proposta de que as **Capturas Totais Admisíbeis (TAC) comunitarias sexan plurianuais**, para permitir a planificación empresarial, e máis multiespecíficas, o que permite evitar os descartes que se están a dar cos TACs actuais.
 - **Medida do esforzo pesqueiro**, tendo en conta un cómputo anual de días na pesca e non necesariamente o cómputo semanal.
 - **Coparticipación do sector pesqueiro nos mecanismos de control da pesca**.
 - Defensa de medidas técnicas de recoñecido éxito na súa posta en práctica que complementen aos actuais criterios científicos.
 - Coordinación efectiva das distintas administracións na regulación destas pescarías.

II.5.7.2. Pesca galega en augas internacionais extracomunitarias

- O BNG continuará a reclamar a **presenza do Goberno galego** nas conversas de **renovación dos convenios pesqueiros internacionais**.
- Negociación urxente dun **novo acordo pesqueiro entre a UE e Marrocos**.
- Procura de portos base operativos nos oceanos Índico e Pacífico para a frota atuneira e espadeira.
- Así mesmo, o BNG reclamará do Goberno Central a elaboración dun plano de accións sobre recursos exteriores –fóra dos mares comunitarios–, que conte coa participación das organizacións representativas do sector e que sirva como marco de futuras accións pesqueiras. En tanto este plano non se elabora, o BNG defenderá a adopción das seguintes medidas:

Frota conxeladora

- Acadar os apoios na Comisión da Organización de Pesca do Atlántico Noroeste (OPANO) para **evitar a execución do Plano de recuperación de recursos nos seus actuais termos**, que supón un recorte do 65% das capturas asignadas á frota galega, exixindo a realización de novos estudos científicos imparciais e verificábeis, que estean exentos da importante controversia sobre a validez dos estudos en que se basea o actual plano.

- Realizar **novas campañas de investigación científica na zona de Regulación de OPANO** que sustenten a pesca galega a longo prazo e contribúan a revisar as TACs. Estabelecer planos cuadrienais de campañas dirixidas tanto ás especies planas (platuxa, coreano e limanda) como ao fletán negro.
- Levar a cabo campañas experimentais ou bioeconómicas orientadas á diversificación da actividade, tanto no Atlántico Norte (Banco Haton, Dorsal de Reykjanes, Mar de Irminger), como no Atlántico Sur (Banco de Valdivia, Banco de Josefina, Islas Georgias, etc...).
- Negociación urxente de **novos acordos de pesca para a diversificación da actividade da frota**, mantendo o pavillón propio mediante cotas e licenzas, con distintos Estados como Namibia, Sudáfrica, Estados Unidos, Perú, Chile, Arxentina, Angola, etc.
- **Recuperación dos votos dos Estados membros da UE en NAFO e outros organismos multilaterais de regulación de pescaías.**

Frota bacalloeira

- **Ampliación de zonas e cotas de pesca**, coa revisión e mellora da situación en Svalbard, conseguindo un aumento de cota polo aumento da poboación no caladoiro.
- Mentres non for posíbel o incremento de cotas de captura, estableceranse **compensacións económicas para mariñeiros e armadores polo tempo de amarre forzoso**, que cubran a protección social e as retribucións salariais.
- Estabelecer un **acordo pesqueiro con Rusia.**

Frota do peixe-espada

- Defensa de **medidas que aseguren a estabilidade e viabilidade da frota do peixe-espada** (mantemento de TACs, diversificación da presenza en augas internacionais, control das importacións para evitar a competencia desleal, estabilidade de prezos, renovación da frota, etc.).

II.5.7.3. Empresas mixtas

- Defensa de **medidas que garantan a actividade das actuais empresas mixtas en augas de terceiros países**, así como o nivel de emprego de traballadores galegos que faenan nos barcos destas empresas.

II.5.7.4. Comercialización

- Ao tempo que seguiremos reclamando a competencia do Goberno galego en todos os portos de Galiza, defenderemos a **transferencia das lonxas, instalacións e servizos pesqueiros dos portos galegos de interese xeral** á Administración autonómica.
- Control sanitario das importacións para que os produtos presentes no mercado galego cumpran as mesmas normas que emanan da Administración galega, en defensa da saúde pública e da calidade do produto que se ofrece ao consumidor.
- Permitir que na comercialización de produtos pesqueiros, e nomeadamente na normativa de etiquetado obrigatorio, poida figurar "Galiza" como indicación da súa procedencia.

II.5.7.5. Investigación pesqueira

O BNG reclamará do Goberno Central a adopción das seguintes medidas:

- **Incremento dos fondos destinados á investigación pesqueira**, de forma que permita mellorar o coñecemento dos *stocks*, o estudo de novas zonas de pesca e o apoio técnico necesario nas negociacións a nivel internacional.
- Estabelecemento de convenios entre o Goberno central e a Xunta de Galiza para a **realización de campañas de investigación pesqueira, para a potenciación do marisqueo e dos cultivos mariños**, así

como para a realización de programas de repoboación de especies de interese comercial nas zonas afectadas pola catástrofe do “Prestige”.

- **Transferencia do Centro de Formación Ocupacional Marítima de Bamio**, hoxe dependente do Instituto Social da Mariña (ISM), e de toda a programación de cursos que realiza este organismo en Galiza.
- **Transferencia das competencias en materia de investigación oceanográfica e pesqueira** e dos centros do Instituto Español de Oceanografía situados na Galiza.

II.6. POLÍTICA FISCAL

Desde a súa chegada ao Goberno en 1996, **o Partido Popular puxo en marcha unha estratexia de contrarreforma fiscal que ten como obxectivo principal a redución da carga fiscal que soportan as grandes empresas e as persoas con niveis de renda máis elevados, ao tempo que se traslada esa carga fiscal para os/as traballadores/as, as pequenas empresas e os autónomos e, en xeral, para os perceptores de rendas máis baixas.**

Esta estratexia de configuración dun **Sistema Fiscal a cada paso máis regresivo** está a se realizar a través de sucesivas reformas que afectan á práctica totalidade do Sistema Fiscal, entre as que cómpre salientar, pola súa importancia cuantitativa e cualitativa, as reformas do Imposto Sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) aprobadas no anos 1998 e no ano 2002.

As modificacións introducidas no IRPF polos Gobernos do PP supuxeron unha transformación total deste imposto, de tal xeito que **provocaron a ruptura da equidade horizontal no tratamento das distintas fontes de renda, en prexuízo das rendas do traballo face ás do capital, reducíndose de xeito alarmente a progresividade do imposto.**

A redución do grao de progresividade estase a practicar por varias vías:

- a) A redución do número de tramos da tarifa, que pasou de 8 en 1996 a 5 a partir do ano 2002, ampliando os intervalos de renda que tributan ao mesmo tipo marxinal.
- b) A redución do tipo marxinal aplicábel ao tramo de renda máis alto da escala (as rendas superiores a 72.000 pasaron de tributar ao 56% en 1996 a facelo ao 45% despois do ano 2002), rebaixa moi superior á aplicábel ás rendas medias e baixas.
- c) O traslado de deducións da cota á base imponible. A minoración da base implica que as rendas máis altas obteñen maiores aforros das deducións que as rendas baixas, porque o seu efecto se amplifica coa aplicación do tipo de gravame.

Un dos principais eixos propagandísticos do PP baseouse na introdución dun conxunto de reducións xustificadas por motivos de carácter social e familiar, coa finalidade de escenificar un mellor tratamento fiscal das familias.

En contra desa tese, debemos denunciar que **ese conxunto de reducións familiares agocha a total inexistencia de servizos públicos de apoio ás familias, aos maiores e ás persoas discapacitadas.** A opción de protección social e familiar que defende o PP queda claramente perfilada nas reformas do IRPF: liberar parte da renda daqueles que a teñan para que procuren este tipo de servizos no mercado; impulsar un negocio crecente para as aseguradoras e mutuas sociais, dado o progresivo avellentamento da poboación; deixar absolutamente desamparadas as persoas ou familias que carezan dos recursos necesarios para sufragar o custo destes servizos. Sen dúbida, esta opción de política social contribuirá a incrementar as crecentes diferenzas de renda e de calidade de vida entre os diferentes estratos da sociedade.

Englóbase nese grupo o famoso cheque de 100 mensuais para as nais con nenos/as menores de tres anos, que en realidade consiste nunha dedución anticipada e que exclúe as nais que non teñan emprego remunerado, que son, previsibelmente, as máis necesitadas de apoio económico

De xeito congruente con esa concepción da política social, en materia de vivenda, primase aos arrendadores en detrimento dos arrendatarios, suprimindo a dedución por aluguer de vivenda e establecendo novos beneficios fiscais para os propietarios dos locais alugados.

As rendas do capital son as principais beneficiarias destas reformas, sexa coa modificación do tratamento fiscal dos seguros, sexa mediante a exoneración fiscal das cantidades reinvestidas en fondos de investimento, ou mediante o aumento das reducións aplicabeis ás ganancias patrimoniais.

O Goberno crea a ilusión dunha rebaixa xeneralizada dos impostos, mediante a manipulación do IRPF e a súa utilización de forma profusa e demagóxica nos medios de comunicación, para alén do dispendio en campañas institucionais de propaganda televisiva e de marketing directo para nos anunciar a todos os contribuíntes as marabillas da rebaixa de impostos. Claro está que esas campañas “informativas” omiten interesadamente facer mención do incremento xeneralizado e desproporcionado dos impostos indirectos, das taxas e dos prezos públicos que soporta toda a cidadanía, e que compen en boa parte a perda de ingresos do Estado por IRPF.

Outra parte é soportada polos contribuíntes con niveis medios de renda, para os que apenas variou a tarifa do IRPF, e unha terceira parte deriva nunha redución dos ingresos das Comunidades Autónomas.

O Goberno Central sabe que sendo o IRPF un imposto parcialmente cedido ás Comunidades Autónomas (33%), cando se altera a súa base ou a súa estrutura tarifaria, unha parte do custo da reforma é trasladada automaticamente ás Comunidades Autónomas, sen que o novo Sistema de Financiamento das Comunidades Autónomas teña previsto mecanismos que garantan a compensación dese custo. **Nesa liña de concesións fiscais ás grandes fortunas a costa dos ingresos doutras Administracións enmárcase tamén a proposta de supresión total do Imposto de Sucesións e Doazóns, con independencia da contía da herdanza.**

Baixo as campañas propagandísticas institucionais de rebaixa de impostos, agóchase unha estratexia de dismantelamento das funcións redistributivas do sistema fiscal e de traslado das obrigas fiscais das rendas máis altas para o conxunto da sociedade. En contraposición con esa estratexia, **o BNG vén defendendo unha configuración progresiva da política fiscal, baseada nos principios de equidade e xustiza social, que contribúa a unha distribución da renda máis xusta na sociedade.**

En materia de política fiscal, o BNG defende:

- **A recuperación da dedución por aluguer de vivenda** a favor dos arrendatarios.
- O establecemento dunha **dedución polos gastos médicos non cubertos pola Seguridade Social.**
- **A exención no IRPF das bolsas de estudos** en todos os niveis e graos do sistema educativo, **incluídas as bolsas de investigación.**
- **A transformación da dedución por maternidade nun subsidio a favor de todas as nais e pais** con nenos/as menores de tres anos e con ingresos familiares inferiores a 4 veces o salario mínimo inter-

profesional.

- Que a Axencia Tributaria practique a devolución de oficio a todos/as os/as contribuíntes non obrigados/as a presentar declaración polo IRPF.
- Que as persoas con minusvalías e as que non acaden os mínimos de renda que obrigan a presentar declaración poidan percibir a dedución por investimento en vivenda habitual de xeito anticipado.
- **A exención do imposto de sucesións e doazóns só para as herdanzas que non sobardaren os 300.000 euros**
- **A aplicación do tipo superreducido do IVA en produtos e servizos culturais.**
- A redución do 90% no Imposto de Actos Xurídicos Documentados na constitución de hipotecas para o acceso á primeira vivenda de persoas menores de 35 anos.
- A redución da base imponible do Imposto de Actos Xurídicos Documentados, de xeito que só se integre o importe real da hipoteca e non as garantías adicionais que establecen as institucións financeiras para os supostos de impagamento.
- **Adaptar os módulos, signos e índices á realidade da actividade produtiva dos traballadores e traballadoras autónomos.**
- Ampliar o ámbito de aplicación da conta corrente tributaria.

II.7. POLÍTICA DE SEGURANZA E XUSTIZA

A formulación do problema da inseguranza cidadá e o seu tratamento por parte do Goberno viñeron precedidos representación deformada e parcial da realidade por medio da permanente dramatización da ameaza da delincuencia coa intención de reforzar a alarma social. **Esa estratexia de sensibilización da opinión pública sobre a criminalidade ocultou en todo o momento a análise das súas causas, e abordou o problema desde unha óptica estritamente securitaria, sen afondar na súa relación coas cada vez máis evidentes diferenzas sociais.**

A construción interesada da realidade do crime foi o pretexto para converter calquera conflito social nun conflito securitario, e para impulsar e adoptar medidas de forte connotación represiva baseadas no endurecemento do castigo penal, sen se preocupar das razóns que se agachan tras o incremento da delincuencia nin ter en conta a eficacia desas medidas na reinserción social das persoas. Ademais, a aplicación de políticas análogas noutros países deron pé a sociedades máis cativas do medo, sen que a cambio se producise unha redución da criminalidade.

A traslación dun modelo represivo, baseado exclusivamente na lóxica de “lei e orde”, á política sobre seguranza cidadá, e, en concreto, ás medidas incluídas no paquete de reformas penais aprobadas polo Goberno (revisión do Código Penal, da regulación sobre prisión provisional, etc.), atinxe límites perigosos, pois chéganse a falsear os postulados do Estado social e democrático de dereito, ao identificar liberdade constitucional con seguranza, para aprobar medidas que supoñen en realidade unha redución dos dereitos e liberdades de todos/as os/as cidadáns/ás, avanzando na paulatina substitución do Estado social polo Estado penal.

O BNG seguirá opóndose a esa política securitaria e á reimplantación dun modelo de dereito penal autoritario fundamentado exclusivamente no endurecemento das penas, xa que non constitúen ningunha garantía para a redución das taxas de criminalidade nin da seguranza das persoas, e, polo contrario, supoñen unha ameaza para o sistema de garantías democráticas e as conquistas do Estado social.

II.7.1. Seguranza cidadá:

Para alén da filosofía conservadora e autoritaria que late nas medidas gobernamentais aprobadas para combater a inseguranza cidadá, hai que denunciar o seu carácter simbólico, pois o que realmente se pretende conseguir é influír na opinión pública a través da emotividade e da representación mental de seguranza, máis que de achegar solucións eficaces e efectivas que supoñan un avance importante na redución da criminalidade

A elaboración dunha alternativa global á política de seguranza cidadá vén motivada pola necesidade de superar esa visión reduccionista do problema, circunscrita exclusivamente ao seu tratamento penal, que parta dunha diagnose verosímil da delincuencia, teña en conta a análise das múltiples causas da criminalidade e achegue propostas que exploren outras vías capaces de solucionar a conflitividade social fóra da presión policial e do agravamento do castigo penal.

Ademais, os anunciados reforzos dos cadros de persoal policiais non contribúen especialmente na Galiza á loita contra a inseguranza cidadá, mentres non sexa adoptada unha solución satisfactoria que resolva o deficiente modelo policial que temos importado de épocas centralistas e predemocráticas, e que necesariamente ha de pasar pola implantación e extensión dun modelo policial propio acaído para o noso país, tendo en conta as peculiaridades a respecto da dispersión xeográfica e poboacional.

- **Posta en marcha dun Programa de Prevención**, que teña en conta a colaboración e cooperación de todas as Administracións, **que atenda prioritariamente as zonas e os sectores sociais máis sensíbeis**, e onde os índices de delincuencia estean asociados á desestruturación social e á marxinalidade, ou a problemas económicos e laborais, ao tempo que conteña as medidas socioeconómicas, educativas e asistenciais precisas para posibilitar a inserción social.
- Potenciar a coordinación entre os departamentos policiais e os servizos sociais, a fin de afondar na prevención do delito e non simplemente no control das condutas delitivas.
- **A creación dunha Policía Galega**, dando cumprimento ao disposto no Estatuto de Autonomía, a fin de que **haxa unha actuación conxunta e unificada nun corpo policial propio en Galiza, realizando unha distribución racional dos seus efectivos, acorde coas necesidades e a realidade do país**. Para facer posíbel a súa implantación, ao tempo que se transfiran os recursos humanos e materiais doutros corpos policiais á Comunidade Autónoma, garantírase a axeitada financiación para completar todo o proceso.
- A creación dunha Xunta de Seguranza de Galiza, baixo a supervisión e dirección da Xunta de Galiza, que coordine a actuación de todos os corpos policiais e que teña por obxecto o impulso dun Plano Autonómico de Seguranza que fixe os obxectivos e a estratexia de actuación en materia de seguranza cidadá e loita contra a criminalidade.
- **Reforzar a loita contra o crime organizado e as mafias**, incrementando os equipos de investigación e os operativos policiais destinados á súa erradicación, e revisando a lexislación penal para **axilizar a intervención no patrimonio incautado ás persoas integrantes das bandas criminais organizadas**.
- Proceder a desmilitarizar o corpo da Garda Civil.
- Acometer as reformas legais necesarias para permitir o exercicio dos dereitos sindicais e de libre asociación dos membros dos corpos policiais, especialmente da Garda Civil.

- Adecuación do réxime sancionador da Garda Civil ao réxime administrativo, excluindo a aplicación da normativa militar.
- En tanto non houber a efectiva implantación dunha Policía Galega, garantirase a presenza dos símbolos de Galiza nas instalacións da Policía e da Garda Civil.

II.7.2. Seguraza vial:

O constante incremento de accidentes de tráfico poñen en evidencia a gravidade do problema sobre a seguraza vial. Até o de agora, as medidas adoptadas insisten na vía sancionadora e recadatoria como solución para mellorar as condicións do tráfico e a seguraza nas estradas, sen que se teña demostrado a eficacia desas actuacións. A reforma impulsada polo Goberno na normativa sobre tráfico nesta lexislatura responde a esa orientación, e tampouco mellorou –sequera sensibelmente– a seguraza vial.

Galiza presenta unhas cifras realmente elevadas canto a accidentes de tráfico, malia a mellora da rede de estradas, o que debe motivar unha reflexión profunda. **O BNG promoverá o coñecemento das causas reais dos accidentes, para poder articular unha acción coordinada que permita incrementar a seguraza vial, reducir os accidentes e, sobre todo, facer diminuír o número de persoas que falecen ou sofren feridas nas estradas.** Para isto, proporemos as seguintes medidas:

- Realización dun inventario de todos os tramos viarios onde se produce unha elevada concentración de accidentes, e articulación dun Plano que fixe prazos e dotacións concretas, para, en primeiro termo, proceder á súa sinalización co fin de prever situacións de risco e, finalmente, conseguir a súa eliminación.
- **Estudo do establecemento de zonas con limitación de velocidade máxima a 30 quilómetros/hora, nas proximidades de centros escolares, sanitarios, residencias de persoas maiores, etc.**
- **Intensificación da divulgación de campañas de prevención especificamente dirixidas aos/ás mozos/as co obxectivo de prever as condutas de risco.**
- **Incremento dos créditos orzamentarios dedicados á conservación e mellora da sinalización das estradas.**
- Implantación nas estradas de sistemas de protección laterais con perfís non agresivos, a fin de evitar as mutilacións dos motociclistas.
- **Vinculación das axudas á industria automobilística á incorporación xeneralizada nos vehículos de novas tecnoloxías que axuden a garantir a seguraza dos viaxeiros.**
- **Inclusión da educación vial no ensino obrigatorio** e mellora da formación dos condutores. **Instauración do carné por puntos**, de xeito que os/as condutores/as que acumularen maiores infraccións teñan de facer unha reciclaxe formativa.
- Promulgación dun marco legal específico aplicábel á publicidade de vehículos, de xeito que **os anuncios de vehículos sexan consecuentes coas normas de circulación e seguraza vial**, estean orientados a eliminar os reclamos que exalten as sensacións de velocidade e risco e as condutas agresivas ao volante, e incentiven, polo contrario, outros aspectos dos propios vehículos máis importantes como a seguraza activa e pasiva, a comodidade, etc...
- Estudo da implantación de limitadores de velocidade nos vehículos, comezando polos dedicados ao transporte de mercadorías, de viaxeiros e dos condutores con menos tempo de experiencia, na perspectiva da súa xeneralización no futuro.
- Mellora das coberturas ofertadas polo Consorcio de Compensación de Seguros a prezos asequíbeis, como medida para evitar a circulación de vehículos sen cobertura aseguradora obrigatoria.
- **Extensión da rede de Oficinas de Tráfico na Galiza**, co establecemento urxente da Delegación en Ferrol e mais nas cabeceiras das comarcas máis afastadas dos núcleos urbanos para garantir a proximidade do servizo a cidadáns e cidadás.
- **Reclamar a transferencia en materia de seguraza vial a Galiza**, asegurando a dotación suficiente

para dotar da vixilancia axeitada a rede de estradas galega, así como para as restantes funcións relacionadas coa materia.

- Propor a implantación de equipos de axuda e asistencia, tanto psicolóxica como xurídica, ás vítimas dos accidentes de tráfico, así como ás súas familias.
- Fomentar de xeito activo o uso do transporte colectivo, estendendo a posibilidade de acceso ás subvencións do transporte urbano ás agrupacións de municipios de máis de 20.000 habitantes.

II.7.3. Xustiza:

A mellora da Administración de Xustiza na Galiza pasa necesariamente por unha asunción de maiores competencias por parte da Administración autonómica, de xeito que o sistema xudicial se adecúe á nosa realidade, aprofundando no proceso de transferencias nesta materia para que se cumpran, como mínimo, as previsións estatutarias sobre Xustiza.

Por outra banda, cómpre abordarmos unha revisión en profundidade das reformas de índole penal e procesual que o Goberno acometeu con clara vontade de instaurar unha cultura penal de excepción e de máximos, caracterizada polo excesivo castigo e a nula vontade de avogar pola reinserción social:

- **Converter o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza no órgano xurisdicional onde remate a organización xudicial na Galiza**, perante o cal se esgoten as sucesivas instancias procesuais, contribuíndo con iso a paliar a gravísima dilatación dos procesos xudiciais.
- **Atribución á Xunta de Galiza das competencias para o deseño e modificación da demarcación e planta xudicial na Galiza.** En tanto non se producir, o BNG defenderá a creación dos seguintes Xulgados: Xulgados de Primeira Instancia e Instrución na Coruña, Santiago e Carballo; Xulgado do Penal en Ferrol, así como a creación dunha Sección da Audiencia Provincial nesa cidade; Xulgados do Mercantil nas sete cidades galegas; reforzar os actuais Xulgados de Familia de Vigo e da Coruña e crealos onde houber un volume importante de asuntos; mellorar as dotacións dos Xulgados de Menores; reforzar a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza; e ampliar a Sección da Audiencia Provincial de Pontevedra en Vigo.
- Impulsar as modificacións precisas na regulación sobre os xuízos rápidos para incrementar e reforzar as garantías de defensa, e reclamar a dotación orzamentaria suficiente para implantar axeitadamente os xuízos rápidos, incrementando os medios humanos e materiais nos Xulgados de Primeira Instancia e Instrución.
- Reclamar **a reforma en profundidade do Ministerio Fiscal para garantir a súa independencia do Goberno**, propondo: **a súa elección previo ditame favorábel das Cortes Xerais**, que avaliarán os méritos e a traxectoria profesional das persoas candidatas; a dotación de partidas orzamentarias específicas para atender as súas necesidades funcionais; e tamén **a súa incardinación coa Xunta e o Parlamento Galegos a través do incremento da colaboración do Fiscal Xefe no Tribunal Superior de Xustiza de Galiza.**
- Promover accións inequívocas para a progresiva e real normalización lingüística no ámbito do Dereito en xeral (notarios, rexistradores) e, de xeito particular, na Administración de Xustiza e os seus integrantes.
- **Revisar as reformas penais abordadas polo PP**, especialmente nos seus aspectos máis regresivos que acentúan unha xa excesiva penalidade: **a eliminación da cadea perpetua encuberta** coa fixación do límite máximo de cumprimento das penas nos 20 anos; **acentuar a finalidade resocializadora das penas**; a supresión do chamado "arrepentimento activo" para o acceso á liberdade condicional; a modificación da prisión preventiva para preservar o seu carácter excepcional e cautelares, sen se converter nunha pena anticipada; **a aplicación de penas proporcionais aos delitos**, evitando a excesiva penalidade dos delitos menores e reforzando o castigo nos casos dos delitos económicos e fraudes a grande escala; un novo réxime sobre a adopción de medidas de seguranza a fin de evitar a súa imposición

discrecional e xeneralizada a determinados colectivos (minorías, inmigrantes, etc...).

- A execución dunha **nova política penitenciaria que impulse o tratamento penitenciario para incidir na reeducación e reinserción social das persoas que cumpren condenas**, coa aplicación das seguintes medidas: a posta en funcionamento de programas terapéuticos especializados dirixidos a persoas presas con problemas específicos (autores de agresión sexuais, de violencia de xénero, ou de delitos que implican un comportamento agresivo); afortalamiento dos programas para a desintoxicación e perda do hábito do consumo de drogas; a creación de postos de traballo nos centros penitenciarios; a facilitación das ofertas de traballo para as persoas internas nos cárceres; a mellora da asistencia sanitaria nos cárceres, de xeito especial a especializada; a construción de centros de inserción social, para as persoas en réxime de semiliberdade, que sirvan para o seguimento de medidas alternativas á prisión; a eliminación dos Ficheiros de Internos en Especial Seguimento (FIES).

II.7.4. Forzas Armadas:

A aplicación do réxime de dereitos fundamentais e liberdades públicas dun xeito integral sempre estivo condicionado, e nalguns aspectos vedado, para o persoal das Forzas Armadas, sen máis xustificación que manter a tradición procedente de réximes absolutistas e ditatoriais. Ademais, a aparición das Comunidades Autónomas como entes integrantes do Estado non levou aparellada unha adecuación da estrutura das Forzas Armadas á nova estruturación territorial, nin o establecemento de ningún mecanismo de relación entre as autoridades autonómicas e o exército, o cal demostra o papel de gardián do poder central do Estado que foi encomendado ás Forzas Armadas.

Logo das reformas que deron pé a supresión do exército obrigatorio, convén seguirmos avanzando na adecuación das Forzas Armadas ao marco democrático e descentralizado vixente:

Dotar dun novo réxime ao persoal das Forzas Armadas, que incorpore o recoñecemento dos dereitos e liberdades fundamentais, especialmente aqueles vinculados aos dereitos humanos básicos (liberdade de expresión, asociación, reunión pacífica, participación en asuntos públicos, de petición, etc...) e do dereito a defender colectivamente os seus intereses.

- Modificar a Lei de persoal das Forzas Armadas, a fin de **potenciar a permanencia no Exército dos militares de complemento e dos de tropa e mariña**, ampliando os mecanismos de promoción interna, ou, no seu defecto, poder reinsertarse na vida civil en condicións óptimas. Revisaranse, así mesmo, os cesamentos dos militares de complemento cunha longa relación de servizos no exército para permitir a súa continuidade.
- Mudar a relación entre as Forzas Armadas e as Comunidades Autónomas, de xeito que se **fixe a dependencia xerárquica dos cargos militares das autoridades autonómicas no ámbito civil**.
- Reformar a normativa sobre protocolo, para que as autoridades da Comunidade Autónoma se sitúen por riba dos mandos das Forzas Armadas en toda a clase de eventos oficiais.
- Acometer a modificación na normativa sobre símbolos do Exército, para permitir a presenza da simboloxía de Galiza nas dependencias militares.

III. O BNG COMO GARANTÍA PARA O AVANZO DO AUTOGOBERNO

III.1. A INTERPRETACIÓN DO MARCO CONSTITUCIONAL E AS CONSECUENCIAS DA SÚA EVOLUCIÓN

A pluralidade nacional existente no Estado español motivou o recoñecemento das “nacionalidades históricas” na Constitución de 1978 e o deseño dunha estrutura político-institucional do Estado que distribuíra o poder de decisión, por medio da articulación dun esquema de reparto competencial entre o Estado e os novos entes territoriais.

A pesar da presenza dalgún elemento “federalizante” na formulación da estrutura político-institucional dimanante da Constitución, a referencia expresa do fundamento constitucional á “*indisolúbel* unidade da nación española”, cunha connotación claramente coactiva e delimitadora da diversidade nacional do Estado español, e a ambigüidade do texto constitucional, certamente ecléctico no que atinxe á distribución competencial, significaron **a materialización dun modelo de Estado marcadamente centralista, caracterizado por unha descentralización máis administrativa que política, que non satisfaceu as aspiracións das nacións do Estado español.**

A evolución ao longo de 25 anos do marco xurídico-político do Estado español, logo da súa paulatina concreción, representou unha merma na capacidade de decisión das nacións históricas, ao restrinxir o marco competencial que podería terse desenvolvido potencialmente. A interpretación e posterior aplicación dun modelo de Estado centralista por parte das forzas políticas estatais, dándolle un impulso definitivo nos distintos períodos de maiorías absolutas nas Cortes Xerais, deron lugar, en primeiro termo, a unha política de “café para todos”, equiparando as rexións ás nacións históricas, en contra do recoñecemento diferenciado que emana da Constitución; e, en segunda instancia, a que o pluralismo nacional existente no Estado español se diluíse definitivamente nun modelo territorial rexional, que impediu un avance real do autogoberno de Galiza.

O recente período de maioría absoluta do Partido Popular (2000-2004) afondou aínda máis no deseño centralista, na plasmación dunha concepción autonomista que conleva a simple transferencia de facultades administrativas, e non políticas, ás Comunidades Autónomas, para alén de pretender impor a idea de que se trata dun modelo pechado, cuxa evolución, no que respecta ao proceso de descentralización, está rematada, e de que non admite mudanzas que afecten á estrutura política “uninacional” do Estado.

Desde o nacionalismo galego o cerne da cuestión non é a preocupación pola pervivencia desa “unidade nacional” do Estado e o mantemento da súa indivisibilidade, que –por certo– ás veces é esgrimida máis como ameaza e parte do discurso do medo. A focaxe debe ser ben distinta. **Desde Galiza o que nos preocupa é como o noso país pode promover e ver recoñecida a súa identidade nacional no Estado español e mais cara a que configuración político-institucional do Estado precisamos avanzar para que iso aconteza de xeito normalizado e se asuma a súa pluralidade nacional.** Así de pacífico, e sen ningunha intención de pretendernos dramatizar nin facermos traxedias anticipadas arredor dun debate político que temos vontade de encarrear por canles democráticas.

Galiza sofreu unha clara limitación no seu autogoberno, restrinxíndose cada vez máis o nivel de decisión política das nosas institucións, ao seren aplicadas desde o Goberno central políticas claramente invasivas do xa minguado ámbito competencial autonómico, aproveitándose da indeterminación do reparto constitucional. Cómpre variarmos esa tendencia, co obxectivo de incrementar a capacidade de incidirmos de xeito determinante na base produtiva e nos sectores estratéxicos para desenvolver unha promoción económica e do emprego axeitadas ás nosas necesidades; exercermos a dirección, xestión e organización dos servizos públicos que forman parte da estrutura do estado do Benestar; podermos organizar, promocionar e estruturar sen interferencias os sinais identificativos da expresión da nosa diversidade como nación, como son a lingua, cultura ou patrimonio; podermos deseñar e impulsar a execución da nosa ordenación territorial para dar resposta a un crecemento harmónico, equilibrado e sostíbel; articularmos a estrutura administrativa, institucional e da xustiza en Galiza de forma xenuína; e dotármonos dun modelo de financiamento que garanta a suficiencia e a autonomía financeira.

III.2. O AVANZO NO AUTOGOBERNO NO MARCO VIXENTE

O período de maioría absoluta do Goberno do Partido Popular (2000-2004) caracterizouse por unha

actuación sistemática encamiñada a recortar as competencias autonómicas, desde unha dupla perspectiva:

- **A extensa promulgación de leis estatais que recortan as competencias autonómicas**, como, por exemplo: Lei Orgánica de Universidades, Leis de estabilidade orzamentaria, Lei de pesca marítima, Lei de formación profesional; xunto coa tramitación doutras no mesmo sentido: Lei de calidade do ensino, lei de concesión de obras públicas, etc.
- **A nula vontade de avanzar no traspaso de servizos e funcións a Galiza relativas a competencias contempladas no EAG**. Ese proceso de concreción das transferencias a realizar estivo paralizado, producíndose escasísimas reclamacións por parte das institucións executivas galegas para o reiniciar. É moi ilustrativo sinalar que desde o ano 1999 –quer dicir desde que o PP atinxiu a maioría absoluta– até novembro de 2002 non se produciu ningunha transferencia a Galiza.

O deficiente grao de cumprimento do Estatuto fai que avoquemos por impulsar o seu desenvolvemento por medio unha interpretación máis extensiva do mesmo, reclamando, en primeira instancia, as competencias recoñecidas no Estatuto e que aínda non foron transferidas polo Estado.

Por outra banda, o procedemento de atribución competencial previsto no artigo 150.2 CE permite transferir ou delegar libremente facultades competenciais estatais por Lei Orgánica, polo que constitúe a vía idónea para a asunción por Galiza de competencias inicialmente atribuídas en exclusiva ao Estado polo artigo 149.1 CE. Xa que logo, o BNG, no camiño de atinxir maiores cotas de decisión polos poderes públicos galegos, proporá adentrarse no catálogo de competencias reservadas ao Estado, por medio da transferencia ou delegación a Galiza das competencias que contribúan a situar nas institucións galegas maiores facultades de decisión sobre asuntos chave para o noso país:

- Transferencia das competencias legislativas de **fixación de circunscricións electorais nas eleccións locais**, e das executivas de organización de todos os procesos electorais celebrados na Galiza.
- Aprobación e autorización por parte das institucións galegas das **instalacións de redes básicas de gas e oleodutos que transcorran por Galiza**; e asunción das funcións administrativas de autorización, **supervisión e control que desempeña o Estado de refinarías e almacéns de hidrocarburos radicados na Galiza**.
- Autorización polos órganos competentes de Galiza das **liñas de transporte de enerxía eléctrica que transcorran no noso territorio**, así como aprobación de todos os proxectos de **centrais eléctricas que se sitúen na Galiza**.
- Transferencia dos **portos e aeroportos de interese xeral**.
- Delegación nas institucións galegas das funcións de **inspección das embarcacións marítimas e seguranza marítima na Galiza**.
- Transferencia das funcións que desempeña o Estado relativas á **execución de obras hidráulicas de interese xeral**.
- Delegación da execución da **regulación sobre seguranza privada**, realizándose desde Galiza as funcións administrativas de autorización, inspección, sanción e formación das empresas de seguranza privada.
- Transferencia de todas as competencias relacionadas co **tráfico e a seguranza vial**. Alén das funcións de vixilancia e prevención que asumirá a Policía Galega, tamén debe completarse asunción integral da materia co traspaso de todos os servizos estatais relativos á documentación e matriculación de vehículos, sinalización e seguranza vial, realización de exames, autorización e expedición de licenzas, recursos e sancións administrativas, taxas administrativas, etc.

III.2.1. A reforma estatutaria

Transcorridos máis de 20 anos da vixencia do EAG cómpre facer unha reflexión política máis ampla sobre a súa utilidade e validez como instrumento para contribuír á vertebración do país.

O BNG impulsará unha reforma que supere as ambigüidades da actual distribución de competencias que se colixe da Constitución e o Estatuto, evitando que siga a ser interpretado sempre en sentido centralista e guiado polos seguintes obxectivos:

- **Necesidade de superación do modelo de descentralización homoxéneo** que se foi instaurando no Estado español, a fin de dar paso a unha nova estruturación do Estado onde sexa visíbel a diferenza entre nacións e rexións.
- **Anovación do réxime de competencias de Galiza**, xa que non se realizou ningunha revisión crítica do mesmo fronte ao xa acontecido con outras normas estatutarias das CCAA.
- **Integración no EAG**, como norma que define a distribución do poder político na Galiza, **de competencias importantes para o desenvolvemento do país esquecidas no proceso estatuinte**, e que foron transferidas ou delegadas con posterioridade polo Estado por normas de carácter unilateral.
- **Avanzar na dotación a Galiza dun novo estatus dentro do Estado español, que adecuará a súa estruturación ao carácter plurinacional, pluricultural e plurilingüe** do mesmo. Isto implicará que se recolla necesariamente o compartimento da soberanía, para que Galiza, ademais de ostentar capacidade de decisión administrativa, poida gozar de poder político nas áreas que se refiren ao desenvolvemento económico, benestar social, ordenación do territorio, lingua, cultura, patrimonio e institucións propias.

Os ámbitos sobre os que se asentará a reforma estatutaria defendida polo BNG serán, a título indicativo, os que se expoñen a seguir:

No ámbito do desenvolvemento económico:

- **Funcións** desenvolvidas por organismos, entidades ou sociedades públicas **vinculadas ao sector público na área industrial.**
- **Asunción exclusiva das funcións relacionadas coa agricultura:** as actividades relativas á intervención ou regulación de mercados agrícolas derivadas da política agrícola común e a xestión íntegra dos Fondos estruturais adicados á agricultura, ganderaría e ao sector forestal.
- **Exercicio das facultades relativas á pesca na zona económica exclusiva do Estado español que se estende fronte ao litoral galego**, a representación de Galiza na Política pesqueira común, e a súa aplicación posterior, incluíndo a xestión dos Fondos europeos en materia pesqueira.
- Ampliación das **competencias en materia de enerxía** e outros servizos esenciais sometidos a tutela administrativa, trasladando ás institucións galegas as facultades que o Estado ostenta na **regulación de tarifas eléctricas e de telecomunicacións.**
- Asunción por órganos das institucións galegas das **funcións de execución sobre crédito e banca** que exercen na actualidade o Ministerio de Economía e o Banco de España relativas a autorizacións e controis sobre o sector.
- Desenvolvemento e execución en **materia de seguros**, que incluírá o traslado das actividades de autorización, control e supervisión que exercen tanto o Ministerio de Economía como o Banco de España.
- Facultar os órganos institucionais e administrativos de Galiza para exercer **as competencias** atribuídas ao Estado pola normativa reguladora dos **planos e fondos de pensións.**
- A defensa da competencia en toda a súa extensión e o deseño e desenvolvemento de **todas as funcións administrativas relacionadas co comercio interior de Galiza**, especialmente a capacidade para determinar en exclusiva a regulación da actividade comercial.
- **As competencias exclusivas en materia de turismo.**

No ámbito do benestar social:

- En termos xerais, procurárase que todos os servizos públicos e de protección social sexa de titularidade exclusiva e exercidos con total soberanía desde Galiza: **sanidade, seguridade social, desemprego, asistencia social e servizos sociais.**
- **Xestión das prestacións do sistema de Seguridade Social**, e tutela das entidades e mutuas colaboradoras que participan na cobertura de continxencias do sistema de protección social, ao abeiro das competencias exclusivas en asistencia social. Para iso procederase á transferencia a Galiza dos entes xestores das prestacións económicas da Seguridade Social e do réxime económico do mesmo: Instituto Nacional de Seguridade Social, Instituto Social da Mariña e Tesouraría Xeral da Seguridade Social.
- Asunción das **competencias en materia laboral**, incluíndo a **capacidade para ditar normas sobre as relacións de traballo**, e todas as funcións que exercen o Instituto Nacional de Emprego, a Inspección de Traballo, o Fondo de Garantía Salarial (co oportuno traspaso deses organismos), así como a **transferencia de toda a formación ocupacional**, xestionando integramente desde Galiza os recursos destinados á promoción do emprego procedentes do Fondo Social Europeo.
- Deseño, desenvolvemento e execución na Galiza **das políticas de investigación científica e técnica**, asumindo as institucións galegas todos os servizos e funcións que desenvolve o Estado nesta materia, o que conleva o traspaso a Galiza de entidades e organismos que desenvolven actividades de investigación científica na Galiza (Instituto Oceanográfico, Instituto de Investigación e Tecnoloxía Agraria) e a descentralización do Consello Superior de Investigacións Científicas.
- **Asumir as máis amplas facultades de ordenación e xestión da educación**, coa planificación dos estudos en todos os niveis do ensino, as titulacións académicas e profesionais, a avaliación da calidade das universidades galegas, a tutela e xestión do sistema de formación profesional, e a regulación en exclusiva das bolsas e axudas ao estudo.

No ámbito da ordenación do territorio e as infraestruturas:

- **Xestión integral** por parte das institucións galegas **da rede de estradas do país**, transferindo a titularidade da Rede de Estradas do Estado e máis as autoestradas estatais en réxime de concesión.
- A xestión das **infraestruturas relacionadas cos servizos de transporte**: portos, aeroportos, terminais de mercadorías.
- Traspaso dos **servizos ferroviarios** que transcorran integramente por Galiza.
- **A regulación, ordenación e xestión dos bens de dominio público**: marítimo-terrestre (protección, reordenación e rexeneración do litoral galego), augas (cuncas hidrográficas galegas e a intercomunitaria dos ríos Miño-Sil e Limia), minas e montes.
- **Atribución exclusiva da política de vivenda**, tanto a nivel normativo como executivo, eliminando as bases estatais e territorializando os fondos que destina o Estado nesta materia.
- Ampliación das funcións en materia de avaliación de impacto ambiental para **estender a competencia dos órganos ambientais galegos á avaliación ambiental das obras realizadas en Galiza polo Estado.**
- Transferencia das competencias do Estado en materia de **servizos de telecomunicacións e expedición de licenzas relativas á televisión e radiodifusión sonora dixital ou por cabo** cuxo destino de emisión sexa Galiza.
- A atribución a Galiza das competencias en **salvamento marítimo e do tráfico marítimo**, coa facultade de ordenación dos medios adscritos aos servizo público de salvamento no mar e ao control do tráfico perante as costas galegas.

No ámbito da lingua, cultura e patrimonio:

- **Representación nos organismos internacionais e foros de lingua e cultura.**
- **Estabelecemento dun novo marco de cooperación co Estado para a promoción e fomento da lingua e cultura galegas no exterior.** A estes efectos, fixáranse os mecanismos de colaboración das institucións galegas coas estatais para que nas representacións do Estado en organismos e foros internacionais de intercambio e decisión nos ámbitos lingüístico e cultural, como a UNESCO, haxa unha com-

posición acorde co carácter pluricultural e plurilingüe do Estado.

- **Consideración da lingua galega como oficial a todos os efectos**, plasmando o deber de a coñecer para equiparar o seu estatus xurídico, promocionando tamén iniciativas de impulso práctico do seu uso no ensino e medios de comunicación públicos e privados.
- **A transferencia dos arquivos históricos** dependentes do Estado radicados na Galiza e **o traspaso dos fondos documentais galegos** que permanencen fóra do país.
- A extensión das competencias sobre **as políticas de fomento do cinema e o audiovisual**.
- **Regulación e supervisión das federacións deportivas desde Galiza**, sen prexuízo da coordinación a nivel estatal das competicións deportivas nese ámbito, e exercicio por parte das institucións galegas das **funcións atribuídas ao Consello Superior de Deportes**.
- Facultade para recoñecer federacións e comités deportivos galegos e mais a súa presenza a nivel internacional, a fin da definitiva formalización da **presenza de seleccións galegas nos eventos e competicións deportivas oficiais internacionais**.

No ámbito institucional:

- As funcións e servizos que desempeña a Axencia Tributaria serán transferidas a Galiza, a fin de **crear unha Axencia Tributaria Galega** que xestione, inspeccione e recade todos os tributos no país, establecendo convenios co Estado para fixar as contías que lle corresponden a este polas funcións e servizos que desempeña na Galiza.
- **A configuración do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza como cimeira da organización xudicial galega, e a instauración dunha Fiscalía Xeral de Galiza**.
- **A xestión das institucións penitenciarias**, e a execución da lexislación penal do Estado.
- A regulación dun réxime local xenuíno de Galiza, asumindo todas as competencias sobre o **réxime xurídico dos concellos e das Deputacións**.
- Atribución a Galiza dos **medios e servizos incardinados na función catastral** e das facultades de elaboración e revisión dos mesmos.
- Dirección e execución por parte das institucións galegas das **estadísticas con fins estatais que se realizaren na Galiza**.
- Transferencia das funcións relativas a **oficinas notariais e rexistráis**.
- Posibilidade de **interlocución directa no exterior** por institucións galegas, especialmente nas relacións con Portugal, e de **formalización de instrumentos xurídicos internacionais** e a súa validación polo Parlamento galego.
- Competencias na **vixilancia de fronteiras a efectos comerciais e de alfándega**.
- **Infraestruturas públicas que o Estado teña na Galiza**, así como dos bens públicos e servizos afectos aos mesmos.
- **Seguranza interior, seguranza vial e tráfico**, contemplando a **creación da Policía Galega** que asuma as funcións que exercen os corpos e forzas de seguridade na Galiza.

III.2.2. O avance na soberanía financeira

O incremento do noso autogoberno debe ir necesariamente parello ao **avance da consecución da responsabilidade fiscal plena de Galiza, xestionando e dispendo da máxima capacidade normativa sobre todos os tributos**, previamente territorializados no contexto dun sistema fiscal homoxéneo de ámbito estatal, sen prexuízo da existencia dunha política redistributiva a nivel de Estado para ter en conta a situación real e de partida da nosa nación e as posibilidades de desenvolvemento autónomo e de exercicio da propia soberanía fiscal.

O BNG impulsará as iniciativas precisas para que o conxunto do financiamento público e das políticas redistributivas do Estado e da Unión Europea sexan executadas desde Galiza, coas máximas potestades como único camiño de avanzarmos na converxencia real e na capacidade de decisión política de Galiza.

Financiamento Autonómico

O proceso de descentralización administrativa do Estado español, que se concretou no denominado “Estado das Autonomías”, deu lugar a un modelo dual de financiamento das Comunidades Autónomas, integrado por un sistema de Concerto ou Convenio, aplicábel nos casos do País Basco e Navarra respectivamente, e o denominado sistema de financiamento de réxime común, aplicábel ao resto das Comunidades autónomas, e desde o ano 2002 tamén ás cidades autónomas de Ceuta e Melilla.

Mentres o sistema de concerto se caracterizou desde o seu comezo por unha territorialización ampla do sistema fiscal, tanto do punto de vista dos ingresos como dos gastos, a escasa vocación autonomista do proceso descentralizador emanado do artigo segundo da Constitución Española e o seu posterior desenvolvemento e aplicación nas Comunidades Autónomas de réxime común facilitou só o deseño e ampliación do marco competencial polo lado do gasto, mais non no relativo aos ingresos, consolidándose así un escenario de dependencia financeira en que está ausente a imprescindible responsabilidade fiscal das Administracións descentralizadas. Esta concepción constitúe unha fonte de disfuncionalidade que impide resolver o problema dunha sociedade diferencial e asimétrica como é a do actual Estado español.

Esta particular situación de dependencia é utilizada polas forzas políticas españolistas para **propagar unha imaxe interesada dun Estado protector e solidario e dunha Galiza eternamente subvencionada, que pretenden manter indefinidamente.**

Foi a partir do vencemento do modelo de financiamento vixente até 1996, e como consecuencia da necesidade do Partido Popular de recabar apoios parlamentarios dos partidos nacionalistas, cuando se iniciou un tímido proceso de descentralización dos ingresos, caracterizado pola cesión ás Comunidades Autónomas de figuras tributarias de escaso poder recadatorio e dunha pequena fracción da recadación territorializada do IRPF, acompañada dunha limitadísima capacidade normativa que, na práctica, impedía o exercicio da política fiscal por parte dos executivos autonómicos e que se daría en chamar corresponsabilidade fiscal.

O modelo de financiamento vixente nas Comunidades de réxime común data da última reforma da LOFCA, de decembro de 2001, e responde ao desenvolvemento do modelo de corresponsabilidade fiscal limitada que vimos de describir. Co novo modelo amplíase a cesión parcial dos rendementos dunha cesta de tributos ás comunidades autónomas, mantendo o Goberno Central, na maioría dos casos, a potestade normativa para a regulación e a modificación dos tributos parcialmente cedidos. A capacidade normativa que o sistema outorga ás comunidades autónomas é moi limitada, impedindo a adaptación do sistema fiscal á realidade social e material e ás características da base produtiva de Galiza.

Este modelo, ao pretender homoxeneizar realidades moi diferentes, mediante a cesión dos mesmos impostos a todas as CCAA afectadas, con idénticas porcentaxes, **dá lugar a distintos niveis de autonomía financeira entre Comunidades co mesmo rango competencial, degradando Galiza a un segundo nivel de autonomía entre as nacionalidades históricas,** quedando inclusive por debaixo de

▶ Comunidades que non dispoñen desa cualificación constitucional.

No caso de Galiza, a ampliación da cesta de tributos cedidos non supuxo avances significativos de autonomía financeira. **Co novo sistema de financiamento autonómico, as institucións políticas galegas só poderán exercer certas capacidades normativas sobre o 21 por 100 dos recursos que administran, superando levemente o 20,5 por 100 existente no sistema anterior.**

No tocante á capacidade de autofinanciación da Facenda galega, o resultado é abertamente discriminatorio: fronte a unha capacidade cifrada no 40 por 100 dos recursos utilizados, outras Comunidades sen definición nacional como Madrid acadan porcentaxes próximos ao 100 por 100.

Trátase dun sistema de financiación que non proporciona recursos suficientes para que as institucións galegas garantan, coa súa acción política, niveis de benestar social converxentes cos existentes a nivel estatal. A variación de ingresos que experimentou Galiza co sistema vixente é 4.5 veces inferior ao incremento medio experimentado polo resto das comunidades autónomas, dando lugar a un volume de recursos claramente insuficiente para cubrir o custo de prestación dos servizos públicos na Galiza.

As variábeis e ponderacións utilizadas no reparto da cifra total de partida son desfavorábeis para Galiza: pouca importancia da dispersión poboacional –até o punto de que non foi considerado este criterio da dispersión poboacional no reparto dos recursos destinados á sanidade pública– e insuficiente ponderación da poboación maior de 65 anos.

No relativo ao equilibrio territorial, o sistema estableceu un fondo de renda relativa para aquelas comunidades con índices de renda máis baixo, mais cunha cantidade ridícula, 25.000 millóns, un 0,29 por cento da cifra de partida dos recursos dispoñíbeis, que imposibilitan a consecución de avances significativos na converxencia entre territorios.

Ademais, non se aumentou a dotación mínima do Fondo de Compensación Interterritorial (FCI) e restóuselle capacidade equilibradora mediante a súa participación en dous Fondos, destinando un deles a financiar gasto corrente, que non posúe os mesmos efectos multiplicadores que o investimento, e polo tanto, deteriorouse a súa escasa capacidade de reequilibrio territorial e de contribución á redistribución da renda.

O modelo vixente non incorpora ningunha fórmula efectiva de participación de Galiza na Axencia Tributaria e non prevé mecanismos que impidan situacións de deslealdade institucional por parte do Goberno Central, que mermen os recursos das Administracións autonómicas, como as experimentadas mediante as modificacións unilaterais do IRPF impostas polo Goberno Central, en detrimento dos ingresos das CCAA.

A inexistencia dun prazo concreto que acoute o horizonte temporal de vixencia do novo modelo de financiamento pretende conxelar definitivamente as características definidoras do mesmo. Esta circunstancia –que non se tiña producido nos sistemas aprobados anteriormente– certifica a existencia duna política de freo e involución no desenvolvemento da articulación territorial do Estado.

Mentres o modelo de Concerto (ou Convenio, segundo os casos) semella cubrir ben as necesidades de

financiamento das CC.AA. de Réxime Foral, o modelo de corresponsabilidade fiscal amósase esgotado e incapaz de proporcionar os niveis de autonomía e suficiencia financeira imprescindíbeis para Galiza.

O BNG defende a substitución do actual sistema de financiamento autonómico de réxime común por un sistema novo baseado na responsabilidade fiscal plena da comunidades autónomas, que supere as eivas do sistema actual e que elimine a confusión que resulta de incluír no mesmo sistema nacións coma Galiza e comunidades autónomas que demandan horizontes competenciais cualitativamente diferentes.

O novo sistema de financiamento autonómico proposto polo BNG deberá reunir as seguintes características:

- 1. Un carácter asimétrico**, que diferencie as necesidades de financiamento propias dunha nación e as doutras comunidades sen definición nacional.
- 2. Unha territorialización completa dos tributos que compoñen o sistema fiscal**, con capacidade normativa plena para os adaptar ás necesidades de Galiza e para dotar o país dun elemento esencial de autogoberno, a política fiscal.
- 3. A reforma do financiamento da sanidade**, coa configuración dun sistema específico, que incorpore entre os elementos esenciais de reparto os **criterios de dispersión e avellentamento poboacional** e o dote da necesaria suficiencia para **garantir a calidade e a cobertura universal das prestacións sanitarias**.
- 4. Un carácter progresivo no reparto da carga fiscal.**
- 5. Un sistema propio de financiamento da Administración Local**, que corrixa a discriminación existente entre grandes cidades e concellos pequenos e os desequilibrios actuais na participación dos concellos nos Ingresos do Estado e que **pondere adecuadamente criterios de dispersión xeográfica, número de núcleos de poboación e extensión do territorio**.
- 6. Un mecanismo de redistribución interterritorial vinculado á renda relativa**, que supere a incapacidade do actual FCI, **que sirva de verdadeiro elemento de redución das actuais diferenzas nos niveis de infraestruturas e de servizos** e que contribúa a unha verdadeira converxencia nos niveis de renda entre os territorios do Estado.

Financiamento Local

O sistema de financiamento local caracterízase por unha insuficiencia crónica dos recursos con que contan os concellos para faceren fronte ás demandas de cidadáns e cidadás e ás crecentes necesidades de gasto. Esta é unha opinión común entre os responsábeis políticos municipais e entre os estudiosos da Facenda Local. O sistema fiscal local é un sistema pouco equitativo, ríxido, insuficiente e, en boa medida, regresivo.

A recente reforma da Lei de Facendas Locais, xunto coa entrada en vigor das leis de estabilidade orzamentaria, lonxe de corrixiren esta insuficiencia crónica viñeron agravar a situación de partida.

O modelo deseñado polo Goberno do PP establece unha diferenciación entre concellos de máis de 75.000 habitantes e mais capitais de provincia ou Comunidade Autónoma e o resto dos municipios. **O 98% dos concellos galegos fica á marxe da cesión de tributos que constitúe a principal novidade do novo sistema de financiamento local**, sen que o Goberno teña dado até o momento ningún argumento que xustifique por que non todos os concellos poden ser destinatarios desa cesión impositiva e sen que existan razóns obxectivas, nin de necesidades de financiamento, nin de capacidade de xestión, nin de ningún outro tipo, que impidan que a cesión se faga para todos os concellos.

Os criterios de reparto que o novo sistema de financiamento local establece para a Participación nos Ingresos del Estado (PIE) non ten en conta a repercusión que sobre o custo da provisión de servizos exercen factores determinantes tales como a dispersión poboacional, a extensión territorial ou o avellentamento da poboación, ignorando as propostas formuladas no seu día pola Federación Galega de

Municipios e Provincias (FEMP) e mais polo propio Pleno do Parlamento de Galiza, na súa sesión do 3 de decembro de 2002, a instancia do BNG e co voto unánime de todos os grupos parlamentares.

O novo sistema de financiamento local deseña un escenario con cidadáns e cidadás de primeira, os residentes nunhas poucas grandes cidades, que seguramente gozarán de máis e mellores servizos, porque os seus concellos obterán maiores ingresos, e cidadáns e cidadás de segunda, residentes nos concellos que sairán perdendo coa cesión de tributos, e en todos os demais concellos, que non participan na cesión, que obterán menos ingresos e, en consecuencia, que terán que gravar aos seus residentes con maiores impostos para faceren fronte aos mesmos servizos que viñan ofrecendo, como xa está a suceder coa elevación xeneralizada do IBI e das taxas municipais desde a entrada en vigor deste sistema.

Baixo o eslogan da supresión do IAE, provócase una situación de insuficiencia financeira á maioría dos concellos, de tal magnitude que os obriga a incrementar outros impostos locais, principalmente o Imposto sobre Bens Inmóviles (IBI) e o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO), para facer fronte ás súas necesidades de gasto. A propaganda institucional de baixada de impostos mascara o que en realidade é un traslado da carga fiscal cara o conxunto da cidadanía.

Non compartimos unha reforma que configura un sistema de financiamento local estruturalmente insuficiente, que nega o papel das Comunidades Autónomas na organización da Administración Local no seu territorio, que non recolle o sentir das organizacións representativas das Administracións Locais galegas, que, no canto de corrixir as deficiencias do anterior sistema de financiamento, as agrava, que non responde ás necesidades de financiamento da maioría dos concellos galegos, e que incrementa a presión fiscal local sobre o conxunto dos/as cidadáns/ás.

É por iso que **o BNG considera necesaria e oportuna unha reforma integral do sistema de financiamento local, que debería pasar pola adecuación das bases á actividade económica local, por reforzar os principios de autonomía e suficiencia financeira das Corporacións Locais**, e, en definitiva, por procurar un financiamento máis independente para todos os concellos, nomeadamente para os máis pequenos.

No marco dun proceso de reforma da Administración local e de redistribución de servizos e funcións entre distintos niveis administrativos, no que os concellos están chamados a desempeñar un papel cada vez máis importante, é de importancia fulcral **a adaptación do sistema de financiamento local ás características e ás necesidades de cada territorio** e a resolución simultánea de ambos os dous procesos, de xeito que a asignación de recursos non condicione, de antemán, o mapa competencial resultante.

Neste sentido, O BNG defenderá unha reforma do sistema de financiamento local que se oriente nas seguintes direccións:

- 1. Modificar o actual sistema de Participación nos Ingresos do Estado (PIE)**, propiciando a **integración plena da transferencia da PIE nos orzamentos da Xunta de Galiza e adaptar así a participación ás características do territorio e da organización local galegas**. Na determinación do montante total da transferencia da PIE deben incorporarse, ademais da poboación, do esforzo fiscal e da capacidade tributaria, criterios que recollan o **maior custo dos servizos derivado da superficie territorial, da dispersión demográfica e do avellentamento poboacional**.
- 2. Permitir que sexan as leis de facendas locais de cada comunidade autónoma as que constitúan o marco de referencia do financiamento local no seu territorio**. Neste sentido, o BNG promoverá a aprobación dunha Lei Galega de Facendas Locais que operaría como referencia básica do financiamento municipal galego e que permitiría a creación dun Fondo de Financiamento Local, que aglutinase a transferencia da PIE e a Participación nos Ingresos da Xunta de Galiza. Este Fondo de Financiamento Local sería distribuído entre os Concellos galegos conforme a criterios propios, que serían definidos

na Lei Galega de Facendas Locais.

Fondos Estruturais e de Cohesión

O actual proceso de alargamento da Unión Europea cara ao Leste e ao Mediterráneo levanta serias dúbidas sobre a continuidade dos Fondos Estruturais e máis dos Fondos de Cohesión. A partir de maio de 2004 a Unión Europea pasará a estar integrada por 25 Estados, coa incorporación de Chipre, República Checa, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Malta, Polonia, República Eslovaca e Eslovenia.

A adhesión dos denominados PECO's (Países da Europa do Leste e Occidental) vai significar a incorporación dun grupo de Estados con niveis de renda inferiores ao 40% da media comunitaria, o que producirá, de xeito automático, un efecto estatístico consistente na redución drástica da renda media comunitaria. Sen que nada cambie na economía real, países como Galiza, con niveis de renda inferiores ao 75% da media comunitaria, superarán esa fronteira que os cualifica como territorios obxectivo nº 1 e que lles dá dereito á percepción de Fondos Estruturais, por un simple efecto estatístico no mesmo momento da adhesión.

A tendencia á restrición dos orzamentos comunitarios que debilita as políticas de cohesión económica e social na Unión Europea, o grande desfase de renda cos novos países membros, que suman preto de 100 novos millóns de habitantes en territorios que si cumprían os criterios de reparto dos Fondos estruturais, e a actitude do Goberno español están a pór en perigo a continuidade deses fondos a partir do ano 2006, con efectos devastadores para o proceso de converxencia real de Galiza coa Europa desenvolvida.

Fronte a esta situación e, mesmo, fronte á política do Goberno español do Partido Popular, máis preocupado pola conservación do Fondo de Cohesión destinado aos Estados como tales que pola permanencia dos Fondos Estruturais (FFEE), máis cuantiosos e destinados principalmente ás CCAA do Obxectivo nº1 como Galiza, **o BNG defende a permanencia dos FFEE para alén do ano 2006, de maneira que se estableza unha política de cohesión destinada por unha parte aos territorios menos desenvolvidos da actual Unión de 15 Estados e unha política suplementaria e específica para os novos Estados membros do Leste**, co conseguinte incremento do Orzamento destinado á política de desenvolvemento territorial e de cohesión social.

En calquera caso, **Galiza debe seguir percibindo o apoio dos Fondos Estruturais mentres a súa posición económica relativa non mude no conxunto da actual Europa dos 15**, con independencia e sen prexuízo das axudas que reciban os novos Estados membros.

A Unión enfróntase, por outra parte, a un grave problema de desemprego, que pode agrandarse coas entradas dos países do Leste e que, como indican inequivocamente as estatísticas, afecta singularmente aos territorios menos desenvolvidos.

O BNG reclama que a política de emprego debe contar con fondos comunitarios específicos propios que deben ser aplicados en coordinación cos Fondos Estruturais.

É igualmente importante:

- **A xestión por parte de Galiza da totalidade dos Fondos Estruturais que lle corresponden**, na súa maior parte distribuídos hoxe arbitrariamente por parte do Goberno Central.
- **A administración por parte de Galiza dos fondos que lle deben corresponder no Fondo de Cohesión.**
- **Aplicación en Galiza de fondos de competencia estatal.**
- **O seguimento e control da aplicación do Plano de Desenvolvemento Rexional e do Marco de Apoio Comunitario**, correspondentes ao período 2000-2006, no que atinxe a Galiza.

Política orzamentaria

O BNG realizará as actuacións precisas para que **o conxunto das políticas redistributivas da UE e do Estado** (conxunto dos Fondos comunitarios, Fondo de Compensación e Complementario; política de incentivos rexionais; investimentos reais públicos consolidados do Estado, así como de outros entes e sociedades empresariais que non consolidan; transferencias derivadas das políticas ministeriais ou de convenios de investimento) **se fundamenten nun criterio de distribución territorial que teña en conta as carencias e necesidades relativas existentes, a participación relativa poboacional galega, o maior custo relativo de dotación no noso país de todo o tipo de infraestruturas necesarias para o desenvolvemento económico e social, así como á menor renda por habitante a respecto das medias estatal e comunitaria, facilitando que Galiza sexa capaz de avanzar na converxencia real.**

Após a catástrofe ecolóxica, económica e social que supuxo o afundimento do buque “Prestige” para o noso país, exixírase, en base ao principio de transparencia plena, a presentación dun balanço dos custos incorridos debidamente desagregado por categoría de gasto: axudas directas e indirectas, fiscais, doazóns, créditos, axudas a Federacións de confrarías, bonificación de cotas, subvencións ás Coporacións locais para financiar proxectos de corrección do impacto ambiental, rexeneración de praias e recuperación de recursos naturais, traballo dos mariñeiros en actividades de limpeza no mar e na costa, incluídas as forzas armadas e as persoas voluntarias, operativo material e humano de vixilancia e recollida do fuel no mar (dispositivo aéreo, recoñecemento de superficie, disposición de embarcacións polas diferentes Administracións públicas), plano de recuperación dos fondos mariños (campañas oceanoográficas de buques, buceadores, traballos a máis de 50 metros de profundidade), plano específico das Illas Atlánticas, plano de seguridade alimentaria, plano de limpeza e rexeneración das costas nas súas diferentes fases, limpeza de zonas rochosas e realización de catas nas praias, fase posterior de rexeneración medioambiental para recuperar definitivamente os contornos afectados, solución definitiva ao barco afundido, accións legais, afección ao patrimonio natural, estimación do custo derivado do menor crecemento económico galego, custos sociais (EREs,..), e calquera outro non contemplado, indicando para cada categoría de gasto a orixe de financiación (Administración galega, estatal, comunitaria ou privada).

O BNG promoverá a modificación das Leis xeral e complementaria de estabilidade orzamentaria por invadir o ámbito de competencias da nosa Autonomía e limitar gravemente a capacidade política e financeira do goberno galego para afrontar os investimentos necesarios para o desenvolvemento económico e social e mais as posibilidades de atender suficientemente ás demandas crecentes de servizos públicos modernos e de calidade por parte dos galegos.

III.3. SUPERACIÓN DO MARCO ACTUAL. REFORMA CONSTITUCIONAL:

A Constitución de 1978 afirma fundamentarse na “unidade da nación española”, ao tempo que recoñece o dereito á autonomía das “nacionalidades históricas”, mais exclúe tanto as “nacionalidades” como a autonomía do fundamento constitucional. Xa que logo, **a vixente norma constitucional mantén unha concepción unitaria do Estado español, o cal constitúe unha negación explícita das nacións galega, basca e catalá como esteos fundamentais do Estado e da súa estrutura político-institucional.**

A diversidade nacional existente no Estado español non se ve reflectida no Estado autonómico instaurado pola Constitución, sendo, precisamente, **a principal deficiencia estrutural dese modelo autonómico que impide un recoñecemento da pluralidade nacional do Estado.** A descentralización que conlevou a evolución do Estado autonómico está lonxe de satisfacer plenamente as arelas de Galiza e de constituír o estadio final que supoña a realización plena do autogoberno, pois, aínda levado até os seus extremos, permitiría a asunción de maiores competencias para o noso país, mais non a posibilidade de nos dotarmos dunha estrutura política propia, a definición da súa articulación institucional e administrativa acorde coa identidade nacional, e a configuración do nivel de independencia ou dependencia a respecto doutras instancias.

A relectura da Constitución tamén se mostra insuficiente neste marco, pois non resolve máis aló do consentimento de certa diversidade lingüística e cultural, e as súas posibilidades dependerían sempre da conxuntura electoral, da existencia de maiorías absolutas ou relativas nas Cortes Xerais, xa que, de asistirmos ao primeiro suposto –tal e como xa comprobamos– os seus resultados son escasos.

No transcurso deste últimos 25 anos tamén houbo mudanzas significativas que afectan ás disposicións iniciais contidas na Constitución, existindo unha diverxencia clara entre a reserva ao Estado de determinadas competencias e o seu exercicio efectivo por parte doutras institucións. A cesión de competencias reservadas ao Estado ás institucións supraestatais europeas –algúns delas vinculadas directamente coa soberanía, como é o caso do traslado da capacidade en materia monetaria– supón unha novación do réxime de reparto competencial, que nalguns casos tamén afecta ás Comunidades Autónomas e que non tivo un traslado aínda ao texto constitucional. Por iso **non deixa de ser incomprendible que se manteña a idea de imutabilidade da Constitución, cando algúns aspectos recollidos na mesma sobre o exercicio de determinadas funcións reservadas aos poderes públicos xa non teñen unha correspondencia na realidade. A reforma constitucional mesmo vén motivada, entre outras razóns, pola perentoria necesidade de axeitar a estrutura do Estado á nova situación derivada da integración na Unión Europea**, da evolución desta cara a unha asunción de maiores funcións que historicamente exercían os Estados, así como da integración noutras organizacións internacionais que asumen cometidos relativos á defensa exterior. **Obstinarse nunha férrea defensa do contido íntegro do texto constitucional é anacrónico, pois supón manter invariábeis as súas previsións normativas sen ter en conta a nova realidade político-institucional en que se insire o Estado español e a súa adecuación ás mudanzas habidas que afectan aspectos esenciais do exercicio do poder por parte do Estado.**

A reforma constitucional debe ser abordada de xeito aberto, sen a imposición unilateral de limitacións ou condicionamentos, nin a formulación de apriorismos baseados na existencia dunha nación con vontade política que se superpón ao resto de entidades nacionais do Estado. **A igualdade de todas as nacións do Estado para seren os alicerces da súa estrutura política debe ser o punto de partida de calquera revisión constitucional, xa que é a translación do recoñecemento do carácter plurinacional do Estado español e favorece un novo reparto de poder baseado no real autogoberno de todas as nacións que o conforman.** En suma, a existencia de feitos nacionais no seo do Estado debe supor unha configuración asimétrica do poder público e traducirse no plano institucional.

Desde o BNG coidamos que ese recoñecemento permite superar concepcións unitarias que reducen as “nacionalidades históricas” a entidades que poden contar con institucións dotadas dun poder restrinxido e sempre controlado polo Estado, avanzando nos seguintes aspectos:

- **O recoñecemento do exercicio libre e soberano do poder que lles corresponde ás nacións galega, basca e catalá** para atinxiren os seus obxectivos de desenvolvemento económico sostíbel, benestar social e florecemento cultural nun modelo de articulación axeitado dos seus dereitos e intereses, con criterios democráticos de liberdade, paridade e reciprocidade.
- **Unha nova actitude face á diversidade cultural e lingüística**, que se reflecta na asunción da diversidade lingüística en todas as institucións.
- A estruturación competencial que faga politicamente efectivo **o recoñecemento da plurinacionalidade do Estado.**
- **A adaptación de todos os poderes do Estado á estrutura plurinacional do Estado.**
- **A adecuación dos modelos de financiamento público** ás necesidades que temos de gobernar en función da nosa realidade nacional.
- Unha reforma institucional en profundidade, que atenda ao **novo papel que deben cumprir o Senado e do Tribunal Constitucional nun Estado plurinacional.**

- **A presenza na Unión Europea e no ámbito internacional** acorde co recoñecemento xurídico-político das nacións que integran o Estado español.

A presenza do BNG nas Cortes Xerais do Estado vai contribuír a manter e reforzar as posicións do nacionalismo para a transformación do Estado español nun verdadeiro Estado plurinacional, pluricultural e plurilingüe, pasando por unha revisión da Constitución nos seguintes extremos:

- **O recoñecemento expreso do carácter plurinacional do Estado** e de que todas as nacións que o integran, entre elas Galiza, son o fundamento do mesmo e da Constitución.
- Recoller o dereito das nacións que conforman o Estado a **dotarse das súas propias institucións e a determinar libremente as formas do seu goberno.**
- **A estruturación territorial do Estado responderá a unha descentralización asimétrica:** por unha banda, **a articulación específica para as nacións que forman parte do mesmo dun autogoberno que implique o exercicio político do poder,** ademais dun avanzado estado de descentralización administrativa; e, por outra banda, o mantemento do actual estatus de autonomía para as rexións que non presentan a caracterización de entidade nacional.
- **O mantemento dun réxime común de dereitos fundamentais e liberdades públicas para todos os cidadáns** e todas as cidadás do Estado español, incorporando os denominados dereitos de terceira xeración, e profundizando nas garantías para que os dereitos económicos e sociais garantidos constitucionalmente sexan efectivamente recoñecidos.
- **A reforma das Cortes Xerais,** mantendo un sistema bicameral onde o **Senado se converta en auténtica cámara de representación territorial que reflecta a diversidade do Estado,** integrado por representantes electos de xeito simultáneo ás eleccións aos Parlamentos das entidades territoriais que conforman o Estado, coas seguintes características: recoñecemento do dereito de veto das nacións na lexislación que verse sobre materias incluídas no ámbito das súas competencias exclusivas ou aquelas gravemente lesivas para os intereses do país; configuración como unha cámara de primeira lectura nos proxectos de lei que afecten o réxime competencial; aprobación da posición do Estado perante os Tratados Internacionais cando afecten competencias das nacións; e posibilidade do uso das linguas cooficiais tanto de forma oral como escrita.
- **A eliminación das provincias como institución garantida** na Constitución, e da súa referencia como circunscrición electoral.
- A adecuación do poder xudicial ao esquema de descentralización política e administrativa, contemplando **un poder xudicial propio para cada unha das nacións do Estado.**
- **A participación paritaria das nacións na configuración do Tribunal Constitucional,** fixando constitucionalmente os mecanismos para garantir esa participación.
- Un novo **esquema de reparto competencial deseñado con clareza,** fuxindo da ambigüidade, cunha regulación asimétrica que permita diferenciar o nivel competencial e de autogoberno das nacións do Estado.
- **A adecuación das competencias do Estado ao novo marco da Unión Europea.**
- A regulación da **participación das nacións nas organizacións internacionais** sobre os asuntos da súa competencia.
- **Un marco de financiamento que permita ás nacións recadar e facer uso pleno dos seus propios recursos.**
- A concreción dos mecanismos para facer efectiva **a participación e colaboración das nacións na planificación socioeconómica do Estado.**

IV. A POLÍTICA DO BNG NO ACTUAL MARCO INTERNACIONAL

Ningunha das medidas que figuran neste programa é un reclamo electoralista. Están testemuñadas pola

acción institucional e social do BNG durante estes anos. Ningunha destas temáticas, unhas de especial incidencia e específicas de Galiza, e outras de carácter máis xeral, son alleas ás preocupacións e iniciativas do BNG. **O nacionalismo galego representa a mellor defensa dos intereses económicos, sociais e culturais de Galiza, así como dos seus dereitos políticos, no Estado. Esta defensa non só non é antagónica, senón que é parella á da defensa dos dereitos da maioría social que constitúen as clases traballadoras, e das liberdades que deben caracterizar un réxime democrático.** Para o BNG, nacionalismo e esquerda son a cara e a cruz da mesma moeda. Así o testemuñan as nosas posicións parlamentares e as nosas actuacións públicas.

Especial significado ten, no actual contexto globalizador, o avance do BNG. Este avance significa afortalar os seguintes principios e dereitos: a) o dereito dos pobos a se autogobernaren e a seren donos das súas riquezas; b) o dereito á igualdade de trato e relación entre as nacións; c) a paz, a convivencia e o diálogo como principios reitores da política internacional. Estes dereitos e principios orientan a nosa traxectoria como forza nacionalista. Os pobos existen e deben ser respectados en calquera construción de carácter supranacional, comezando polos Estados plurinacionais como o español. Só recoñecendo e institucionalizando este carácter se poderán construír unións maiores entre Estados que sexan democráticas, fundamentadas na diversidade e no respecto polos intereses de todos os pobos que as constitúan. De non ser así, haberá procesos globalizadores, mais non internacionalismo. Isto é, haberá libre circulación de mercadorías e capitais, con subordinación e xerarquía política, cultural e lingüística e desigualdade económica entre os pobos. Será imposible un desenvolvemento equilibrado e harmónico entre as distintas nacións e o desequilibrio e a desigualdade medrarán dentro de cada unha delas.

É por isto que o BNG é crítico co proceso de desenvolvemento da Unión Europea, fundamentada só nos Estados que a conforman e cun recoñecemento limitado dos dereitos dos seus cidadáns e das súas cidadás. Non é unha Europa dos pobos, fundamentada na súa libre autodeterminación, nos criterios de benestar social, diversidade cultural e lingüística, igualdade entre nacións e defensa e respecto dos dereitos e liberdades democráticas. Domina a súa configuración o carácter economicista, de mercado, coas xerarquías e desigualdades conseguíntes. O noso país, a Galiza, está especialmente condicionado no seu desenvolvemento pola integración do Estado español na UE. Necesitamos outro papel no Estado, o noso recoñecemento institucional coas competencias propias dunha nación, no marco dun Estado plurinacional, para podermos existir na UE e contribuír a unha construción europea realmente democrática. **O avance do BNG significa, pois, avanzar na democratización do Estado español, para que se adecúe á súa realidade plurinacional, e na configuración dunha UE representativa dos pobos que a constitúen, dos seus intereses e da súa diversidade,** non ao servizo dos Estados tal e como están conformados e da transnacionalización da economía coas súas pegadas negativas. Para Galiza non é posible unha UE aceptábel sen un Estado español en que ocupemos outro lugar, un Estado plurinacional, democrático, que nos recoñeza como pobo con intereses e dereitos específicos. Até tal extremo a posibilidade dunha construción europea democrática depende das transformacións internas dentro do Estado.

Está claro que, desde unha posición nacionalista como a do BNG, **é imposible avalar os deseños militaristas e agresivos contra outros países, como fai o Goberno español co seu seguidismo dos EEUU na política internacional.** A participación en guerras como a do Iraque, coa posterior ocupación do país, é contraria á legalidade internacional, aos dereitos elementares dos pobos, aos mínimos principios de convivencia e diálogo entre nacións. **Defendemos o dereito do pobo iraquiano a ser libre, a decidir o destino dos seus recursos, a defender o seu país dunha invasión estranxeira. Condenamos e rexeitamos a política prepotente, contraria a unha mínima legalidade internacional, unilateral e ditada por afáns de dominio mundial que practican os EEUU. Denunciamos que a guerra preventiva agocha novas formas de imperialismo e contribuír á inestabilidade no mundo, á proliferación de conflitos armados con grave perda de vidas humanas e a afastarnos cada vez máis dun escena-**

rio de paz mundial. O aliñamento tan servil do Goberno español con esta política é todo un síntoma do seu desprezo polos valores democráticos e polos dereitos dos pobos. É toda unha evidencia de que a saña antinacionalista que practica dentro está fundamentada na súa concepción prepotente, dominadora, favorábel á desigualdade entre nacións e a unha orde xerarquizada entre elas, ao imperialismo. Os organismos internacionais como a ONU teñen padecido o peor descrédito desde a súa fundación coa manipulación e intimidación levada a cabo polos EEUU, coa colaboración, entre outros, do Estado español. Semellante perda de respecto por unha legalidade internacional xa ben precaria está levando á Humanidade a unha perigosa situación. Urxe restaurar o funcionamento dunha sociedade de nacións que mereza tal nome. É fundamental que o Estado español deixe de colaborar entusiasta e servil co deseño agresivo e militarista dos EEUU, para instaurar unha orde internacional aínda máis desigual e inxusta.

O avance do nacionalismo, e en particular do BNG, é a mellor forma de contribuír a que o Estado español se aliñe coa paz, a convivencia, a legalidade internacional e o dereitos dos pobos a se autogobernaren. O BNG defendeu, sen ambigüidades, unha posición contraria á guerra e á ocupación do Iraque. Denunciou sempre as burdas mentiras con que se tentou xustificar esta agresión, concretamente a posesión de armas de destrución masiva por parte do réxime de Sadam. O BNG seguirá a facer todo o posíbel para que saian de Iraque as tropas españolas, para que teñan que se retirar todos os exércitos de ocupación, nomeadamente os dos EEUU. A través de eleccións libres, o pobo iraquiano debe recuperar o control do seu país, cun Goberno merecente de tal nome, e non cun Goberno títere ao servizo dos EEUU.

A posición do Goberno español, seguindo os ditados dos EEUU, representou un debilitamento da política máis equilibrada e de respecto pola legalidade internacional, contraria a unha intervención armada en Iraque, doutros Estados da UE, como Francia e Alemaña. Contribuíu así a que non houbera unha posición europea unánime, facendo de cabalo de Troia dentro da UE. A positiva virtualidade do contrapeso da UE aos deseños de dominio unilateral dos EEUU na política internacional está posta así en entredito. Como é máis inviábel unha política de defensa e seguranza europeas, á marxe da OTAN ou claramente independente dela.

O desprezo ás institucións representativas a raíz do conflito de Iraque por parte do goberno foi evidente e rebaxou ostensiblemente a calidade da nosa democracia, ao aceptar a participación na agresión militar sen mediar consulta nin autorización formal por parte das Cámaras Lexislativas. **O BNG impulsará a modificación da política sobre as funcións das Forzas Armadas, no sentido de as limitar á defensa do territorio de ataques exteriores, e evitar a participación e presenza do mesmo operacións militares de agresión a outros países.** Así mesmo, **exixirá o acordo expreso por maioría cualificada e reforzada das Cortes Xerais para o envío de tropas do Exército ao estranxeiro, sempre e cando existir, ademais, un apoio da Organización de Nacións Unidas baseado nos valores e principios que inspíran a Carta das Nacións Unidas.**

O nacionalismo galego, o BNG, é unha contribución esencial a que a política internacional no Estado español se oriente á paz, á convivencia entre nacións, desde a defensa da libre determinación dos pobos, o seu dereito a controlar as súas riquezas, nun marco de legalidade baseado na igualdade e na xustiza, non na actuación unilateral, prepotente e agresiva dunha grande potencia.

